



A COMPOSTELA DE **SCÓRPIO**. A COMPOSTELA DE RICARDO CARVALHO CALERO

Xosé Ramón López Boullón



Xosé Ramón López Boullón

A COMPOSTELA DE *SCÓRPIO*
A COMPOSTELA DE RICARDO CARVALHO CALERO

2020

Foto superior portada: Vista xeral de Santiago de Compostela. M. Chicharro, 1883. Facilitada por Pablo Costa Buján

Foto inferior portada: Instantánea. Google Earth. Zona norte da cidade.

1.ª edición: Santiago de Compostela, febreiro de 2021

© Xunta de Galicia
Consellería de Cultura e Turismo
Secretaría Xeral de Política Lingüística

© Xosé Ramón López Boullón

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Reservados todos os dereitos. Non se permite a reprodución total ou parcial desta obra. A infracción destes dereitos pode constituír un delito contra a propiedade intelectual.

AGRADECIMENTOS. Páxina 7

LIMIAR. Páxinas 9 e 10

Portada introdutoria e plano ilustrativo da cidade

Páxinas 11 e 12

ITINERARIO 1

As rúas que transitan os protagonistas camiño dunha asemblea na Ferradura

Páxinas 13 a 62 e 121 a 183

ITINERARIO 2

As rúas percorridas para iren decote á universidade

Páxinas 63 a 119

**ARREDADO DE COMPOSTELA. O tempo que pasou ata volver a Compostela e o tempo que tronzou a súa vida:
a voda, as oposicións, a guerra, o cárcere e a década de 1950**

Páxinas 185 a 199

ITINERARIO 3

As rúas polas que pasa Carvalho Calero para ir dar clase á universidade. En Santiago de 1965 a 1980

Páxinas 201 a 254

BIBLIOGRAFÍA

Páxina 255

AGRADECEMENTOS

A Aurora Marco, Henrique Rabuñal, Jose-Martinho Montero Santalha e a Jose Luis Rodríguez, persoas que coñeceron persoalmente a Ricardo Carvalho Calero, que nos achegaron numerosa e valiosa información sobre este destacado persoeiro da nosa cultura en diferentes traballos que son referencias imprescindibles para coñecermos mellor a vida e a obra dun home comprometido coa súa terra; dun “poeta”; dun escritor que cultivou todos os xéneros; dun querido e admirado profesor e dun filólogo excepcional, que nos deixou un legado fundamental na historia da nosa literatura e da nosa lingua. Cómpre agradecer e recoñecer a súa atención e xenerosidade.

A Bernardo Penabade, luz, desde os tempos nos que eramos estudantes de Filoloxía, e persoa vital para comezar calquera tentativa ou atrevemento para desenvolver calquera traballo sobre don Ricardo.

A Antón Santamarina, alumno da Facultade de Filosofía o ano no que se instaurou Filoloxía Románica e que me deu datos precisos sobre aqueles anos.

A Henrique Neira, guía permanente no camiño emprendido na procura do necesario para que *A Compostela de Scórpio*, *A Compostela de Carvalho Calero* sexa unha realidade.

A Moncho Rama, a Pablo Costa Buján, a *El Correo Gallego*, ao Parlamento de Galicia. Á Universidade de Porto Rico e, particularmente, a Aida Irizarry Martínez, directora e administradora de Documentos do Arquivo Universitario no recinto de Río Piedras. A Francisco J. Titos, responsable de Comunicación e Markéting do Padroado Provincial de Turismo de Granada e a todas cantas persoas e entidades me facilitaron incluír neste traballo unhas imaxes que son o testemuño gráfico da Compostela na que viviu o autor nas diferentes etapas da súa vida.

Ás plataformas que facilitan o acceso en Internet ao patrimonio bibliográfico de Galicia, como é o caso da Biblioteca Dixital de Galicia, impulsada pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia e xestionada pola Biblioteca de Galicia. Ao Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (AHUS), tanto pola facilidade de acceso aos fondos como pola atención persoal nas citas previas establecidas e pola rápida e eficaz resposta dada ás consultas feitas por correo electrónico.

Ao Consello da Cultura Galega e á Real Academia Galega que fan accesible, a toda a cidadanía, información precisa e valiosa da nosa cultura.

A todas as persoas que publicaron e editaron artigos na prensa, traballos de investigación sobre algún aspecto da vida ou da obra de don Ricardo e que, de forma explícita ou implícita, nutren este traballo.

Á Secretaría Xeral de Política Lingüística por acoller con agrado esta proposta, publicar e divulgar *A Compostela de Scórpio*, *A Compostela de Ricardo Carvalho* en formato dixital e en papel.

Sinceras grazas

Compostela, acrópole da cultura. Cartografía literaria

No extinto xornal *Galicia Hoxe* achegueime en catro entregas á *Xeografía literaria compostelá* porque Santiago, a miña cidade, foi, é e será berce, residencia, casa, punto de orixe, albergue ou meta, lugar de longa ou curta estadía de personaxes sobranceiros, de gran relevancia e significación na cultura galega e na cultura universal porque aquí naceron, nacen, viviron e viven, estudaron, traballaron, peregrinaron e peregrinan, nacerán, vivirán, estudarán, traballarán persoas cuxa pegada quedou, queda, quedará gravada na pedra milenaria.

Hai un universo de manifestacións humanas que fan que Santiago de Compostela sexa unha acrópole da cultura e unha parte dese todo é a literatura. A cidade proxéctase permanentemente como unha cidade literaria. Compostela é literatura porque expresa todo o que preserva e todo o que nela se sente e se vive no transcorrer do tempo.

Latexa no rueiro, nas pousadas, nos talleres, nos estudos, nos cafés, nos hoteis, nos espazos habitados. No marco espazo-temporal de moitas obras. Compostela queda gravada como espazo lírico, narrativo, teatral, como espazo vital, afectivo, como espazo xeográfico como territorio de quen escribe, real ou imaxinario, polo que transitan múltiples e diferentes protagonistas.

Así é no caso de *Scórpio*, unha obra ambientada en varios escenarios concretos: Ferrol, Santiago, Salamanca, Madrid, Valencia, Andalucía e Barcelona. Unha novela sorprendente por todo o que amalgama: lingua, argumento, trama, estrutura, punto de vista co sentido autobiográfico que verte a través de múltiples personaxes. “A pegada autobiográfica do personaxe que lle dá nome á obra agóchase tras a figura dun *alter ego*, a figura de Salgueiro, e tras a presentación calidoscópica do protagonista por parte dunha xeira cumprida de puntos de vista individuais” [Darío Villanueva (2020): *Scórpio*, autoficción contra posliteratura, en USC (2020): *Ricardo Carvalho Calero. As formas do compromiso*].

Ao ler *Scórpio* estamos a ler a vida do autor e a maior parte da súa vida transcorre en Compostela. A cidade na que estuda e á que nos asomamos para saber o que lle aconteceu nela, na novela, nese tempo de estudante, e logo como espazo vital cando volve para desenvolver o seu labor docente nesta “cidade pequena, onde todos nos coñecemos, onde a universidade era o centro indiscutible da vida colectiva...” [Carmen Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Galaxia. P. 61]. Como el expresou en *Conversas en Compostela con Carballo Calero* [M. A. Fernán Vello/F. Pillado Mayor (1986). Sotelo Blanco Edicións. Barcelona. P. 44]: “Sempre me recoñecín universitario e fillo da Universidade de Santiago”.

Compostela é, pois, ese lugar que nos mostra “todas as dimensións que encerra a súa vida: político galeguista e defensor da legalidade republicana, protagonista de iniciativas tan emblemáticas como o SEG ou o PG, discípulo e colaborador de grandes figuras do grupos Nós, preso do franquismo e vítima do seu réxime, académico... mestre que deixou unha forte pegada en alumnos e discípulos, escritor de ficción en todos os xéneros, protagonista da resistencia interior á ditadura, estudoso da nosa lingua e literatura e dos seus problemas específicos, pioneiro na súa docencia e investigación universitarias, referente do reintegracionismo lingüístico, esforzado fillo de Eva, polígrafo comprometido con Galicia e interesado en todo o que lle afecta...” (H. rabuñal (2020): *Ricardo Carvalho Calero. O anxo da terra*. Galaxia. P. 10).

O motivo deste traballo é dar a coñecer a Compostela de *Scórpio* e a Compostela de Carvalho, persoeiro que coñecín da man de meu pai. Cando se encontraban e se falaban, a forma de se saudar era un exemplo de retórica, de elocuencia formal e de respecto como preludeo da conversación.

Lembro un día na oficina da Caixa Galicia da rúa das Orfas que meu pai o saudou cun: “que tal *tocayo?*” e don Ricardo contestoulle: “que tal homónimo?”. Meu pai tamén se chamaba Ricardo.

Carvalho tamén foi profesor dunha irmá miña, no Rosalía, “o seu querido profesor” que tanto recorda e do que tanto nos fala, que espertou nela unha aprendizaxe baseada na reflexión e non na memorización, que lle abriu portas ao mundo da literatura e do idioma empregado, que é o que caracteriza as distintas literaturas. E a gozar dela como fonte de aprendizaxe, por medio da análise das cantigas medievais ou dos concursos de recitación poética, organizados no Hostal dos Reis Católicos, ou da representación da súa obra *A farsa das zocas*, nun festival de fin de curso.

Súmase a estas circunstancias a miña admiración como estudante de filoloxía polo seu percorrido vital e polas ferramentas coas que nos dotou para coñecer mellor a nosa lingua e a nosa literatura; polo respecto e a admiración que nos provocaba velo e saudalo na facultade cando, aínda a mediados de 1980, frecuentaba o seu despacho en Mazarelos e nos cruzabamos con el.

Quero, así mesmo, homenaxear as persoas que conviviron con el, que o estudaron e que se preocuparon de nos deixar un legado tan bo nos seus traballos. Por iso, nesta miña ruta de rutas, neste álbum sobre a Compostela de don Ricardo, poño a súa voz e a súa referencia tratando de recompoñer os seus itinerarios, as rúas que transitaba e de presentar, de maneira secuenciada, a Compostela narrativa e a Compostela vital, que son a mesma Compostela, e a Compostela á que logo volve, na que transcende e na que descansa para sempre.

“A Vía Láctea era o lugar no ceo onde ían as almas das persoas boas tras a súa morte” (*De re publica*, VI, 16)



Vista xeral de Santiago.1927. Ano do ingreso de Ricardo no Seminario de Estudos Galegos

A COMPOSTELA DE **SCÓRPIO** A COMPOSTELA DE DON RICARDO CARVALHO CALERO



Montaxe sobre a capa e a contracapa do romance *Scórpido* publicado por Através Editora en 2019.

Á esquerda, a portada do libro publicado por Sotelo Blanco en 1987.

Scórpido, espello da xeografía vital de Carvalho Calero


En 1987 Ricardo Carvalho Calero publica o romance *Scórpido* que maravilha o mundo cultural galego e recibe o premio da crítica de narrativa. Depois, o silêncio pola súa escolha ortográfica. Três décadas máis tarde, A Através Editora publica de novo o libro consciente da sua enorme qualidade literária e do seu extraordinário valor de memoria histórica na recriaçom do primeiro terzo do SÉCULO XX.

Quem é o enigmático Scórpido? Quem esse rapaz que cresce no Ferrol dos anos dez? Quem é esse brilhante estudante da Universidade de Santiago dos anos vinte? Quem é esse moço que embriaga de desejo as mulheres que conhece? Quem é esse novo poeta que escreve em galego? Quem é esse capitam republicano que luta contra os facciosos?



Vida Gallega.
30-06-1919. Ksado

A COMPOSTELA DE SCÓRPIO E A COMPOSTELA DE CARVALHO CALERO: ESPAZO NARRATIVO E BIOGRÁFICO



■ As rúas que transitan os protagonistas camiño dunha asemblea na Ferradura.

■ As rúas percorridas para iren decote á Universidade.

■ As rúas polas que pasa Carvalho Calero para ir dar clase á Universidade - 1965-1980

1926-1932

Outros lugares da cidade que conforman o espazo narrativo de *Scórpico*:

Intramuros: o Hotel España, a Catedral, a praza do Obradoiro

Extramuros: Conxo, Poza de Bar, Rúa de San Pedro, A Carricova e Sar (a Colexiata e o barrio)

(1)SEG: SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS



O percorrido. Imaxe de satélite



1 A FONTE DE SAN MIGUEL



... e aqui estamos instalados na rua da Fonte de Sam Miguel

As casas desta rúa inícianse no lado leste á altura da Porta da Pena, na esquina da rúa de Santa Cristina, e esténdense por ese lateral pola praza de San Martiño, cruzan a rúa de San Miguel e rematan batendo contra as casas e o cruzamento da Troia, na rúa Abril Ares, cun par de vivendas no lado oeste. Polo lateral leste, os números 1, 1B, 2, 3, 4 e 5. Ao cruzar San Miguel, o 6, 7 (Os sobriños do pai) e 8 (Bar Tolo). No lado oeste, o 9 (Bar Atlántico) e o 10 (facendo esquina coa praza de San Martiño). *Foto XRLB*



Na rúa e na pousada na que se instalou comeza don Ricardo a súa andaina comprometida e prolífica en Compostela como estudante, como escritor e como galeguista. *Foto XRLB*



Cartel de Camilo Díaz Baliño. Ano Santo 1926
Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia

«... nos primeiros días de outubro do mesmo ano (1926) marchou a Compostela para iniciar unha nova etapa na súa vida, unha etapa extraordinariamente rica e fecunda a todos os niveis: como estudante converteuse nunha das figuras de máis sona na Compostela daqueles anos, chegando a ter un gran protagonismo na vida estudantil... No campo da escrita a casa grande da poesía galega abriulle as portas a un poeta precoz... No terreo social entrou en contacto co galeguismo, figurou entre os membros fundadores do Partido Galeguista (PG) en 1931 e tivo un destacado papel na política activa durante a República.»

Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Carvalho Calero*. Laiovento. P. 43

ANTÓN

Ricardo é o meu mellor amigo desde que chegou a Compostela. En 1926, o mozo que ten aínda 15 anos usa chapeu coma os homes da época, instálase comigo nunha pousada da Fonte de San Miguel, logo vivimos no Tránsito dos Gramáticos e rematamos na rúa da Troia.

H. Rabuñal (2020): *Ricardo Carvalho Calero. O anxo da terra*. P. 27

SAGITARIO

«Un señor amigo do pai de Scórpio e do meu propio pai buscou-nos pousada em Santiago, e aquí estamos instalados na rua da Fonte de Sam Miguel. A Casa tem como patroa a viúva de um guarda civil. Esta senhora tem duas filhas moças e um filho maior que elas, empregado numha agencia de seguros. Estamos matriculados no primeiro curso de Filosofía e Letras, que ao tempo é preparatório de Direito».

Scórpio (2019). Através Editora. P. 23

LA TERCERA ASAMBLEA AGRÍCOLA DE GALICIA



D. Rodrigo Sanz López (D), presidente de la Asamblea Agrícola Gallega de Monforte, y los señores que con él se han distinguido por los esfuerzos hechos que hicieron de profesiónes agrícolas para el progreso de la economía rural gallega. (Bot. José Nuñez, Monforte.)

O AMIGO QUE LLE BUSCOU POUSADA

Ese señor amigo do pai de Scórpio e do seu propio pai que lles buscou pousada en Santiago, tal e como se menciona no libro, foi **Rodrigo Sanz López**, con quen ademais Carvalho manterá amizade e correspondencia.

«Carvalho lembraba que “unha figura da cultura galega interesante, don Rodrigo Sanz López, actuou como procurador da pensión, da pousada onde me aloxei”».

Fernán Vello / Pillado: *Conversas en Compostela*. P. 41. En Martinho Montero-Santalha (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. P. 40. Cita 3

➤ Imaxe: *Vida Gallega*. 1911
Terceira Asemblea Agraria. Monforte de Lemos
Rodrigo Sanz no centro, sentado

Rodrigo Sanz López (Ferrol 1872- Santiago 1939)



Rodrigo Sanz López
Vida Gallega. Agosto 1910

Licenciado en Dereito. Foi político, investigador e académico. Socio fundador do Ateneo Ferrolán. Impulsor da Universidade Popular da Coruña e creador nesa cidade de Solidaridad Gallega, en 1907. Promoveu as Asembleas Agrarias de Monforte de Lemos. Candidato sen éxito ás eleccións de deputado ás Cortes, en 1910, polo partido xudicial de Pontedeume.

Foi tamén un dos iniciadores das Irmandades da Fala en 1916. Ingresou e presidiu o Partido Regionalista Gallego, instituído no ano 1917. En 1919 preside o Centro Regionalista coruñés. Durante a ditadura de Primo de Rivera foi nomeado presidente da Unión Patriótica de Ferrol e alcalde honorario da cidade. Preside tamén a Xunta Permanente a prol do Ferrocarril da Costa de Ferrol a Xixón, en 1925. Desde 1930 presidiu o Secretariado de Galicia en Madrid. Editou as bases para un proxecto de estatuto galego e proseguiu vencellado á cuestión autonómica ata 1932 como vogal encargado da redacción dun novo estatuto de Galicia. Colaborou en varios xornais: *El Kardeciano*, *Ecos del Eume*, *A Nosa Terra* e *Prácticas Modernas* e nas publicacións madrileñas *España* e *Estudios Gallegos*.

Información: *Gran Enciclopedia Galega*

O carné de estudante da Facultade de Dereito de 1928 indica que don Ricardo estaba domiciliado na rúa dos Brillares, número 8, piso 1º.



D. Luis Blanco Rivero. Alcalde de Santiago, infatigable presidente de la Comisión que erigió la estatua de Montero Ríos.

Vida Gallega. 30 de agosto de 1916

Luis Blanco Rivero de Aguilar (1877-1842) é o reitor da universidade que asina o carné de Ricardo Carvalho Calero. Estivo á fronte do reitorado entre os anos 1921 e 1930. Foi o sucesor de Salvador Cabeza de León. Estudou Medicina en Santiago de Compostela e doutorouse en 1894 en Madrid coa tese *Los diferentes tratamentos da pneumonía fibrinosa y el método de Z. Petresco*, publicada en Compostela en 1895. En 1910 foi nomeado médico da Beneficiencia Provincial, destinado ao Gran Hospital de Santiago. Entre 1914 e 1917 foi alcalde da cidade. Foi catedrático de Anatomía Topográfica e Operacións e de Patoloxía Cirúrxica. O tempo que estivo desempeñando o cargo de reitor salientan, entre outros feitos, a instalación da Biblioteca América e a adquisición da biblioteca do arcebispo Lago González. Foi director da Real Sociedad Económica de Amigos del País entre 1933 e 1940.

A CASA DA PRIMEIRA POUSADA NA QUE RESIDIU CARVALHO CALERO CANDO VEU ESTUDAR Á UNIVERSIDADE



Imaxe: Cartografía de Santiago de Compostela de 1907-1908

Nesta casa está actualmente o Pub Atlántico. A rúa conserva o seu trazado e as parcelas e a edificación, a mesma estrutura. No plano pode observarse con detalle a situación da casa segundo as descrições ofrecidas polo propio don Ricardo:

«Durante todo o tempo de estudos em Santiago residiu em pousadas, como era comum entre os estudantes de entom: primeiro algum tempo numha pousada próxima à famosa “Casa da Troia” na interseçom da rúa da Fonte de Sam Miguel com a rua de Dom Abril Ares.»

J-M. Montero Santalha (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Laiovento. P. 39

«Vivín primeiro nunha pousada próxima á casa da Troia, porque está na rúa que se chama Fonte de San Miguel, no cruce con Brillares, que hoxe ten o seu nome restaurado “Abril Ares”». Aurora Marco (2020) en *Foula e ronsel* (p. 44) di: «Nunha pousada na Fonte de San Miguel no cruce con Abril Ares.»

Carmen Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Galaxia. P. 26

«A pousada era a casa desta rúa que servía de fondo á rúa dos Brillares (Abril Ares).» (?)

Henrique Rabuñal, testemuño persoal que lle ofrece don Ricardo en 1986


(?) Non debe confundirse coa casa da Fonte de San Miguel, 8, que pecha ambas as rúas e que é onde está o Bar Tolo.



Plano da situación da edificación e das rúas na intersección da Fonte de San Miguel e Abril Ares.
Fonte: Sede electrónica do Catastro



Esta casa, na intersección das rúas da Fonte de San Miguel e dos Brillares, que conserva na porta da fachada de Abril Ares o número 8, e o seu contorno (San Martiño, Troia...) é o primeiro espazo no que inicia a súa vida Carvalho en Compostela.



Uzal reclamou unha débeda á esposa de Francisco Franco e foi dos poucos que conseguiu cobrala. Na imaxe, a carta da contestación de Carmen Polo con data do 6 de agosto de 1959, facilitada pola Asociación Cultural San Martiño Pinarío.



Vista da Rúa da Troia desde o primeiro andar do pub Atlántico, desde o piso no que viviu Carvalho
Fonte: Facebook Pub Atlántico

«Desde a chegada a Compostela en outubro de 1926, o mozo galeguista só tivo un norte: Galiza e a el se entregou desde diferentes ámbitos, coa defensa das reivindicacións estudiantís a través daquela entidade escolar sindical da que foi presidente; a través de conferencias, discursos, colaboracións xornalísticas, traballo continuo no SEG, elaboración do Anteproxecto de Autonomía, creación poética e, tamén, actividade política, moi intensa na época republicana, que foi o único período da súa vida, por outra parte, en que tivo actividade pública como militante do PG.

A pesar das prohibicións da ditadura de Primo de Rivera, a semente que deixaran esporexida as Irmandades da Fala e a relación cos membros do SEG, propiciaron un ambiente galeguista en cuxos círculos entrou o estudante ferrolán.»

Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel. Os anos que marcaron a vida de Carvalho Calero (1910-1941)*. Laiovento. P. 99



Foto XRLB



O INGRESO DE RICARDO NA UNIVERSIDADE

«Mi incorporación como estudiante a la Universidad de Santiago data de 1926. En Compañía de mi padre, viajé por primera vez a la ciudad del Apóstol, desde mi residencia de Ferrol, poco antes de comenzar el curso, para buscar alojamiento. Aunque yo tenía entonces sólo 15 años, usaba sombrero, igual que mi padre, lo que era normal entonces, y al entrar por primera en el recinto de la Universidad, en el edificio de la plaza del mismo nombre, donde estaban instaladas las dependencias del Rectorado y las Facultades de Derecho, Filosofía y Letras y Ciencias, me descubrí respetuosamente en un gesto simbólico de devoción. Lo hacía para mí mismo, sin ostentación alguna, más bien con disimulo, pues en mi conducta adolescente convivían la sinceridad y la timidez. Pero el rostro de mi padre, que se abstuvo de cualquier comentario, me reveló que había percibido con claridad el sentido de mi acto.»

Ricardo Carvalho Calero (1987): Prólogo a *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*. P. 10. En José-Martinho Santalha (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. P. 39. Cita 2

SAGITÁRIO

Estamos matriculados no primeiro curso de Filosofía e Letras, que é ao mesmo tempo preparatório de Dereito. Temos todo o ano académico para pensarmos se em definitiva havemos seguir a carreira de Filosofía e Letras, que é a que nos atrai, na nossa condición de literatos, ou a de Dereito que tem máis porvir económico. Polo de agora non nos ocupamos niso. Acudimos á universidade e paseamos o claustro até que entra na aula o professor.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 23

Imaxe: Edificio central da universidade, ca. 1910

Gran Enciclopedia Galega (1989). P. 319. *Tarxetas postais Santiago de Compostela*

Colección de Uxío de la Riva Pol. Museo do Pobo Galego

Facilitada por Pablo Costa Buján

Incluída no libro de Cabo Villaverde e Costa Buján (1991):

Imaxe de Compostela: unha cidade de pedra nas vellas fotografías. COAG

COMPOSTELA, ESPAZO AFECTIVO

Desde o momento en que chega a Santiago para estudar, don Ricardo vaise unir afectivamente á cidade, séntese feliz nela e considéraa o lugar axeitado para formarse e realizarse profesional e vitalmente. E así foi.



Praza do Obradoiro coa estatua de Montero Ríos. Ca.1920



Rúa Nova. 1920. *Imaxe de Compostela: unha cidade de pedra nas vellas fotografías*

As primeiras rúas de contacto coa cidade



En Santiago, Ricardo era feliz. A cidade tiña todo o que precisaba. Aquí estuda dúas carreiras, Dereito e Filosofía e Letras. Aquí coñece a María Ignacia, a que sería a súa dona. E a Compostela volverá para exercer a súa vocación profesoral e investigadora, como filólogo.

«Em outubro de 1926, quando aínda nom cumprira os 16 anos, Carvalho Calero inicia os seus estudos universitarios em Santiago. Começa assim a súa ligazón afectiva ao mundo universitário. O que sería doravante umha veneración pola Universidade como terreno do cultivo do saber e de busca da verdade teve por parte do adolescente umha eloqüente manifestación simbólica já nesse momento do contacto inicial.»

José-Martinho Montero Santalha (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Laiovento. P. 39

«O mozo Ricardo está feliz coa cidade e no seu primeiro ano en Compostela camiña pola rúa Nova e o Obradoiro atento á fachada barroca da catedral e non deixa de marabillarse cun grupo de mulleres que carrexan á cabeza produtos da horta, con seminaristas noviños que rin un conto con algún catedrático circunspecto. Compostela non ten mar pero posúe todos os atractivos que uns mocíños coma nós precisamos para madurar, entender o mundo e resolver a nosa vida profesional e persoal.»

H. Rabuñal (2019): *Ricardo Carvalho Calero. O anxo da terra*. Galaxia. Pp. 27 e 28



Fotografías dos lugares citados por onde lle gustaba pasear e cos que se marabillaba ao chegar a Compostela: a Rúa Nova, a Praza do Obradoiro, as mulleres coas cestas na cabeza e os seminaristas. Fonte: **Compostela. Memoria fotográfica**. Facilitadas por Pablo Costa Buján

OS ANOS DA SÚA FORMACIÓN UNIVERSITARIA



ASÍ É A SÚA VIDA COMO ESTUDANTE EN COMPOSTELA:

«naquela altura a vida cultural e política marchaban unidas e os estudantes vivían intensamente os problemas sociais.»

Aurora Marco (2020): *Foula e ronsel...* Laiovento P. 47
Referencia dada por Carvalho nas conversas con Fernán Vello e Pillado Mayor e con Carme Blanco



O protagonista de *Scórpio* Rafael Martinez Pinheiro e o enderezo da pensión, na ficción narrativa: Fonte de San Miguel, nº 2.

Imaxe do Booktrailer de Através Editora (2017)

SAGITÁRIO

Durante o noso camiño desde a Fonte de Sam Miguel ao Campo de Dom Mendo, precederam-nos e seguiron-nos, pola Troia, pola Azevicharía, A vía Sacra, a Quintana, as Pratarías, a rúa do Vilar, a Porta Fageira, a propia Ferradura figuras isoladas ou agrupadas en pequeno número que brotavam das esquinas ou saían en silencio de algun portal. Adivinhávamos nelas estudantes que concorriam como nós a assembleia convocada para tomar acordos con motivo das disposicións do goberno que se nos describían como lesivas para os nosos intereses. Scórpio acedera a acompañar-me sem muito entusiasmo. Era um dos menos interessados pola política entre os estudantes do noso curso.

Scórpio (2019). Através editora. P. 36



«Ocorre que eu fun n-outro Director de Prensa da FUE, pol-o cal facía «Scholarum». Dende entón,o *Pueblo Gallego* enviásemme gratuitamente».

Carta a Paz Andrade. Ferrol 19/10/1932

CARVALHO CALERO, UN RESOLTO LÍDER DO ESTUDANTADO

- «Carvalho foi figura destacada no movemento estudantil compostelano, especialmente no seio da FUE “Federación Universitaria Escolar” de cujo grupo compostelano foi algun tempo presidente.»

Jose-Martinho Montero Santalha (1993): *Carvalho Calero e a sua obra*. Laiovento. P. 45

- «convértese axiña nun destacado líder estudantil, primeiramente na Asociación de alumnos da Facultade de Dereito e logo a seguir na Federación Universitaria Escolar (FUE) de cuxa sección galega acaba sendo un dos seus dirixentes.»

Francisco Cidrás (2020): Introducción de *Ricardo Carvalho Calero. As formas de compromiso*. P. 10

- «o estudante ferrolán tivo un grande protagonismo, nomeadamente nos cursos 1929-1930 e 1930-1931. Foi da Asociación Profesional de Alumnos de Dereito -que o propuxo para formar parte da Xunta de Goberno da USC-, presidente da Federación Universitaria Escolar (FUE), secretario accidental da Xunta de Goberno da FUE, director do Departamento de Prensa da FUE, membro da Cámara Federal da FUE, secretario xeral da Xunta de Goberno da FUE. E, aínda que a carreira de letras cursouna por libre, A Asociación Profesional de Alumnos de Filosofía e Letras elixiuno, xunta a Xurxo Lorenzo Fernández, como delegado nas xuntas de goberno da facultade e no claustro.»

Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Carvalho Calero*. Laiovento. P. 52

SALGUEIRO

Quando lhe dizemos que a FUE acordou declarar a folga, Scórpio filosoficamente deixa de asistir ás aulas, mas rara vez se vê nas assembleias, e nunca participa nos tumultos dos claustros...

Scórpio (2019). Através Editora. P. 56

SALGUEIRO

...

Agora como os meus companheiros descubriram que falo bem –falo bem, verdadeiramente?-, meteram-me a dirigente da FUE...

SAGITARIO


Salgueiro como presidente da Associação Profissional de Alumnos de Dereito, apresentou Jimenez de Assúa no Paraninfo da Universidade onde o famoso catedrático pronunciou umha conferência sobre o projecto do Código Penal. Um grupo de estudantes, de que Scórpio e eu fazíamos parte, foi esperar o professor a Curtis, a cuja estação chegou no comboio procedente de Madrid...

Scórpio (2019). Através Editora. P. 66

OS CARGOS QUE EXERCEU A prensa recolleu a actividade e os cargos que representou Ricardo Carvalho Calero, que só deixou de exercer cando fixo o servizo militar. A principios de 1930 elixeno presidente da Asociación Escolar de Dereito (*El Eco de Santiago*, 18 de xaneiro de 1930). No mes de marzo a Asociación Profesional de Alumnos de Filosofía e Letras, delegado nas Xuntas de Goberno e da Facultade e no Claustro Xeral. En abril xa é membro do Comité da FUE (*El Pueblo gallego*, 11 de abril de 1930). No mes de outubro xa é presentado como presidente da FUE na apertura do curso 1930/31 (*El Pueblo gallego*, 2 de outubro de 1930).

La Asociación escolar de Dereito, elixió la siguiente junta directiva:
 Presidente, señor Corballo Calero; vice, señor López Durán; secretario, Juan Jesús González; vices, señor González López, y tesorero, señor Caamaño.
 Queda por designar al cargo de contador.
 Han dejado de pertenecer a esta directiva los señores Cocharra, Colmeiro y Seoane López.

El Eco de Santiago, 18 de xaneiro de 1930



Investigador e ilustrador, irmán de Xocas. Como debuxante destacan os libros *O Señor feudal* e *Xogador de porca* que el ilustrou.

Xurxo Lorenzo Fernández
 1910-1934

Imaxe: *Enciclopedia Galega*

SCHOLARUM
 La Asociación Profesional de Alumnos de Filosofía y Letras ha elegido la siguiente directiva:
 Presidente, Joaquín Lorenzo Fernández; secretario, Carlos Villar; tesorero-contador, Evelio Teijón Lazo; la delegación en las Juntas de Gobierno y Facultad y en el Claustro general estará integrada por Ricardo Carballo Calero y Jorge Lorenzo Fernández.

La Asociación de Derecho ha obtenido de los Sres. Rodríguez Cadarso, Cabeza de León, Castroviejo, González López, Tobío, Carribero y otras destacadas figuras, promesa de pronunciar conferencias y explicar cursillos sobre asuntos profesionales. En breve comenzarán estas enseñanzas complementarias y oportunamente se darán a conocer los temas y las fechas de las disertaciones tan amablemente ofrecidas.

El Pueblo Gallego, 15 de marzo de 1930

Scholarum
INAUGURACION DEL CURSO EN LA UNIVERSIDAD GALLEGA

El discurso de inauguración del curso 1930/31 recolle o discurso de Ricardo Carvalho Calero sobre as aspiracións dos estudantes da universidade, que non é outra que formar unha gran forza cultural.

El Pueblo Gallego, 2 de outubro de 1930

Fue concedida la palabra, como representante genuino de la clase escolar al señor Carballo Calero, presidente de la F. U. E., quien después de leer la disposición que estatuye la representación de la clase escolar en este acto, dió admismo lectura al siguiente discurso:

Esta noticia da inauguración do curso 1930/31 recolle o discurso de Ricardo sobre as aspiracións dos estudantes da universidade, que non é outra que formar unha gran forza cultural. Falou de que os escolares cooperen para que o benestar da universidade sexa un labor eficaz, de recoller e harmonizar os esforzos, de agrupar as tendencias e as enerxías. Sinalou que a FUE é a xenuína representante deses propósitos. Entre os que está a galeguización da universidade: "Galicia existe e por existir ten dereito a unha cultura propia. Aspiramos a crear unha universidade autenticamente galega".

SAGITÁRIO

Como somos soldados de cuota, pouco máis temos que fazer, se bem devemos abster-nos de toda actividade. Salgueiro já fora presidente da Associação Profissional de Alunos de Direito, foi designado para este curso presidente da Federação Universitária Escolar do distrito, mas ao converter-se em soldado, resignou as suas funções no vicepresidente Domínguez.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 78

A MOBILIZACIÓN ESTUDANTIL Na década de 1920 a 1930 foron moitas as causas que motivaron asembleas, mitins, manifestacións ou folgas estudantis. No ano 1921, a tentativa de trasladar a **Biblioteca América** a outra universidade ocasionou unha protesta xeneralizada. A Biblioteca América débese a un proxecto nado no ano 1904 promovido por **Gumersindo Busto**, quen arelaba crear unha universidade libre hispanoamericana na universidade compostelá. A finalidade desta biblioteca era fornecela de recursos: libros, folletos, láminas, mapas, cartas xeográficas, moedas, medallas, exemplares da fauna americana, utensilios etc. para lles ofrecer aos estudantes coñecementos sobre América. A Universidade de Santiago concédelle en 1927 o título de doutor *honoris causa* para “premiar los eminentes servicios prestados a la cultura pública”, “acreedor a esta recompensa. Su obra grande y altruista se debe exclusivamente a su esfuerzo personal en una labor perseverante de mas de 20 años, en beneficio de la cultura patria”. A biblioteca fora oficialmente inaugurada o 26 de xullo de 1926.


Os peores anos desa década foron os dous últimos. Houbo enfrontamentos que mesmo levaron ao peche da universidade. (Véxase o derradeiro curso de Dereito).




Gumersindo Busto Villanueva
(1872 San Martiño de Laraño, Santiago de Compostela -1937 Bos Aires)



El Compostelano. Ano II. Número 278
14 de xaneiro de 1921



Asemblea convocada para tratar a implantación do uniforme escolar
El Compostelano, 5 de marzo de 1925



El progreso, 10 de maio de 1930

O día seguinte estavamos em folga. Falava-se de que um professor de ideias avançadas requerera um notário para que levantasse acta da existência no lugar de acontecimentos de impactos de bala procedentes das armas regulamentares da Benemérita. Nunca souben se houve impacto e se houve acta.

Scórpico (2019). A través Editora. P. 38

SAGITÁRIO

Cresce no ambiente a preocupação política. Poucos estudantes há que nom se declarem hostis à Ditadura e à Monarquia.

Scórpico (2019). A través Editora. P. 41

Desde principios do século XX, os estudantes da universidade mobilizáronse para esixiren melloras nos plans de estudos, contra a política universitaria, ou por expedientes abertos a profesores e, principalmente, entre 1923 e 1930, como rebelión contra a ditadura de Primo de Rivera. A imaxe de Guerra publicada en *Vida Gallega*, núm. 1, xaneiro de 1909, recolle a manifestación dos escolares por falta de clínicas de Fronopatía.

Fotografía facilitada por Pablo Costa Buján





SAGITÁRIO

Desde a Carreira do Conde á Fonte de Sam Miguel vira escorregar algumas traças de estudantes que seguramente eram tamém residuos do numeroso exército derrotado pola súbita actuaçom da Benemérita...

A restituicòm do meu camarada aos lares da Fonte de Sam Miguel realizara-se em condiçons e circustâncias semelhantes às que caracterizaram o meu próprio regresso ao lar. E agora estávamos os dous, perplexos, meditando se deveríamos tencionar o escalamento da casa fechada, para tentar entrar polos balcoms que davam aos nossos cuartos, ou petar na porta, expóndo-nos à vergonha de despertar a patroa e afrontar as súas iras...

Scópio (2019). Através Editora. Pp. 37 e 38

Volve citar a rúa co ruxe ruxe dunha relación sospeitosa / de más línguas



MERCHE

O da Senhora de Maluquer era um escândalo. De jeito que esse venenoso diabo disfarçado de anjo nom só enganou e martirizou a pobre Júlia, e seduziu a súa irma Eugénia, senom que tem o calo de deixarse querer pola mulher do seu protector.

Há quem assegura que se viam às escondidas todas as quintas-feiras, às onze da manhã -quando Maluquer estava dando a sua aula e Scórpio se achava livre de obrigas escolares-, numha casa da estrada de Conjo onde vive umha mulher, casada com um practicante do Hospital, filha da primeira patroa que tiverom Scórpio e Sagitário, quando viviam nunha pousada da Fonte de San Miguel...

Scórpio (2019). Através Editora. P. 55



O BARRIO DE SAN MARTIÑO,
UN ESPAZO GRAVADO NA MEMORIA

Plano: Google. Datos cartográficos2020



A casa da primeira pensión de don Ricardo estaba fronte ao bar Los Sobrinos del Padre, (os sobriños do Padre Benito) que ten máis de 130 anos de antigüidade. Un local emblemático que tiña un reservado cunha mesa no centro, un barril e unhas cadeiras, na parte de atrás; onde estudantes e persoeiros se xuntaban para xogar partidas de cartas, ao dominó ou faceren faladoiros.

O contorno da pousada é un espazo privilexiado da cidade, foco orixinario da urbe no século IX e da edificación dun mosteiro que vai converterse no máis rico e poderoso no século XV e conformar coa arquitectura renacentista e barroca un espazo urbano incomparable como é a praza de San Martiño.

Na fotografía pódese observar que a fonte con pío estaba contra o medio da praza de San Martiño. Agora esta praza dispónse en dous planos, tras suprimirse a pendente existente e a fonte está nun lateral.

A extensión da rúa da Fonte de San Miguel, o cambio de situación e a contorna poden apreciarse na páxina seguinte.

Este espazo de acollida deixou unha fonda pegada no autor de *Scórpio*.

Plano: www.santiagoturismo.com.Googlemaps.

Fotografía: Ao redor do ano 1950.

<https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/places/fonte-de-san-miguel/>



Escalinata da igrexa de San Martiño. 1919
Compostela. Memoria fotográfica.
Facilitada por Pablo Costa Buján



Instantánea. Vista aérea da Praza de San Martiño Pinaro e da Fonte de San Miguel

Para esta zona da cidade, Carvalho Calero «tinha nos seus anos de profesor universitario umha lembrança nostálgica»:

«Este bairro, próximo a san Martiño Pinaro, foi o meu bairro da mocidade. Muitas vezes cando paso por alí comezo a fazer um soneto que recorda aqueles tempos, pero nunca o remato, nunca paso do segundo ou terceiro verso, que son os que tiven tempo de fazer durante os meus paseios, inmediatamente que me alongo de alí, cesa esa preocupazón e o soneto nunca foi feito.»

Jose-Martinho Montero Santalha (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Lairovento. P. 40. Cita 3 referida en Fernán-Vello/Pillado (1986): *Conversas en Compostela* P. 41.



Imaxe: Ricardo e María Ignacia o ano que casan. 1933



Imaxe: Vista da rúa da Troia. Manuel Pereiro (1996): *Rincones de Compostela*

A ÚLTIMA POUSADA

Seguindo o itinerario que os protagonistas de *Scórpio* tomaron para iren a unha asemblea á Ferradura, hai que continuar pola rúa da Troia, rúa na que se hospedou don Ricardo e que foi a súa derradeira pousada. Esta rúa é ben coñecida por outra pousada de estudantes na que viviu o protagonista da novela romántica *La Casa de la Troya*, a primeira novela escrita por Alejandro Pérez Lugín e publicada en 1915 que mostra as lembranzas dos anos vividos en Compostela como estudante. Hoxe convertida en casa-museo.

Na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, Carvalho, describindo a Enrique Labarta Pose, alude a que Pérez Lugín, compañeiro e amigo deste, crea o personaxe Casimiro Barcala, tomándoo como referencia:

«Na súa mocidade compostelana formou parte do círculo de escolares i escritores que contaban entre os seus compoñentes a Valle-Inclán, González Besada, Vázquez de Mella, Alfredo Brañas, Cabeza de León, Manuel Casás, e Pérez Lugín. Iste derradeiro inspirouse na persoa de Labarta ao trazar a figura de Barcala na novela *La casa de La Troya*.»

Ricardo Carvalho Calero (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Galaxia. P. 477



Centro Gallego de Uruguay: Número 100 - 30 de abril de 1930



Centro Gallego: órgano de la colectividad gallega en el Uruguay: Época 2ª. Año VII. Número 98. 28 de febreiro de 1925

O mes e o ano en que Ricardo Carvalho Calero ingresa na universidade falece o autor de *La casa de la Troya*. A institución universitaria recolle en acta claustral o falecemento de Alejandro Pérez Lugín e fai presente o pésame á esposa de “tan esclarecido literato”.

«También dá cuenta el Sr. Rector de la Universidad de haber fallecido el insigne escritor D. Alejandro Pérez Lugín que en su obra “La Casa de la Troya” divulgó acertadamente las costumbres escolares compostelanas contribuyendo a la difusión del conocimiento de Compostela y su Universidad, acordándose por Unanimidad hacer presente a la esposa de tan esclarecido literato el pésame de los claustres. Y no habiendo mas asuntos que tratar, se levanta la sesión después de aprobada esta acta de todo lo cual yo secretario general accidental certifico. Fdo.: Andrés Fernández».

Fragmento da acta do Claustro. 15 de outubro de 1926. Folio 65. Arquivo Histórico USC (AHUS)

Poden atoparse na prensa centos de noticias sobre o éxito de *La casa de la Troya*, do que se fan eco os colectivos dos centros galegos, ou sobre representacións teatrais da novela. Na imaxe inferior, recorte que publicita a realizada no Royalty, en Compostela. Na imaxe da dereita, no Teatro de La Comedia, en Madrid, cos retratos de Linares Rivas (esquerda) e Pérez Lugín.



El Compostelano. Número 1476. 10 de febreiro de 1925



Centro Gallego de Uruguay: 30/04/1919 Galicana. Biblioteca Dixital de Galicia

«Producíanos náuseas *La casa de la Troya*. O noso espírito como as nosas existencias, eran antitroianas. Cederíamos gustosos a calquera cidade universitaria toda aquela picaresca rosa beneficiosa para o turismo. Os sucesos que promovíamos ó redor de 1930 tiñan o carácter trascendentalista que molestaría a Pérez Lugín e os seus compañeiros estudantes de “La belle époque”, a pesar de que a-bela-época de España foi amarga sobre todo para os intelectuais, as guerras de Cuba e Filipinas. Producíanos aquelas obras tanto desdén como os poucos estudantes asociados ó anacrónico Casino de Caballeros que fixemos pechar con moito pracer en varias ocasións, unha delas durante o enterro do estudante Varela Lavilla» .

Luis Seoane “Notas Autobiográficas”. Textos inéditos, Universidade de Santiago de Compostela, 1991 en Cid Cabido, Xosé (1994): *Luis Seoane 1910-1979. Unha fotobiografía*. Xerais. P. 41

MANUEL ANTONIO, NOMEADO NA NOVELA, TAMÉN VIVIU NA RÚA DA TROIA

SAGITÁRIO

Aínda que eu lim Rosalia, Curros e mesmo poetas máis modernos, incluso Amado Carvalho e Manuel António...

Scórpio (2019). Através Editora. P. 24



El Progreso. 19 de novembro de 2016


Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930) viviu na Troia, no número 5, cando estudou o bacharelato no instituto (1913). En 1920 intégrese na Xuventude Nazionalista de Santiago. Matriculouse en Filosofía e Letras en 1923, pero non continuou os estudos. O poeta, máximo representante do vangardismo, embarca no pailebote *Constantino Candeira* o ano en que Carvalho chega a Santiago (1926) e a súa morte acontece un ano antes de que Ricardo Carvalho Calero rematase a carreira de Dereito.

«Despois de facer o bacharelato en Santiago, Manuel Antonio Pérez Sánchez cursa os estudos de Náutica en Vigo. En 1926 embárcase como “agregado” no pailebote Constantino Candeira, o veleiro do libro *De catro a catro* dedicado ao seu capitán Augusto Lustres Rivas. Máis tarde navega en vapores, a América e a África. Desembarcando finalmente en 1929, vai morrer o 28 de xaneiro de 1930.»

Ricardo Carvalho Calero (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Galaxia. P. 693

«Houbo unha época en que estaba de moda a poesía de especialista, había un especialista en mariñas que era Manuel Antonio, un especialista en metáfora de tipo hilozoísta, que era Amado Carballo...»

Palabras de Carvalho en Carme Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Galaxia. P. 209



Imaxe: Recibo da Xuventude Nazionalista. Véxase en Axeitos, Xosé L.: *A Irmandade Nacionalista galega de Vigo e a loita pola simboloxía nacionalista*: Manuel Antonio, en Cochón, Luis (2016): *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia* (1914-1931). Xerais. P. 177

Trasalba 25 de febreiro de 1961. Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero. Lugo


Meu querido e ben lembrado:

...

Como vai ise nobre e fermoso traballo? É o libro que máis desexo ver na rúa. E despois dil o de G. Sabell sobre Manuel Antonio. Saúdos a dona -d.s.p- e as fillas.

Sempre o agradecido amigo e admirado
Ramón Otero Pedrayo

Fragmento que reproduce as palabras da Carta orixinal de Otero Pedrayo a Carvalho Calero na que lle pregunta como vai o seu traballo -refírese á *Historia da literatura galega*- e na que lle indica tamén que está desexando que se publique o libro que García Sabell está preparando sobre Manuel Antonio.



«Momento da botadura do pailebote *Constantino Candeira* de 300 TRB na Pasaxe (Camposancos) en 1915. Foi un acontecemento “multitudinario” como o demostran as fotografías feitas polo fotógrafo Mariano Jiménez Huete. Hai unha reprodución do barco no Museo Manuel Antonio de Rianxo (aberto no 2011). www.ogalego.eu



Manuel Antonio coa tripulación do *Constantino Candeira*.
Alacante 08/05/1926
<https://biblioteca.fundacionbarrie.org/handle/records/488>
A Nosa Terra (abril de 1996). Manuel Antonio.
Embarcados nun cantar. P. 15

«O 27 de febreiro, en Vigo, embarca por primeira vez o poeta Manuel Antonio, como piloto agregado no barco veleiro de tres paus *Constantino Candeira González*, nome do culto fundador dunha empresa de madeira de Camposancos, A Guarda. O seu pailebote (*pilot boat*) gobernao Augusto Lustres Rivas. Nesa trafega de cabotaxe carrexaban de Galicia a Levante madeira e conservas e, de volta, cemento ou sal.»

Miguel Anxo Seixas Seoane (2019): *Castelao construtor da Nación*. Tomo I-1886-1930. Galaxia. P. 1077

No web <http://marinerosbouzas.com/2010/12/o-constantino-candeira> indícase que a pista deste barco se perde cando, durante a Guerra Civil, foi metrallado por avións franquistas.

A imaxe do barco pode verse en <http://puertocamposancos.blogspot.com/2014/11/constantino-candeira.html>



Segundo o testemuño persoal ofrecido por Henrique Rabuñal Corgo: «Carvalho Calero viviu nesta casa que el recordaba como unha casa con escudo fronte á casa da Troia».

Esta vivenda foi construída no ano 1700. O escudo que porta na parte alta representa as armas dos Galo, Feijoo, Esteban, Carballido e Rioboo.

Foto XRLB



Retrato de Ricardo Carballo Calero
Data: 3 de xaneiro de 1931
Estudio de fotografía Garay. Ferrol
Fonte: Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia

Sr. Don Valentín Paz Andrade.

Querido irmán: Ignoro si obran no teu poder dúas cartas do Grupo Ferrolán do Partido, solicitando de ti a mercede de un mitin n-esta vila. O certo é que nin ti contestaches a esa petición nin Pontevedra á notificación oficial de constitución do Grupo.

Espero que de esta vez te molestarás en escribir dicindo cando pode ser eso, e con qué oradores podemos contar. Non pode faltar Picallo. Por min, que veñan os tres deputados. E de saber que falaría eu, e outro de siquí faría a presentación. Creio que nos debedes proporcionar non menos de tres oradores. Castelao caería moi ben. O outro podes ser ti mesmo, ou Edvada, ou quen queredes.

Decatádevos do intrés que ofrece a conquista de Ferrol, colonia castrense de Castela, Ulster e Gibraltar galego, quinto reino de Andalucía, etc, etc, etc. Na verdade que o Grupo se move, pero apenas hai máis orador que eu, e diñeiro ningún. Non nos esquecerades, ou nos pasaremos a Alvaro.

Ocorre que eu fun n-outroora Director de Prensa da F.U.E., pol-o cal facía "Scholarum". Dende entón, o "Pueblo Gallego" enfasase gratuitamente. Pero como agora estou en Ferrol, non o recibo, e o recibe a miña ex-patrona de Santiago, o que non é xusto. Rógoche que fagas a oportuna xestión pra que, si se empeñan en mandarme, me manden a Ferrol, Sinfiriano López, 183, 3º, e non a Santiago, Troya, 10, baixo; entre outras razóns, porque en Troya non podo recibilo.

Espero que me responderás axiña, ante a ameaza da escisión. Escríbeme o "Pueblo" porque da túa dirección somente lembro a verba "Urzdís". Apertas.

Ferrol, 19 X 32.

R. Carballo Calero

Nesta carta a Valentín Paz Andrade indica que fora director de Prensa da FUE e o enderezo da súa última residencia en Compostela: **Troia, 10, baixo.**

Fonte: Fondos Documentais. Consello da Cultura Galega. Epistolario Ricardo Carballo Calero
http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistola.php?id=5703&epistolario=9700

SAGITÁRIO

E nesse momento, pola rúa da Troia desembarcou, coxeando ligeiramente, Scórpio, o grande poeta lírico conquistador involuntario de impérios femininos. Trazia roto o pantalom à altura do Joelho direito e perdera na contenda a chave da casa que ao caír coma mim enrolado pola carga do exército inimigo ou pola desordenada retirada do próprio, saltara do seu bolso e perdera-se entre as matas e os pedregulhos o campo de batalla.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 38



Foto XRLB

Poeta por vocación desde a adolescencia. En Santiago continuou, ampliou e asentou a súa actividade de creación poética.

«Vocaçom poética
Carvalho, pessoalmente, intimamente,
considerava-se a si mesmo ante tudo como
poeta.»

José- Martinho Montero Santalha:
Carvalho Calero e a súa obra. P. 113

A rúa da Troia volve ser protagonista na novela tras a descrición da intervención da benemérita de volta á pousada de San Miguel onde se recoñece a Scórpio como “o grande poeta lírico” tal e como era coñecido Ricardo Carvalho Calero: “o poeta”.

«os meus primeiros versos foron publicados nunha revista ferrolá que dirixía un parente meu, Vicente Beltrán Ramos, unha revista que se titulaba *Maruxa*, alí creio que publiquei os primeiros versos meus. Case inmediatamente tamén algúns textos na revista *Vida Gallega*, unha revista moi coñecida e na que publicara Castelao numerosos debuxos. E tamén despois en *El Correo Gallego*.»

Carmen Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Galaxia. P. 204

Mentres estuda en Compostela, Ricardo ingresa no Seminario de Estudos Galegos (en abril de 1927) coa lectura do conxunto de poemas titulados *A dor cantareira* (non fixera os 17 anos).

«En Santiago ingresei inmediatamente no Seminario de Estudos Galegos. O meu pai, que era home de negocios, tiña relación co pai de Ramón Martínez López que tamén o era; e Martínez López era un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos...»

Carmen Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Galaxia. P. 29

Carvalho dedicoulle ao SEG, o capítulo XIII da *Historia da literatura galega contemporánea*. Para el, O Seminario con «sede en Compostela» «fundado por escolares entre os que debemos reter os nomes de Fermín Bouza Brey e Xosé Filgueira Valverde», «o 12 de outubro de 1923 na casa do Castro de Ortoño onde Rosalía viviu os seus primeiros anos», foi «capital para o desenvolvemento da cultura en Galicia».



Foto XRLB
6 de abril 2019

En Ferrol, nos talleres de *El Correo Gallego*, publicáanse dous libros: *Trinitarias* (1928), que recolle composicións escritas desde os 14 anos e *En torno a las ideas comunistas de Platón* (1929), texto dunha conferencia lida no Centro Obreiro de Cultura ferrolán.

En 1931 Ánxel Casal publícalle na Coruña *Vieiros*, primeiro libro en galego con poemas escritos entre 1927 e 1930. E en 1934, en Compostela, *O silencio axionllado*.

Carvalho le publicacións literarias, poesía, colabora estes anos en revistas e publicacións con artigos sobre poesía e poemas propios.

«como estudante converteuse axiña nunha das figuras de máis sona na Compostela daqueles anos, chegando a ter un gran protagonismo na vida estudantil compostelá. No campo da escrita, a Casa Grande da Poesía Galega abriulle as portas a un poeta precoz que, pouco despois de cumprir os 17 anos, deu a luz o seu primeiro poemario *Trinitarias* ao que seguirían nun curto espazo de tempo outros tres.»

Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel...* Laivento. P. 43

«Mais o Carvalho da época era fundamentalmente poeta, e no Santiago estudantil e nacionalista. O Poeta era precisamente o seu alcume (Marco 1992:68). Nada estraño, pois tiña publicado os seus primeiros poemas con só 14 anos na revista *Maruxa...*»

Pilar Pallares (2019): *Ricardo Carvalho Calero. Beleza, Verdade* (Escolma poética). A Chan da Pólvora Editora. Pp. 8-9



Nicolás García Pereira

(Ferrol, 1900-1934), autor do poemario *Nó de saloucos e bágoas* (1920); o drama lírico en tres xornadas *A Nai do poeta* (1920); a novela *A custureira* (Céltiga, 1922) e o drama en verso *Brétemas* (1933).

En *Vida Gallega* (20/10/1920) inclúese un comentario sobre este escritor, xornalista e político na sección «Poetas Nuevos».

García Pereira prologou o libro *Trinitarias* e dedicoulle un elocuente comentario a Ricardo en *Vida Gallega*.

Carvalho dedicoulle a García Pereira varias composicións e incluíuno na súa literatura galega contemporánea no apartado dedicado a «outros poetas do tempo das Irmandades».



Ramón Martínez López

(Boiro 1907-Pontevedra 1989). Licenciado en Dereito (1927) e en Filosofía e Letras (1929), doutorado en Dereito, en Madrid (1936), catedrático de Lingua e Literatura no Instituto de Lugo.

Foi nomeado por oposición agregado cultural da Embaixada de Lisboa, lugar no que foi profesor no Instituto Español e profesor de Literatura Comparada na universidade.

Asinaba en *El Compostelano* co pseudónimo Xan do Cotón os seus artigos co título *Lambizos*. No exilio pasou por Francia, A Arxentina e foi catedrático de Filoloxía Española na Universidade de Texas (1940-1971)...

Imaxe: *Vida Gallega* 10/02/1933

Digo «nuevo», porque la significación del vocablo «poeta» ha tomado arraigo en el alma popular y es aplicable a cuantos—¡Oh, «mulatez intelectual», «chatura estética», que dijo el divino nicaraguenol—realizan esa labor de mosaico de medir sílabas y rimar palabras. Por lo demás, el adjetivo «nuevo» holgaba: que no cabe decir «poeta viejo», y aún, si me apuran un poco, diré— aunque me fachen de herético—que no cabe tampoco «poeta clásico» del siglo XX, sin que esto quiera implicar que no hubiera poetas en el siglo de oro. Hubiera bastado decir «poeta», y el vocablo reflejaría, hablando con propiedad, mi pensamiento. Pero dejemos aquí esta digresión, que sería materia para varios artículos.

Este poeta, este niño casi—cuenta que no ha cumplido diez y siete años—viene al templo de Apolo sin prejuicios académicos. Cosa bien rara por cierto en estos tiempos en que el Arte—mejor sería «arte»—parece vivir dentro de los estrechos límites de una fórmula matemática. Y no porque desconozca la Retórica, a la que tutea, sino, sencillamente, porque ha nacido poeta; amoldarse a las que yo llamo «fórmulas artísticas», no es propio del artista en el amplio sentido de la Naturaleza para cantar. Encerrado en la jaula académica, aunque ésta sea de oro el poeta no puede cantar: se asfixia. Y Ricardo Carballo no quiere asfixiarse por ahora. Es demasiado joven, y necesita respirar el aroma voluptuoso de las rosas que, galante, le brinda su novia, la rubia y núbil Primavera.

N. García Pereira. *Poetas Nuevos*. Fragmento. *Vida Gallega*, 11 de marzo de 1928



Imaxe: *Vida gallega*. Año XX. Número 367 – 10 de febreiro de 1928.
Pé de foto: D. R. Carballo Calero joven e inspiradísimo y brillante poeta que acaba de publicar un libro de versos titulado *Trinitarias*

Carvalho foi poeta ben novo. Así o reflicte García Pereira no artigo da imaxe superior da esquerda. Un mes antes, ese mesmo ano xa era considerado un mozo, inspirado e brillante poeta. Véxase o pé de foto da imaxe superior dereita. En *Vida Gallega* aparecen varios poemas de Ricardo Carvalho Calero:

En 1927, por exemplo, aparecen: «La risa del sol» (10 de xaneiro), «A N. García Pereira» (30 de xaneiro), «Madrigal a una muchacha de oscuros ojos y labios rojos» (10 de febreiro), «Madrigal-soneto» (28 de febreiro), «Lus n-o camino» (10 de marzo), «Ana María» -soneto (10 de abril), «O silencio do sol» (20 de abril), «Filosofía» 30 de abril), «Noiturno» (20 de xuño), «Namorado d'ise xoguete de treidora y-alma de gata» (30 de xuño), co lugar e a data indicada: Compostela 29/06/1927...

Scórpio mostra a vocación poética de don Ricardo, a condición que tiña para a poesía. Aparecen na obra as modas sociais, estéticas, o amor, a observación da realidade, as correntes ou os modos de facer poesía, reflexións, as vangardas, o modernismo, o dominio da linguaxe, a preocupación, a visión da existencia. A poesía como modo de pensamento, como actitude e como necesidade existencial.

«A poesía para min non é outra cousa que catarse... para min a poesía non é un fin en si mesma: é unha maneira de expresar esa trascendencia, unha maneira de purificarse, de purgar as angustias, as preocupazóns do home.»

Fernán Velho/Pillado (1986): *Conversas en Compostela*. P. 148

SAGITÁRIO

Entre as sete moças que estudan connosco, destaca pola súa beleza a que chamamos Cleo...

Sabemos que a Cleo é filla de un indiano, e que nasceu en Cuba. O pai vive en Ribadavía, dedicado a empresas de construción. Cleo habita en Santiago un andar alugado que governa a súa irmá, viúva nova, sem fillos...

...

SAGITÁRIO

Onte fun invitado por Cleo a merendar na súa casa, juntamente com Scórpio. Causoume unha grande impresión a irmá de Cleo. Nom creio que tenha nada que invejar a esta...Tamén é negra a súa melena, que, infelizmente usa, como todas as mulleres hoje, à la garçon. Como lin numos versos publicados en *Blanco y Negro*, creio que de Cristal de Castro:

*Tú, entre todas, la del día,
Con melena a la garzón
Eres la anfibología
Andrógina de Platón*

Mas a citaçom, como o símil homérico, só é inteiramente oportuna na súa primeira parte. A moda pode ser androgina, mas Eugènia é muller dos pés à cabeza. Nom tem um *sex appeal* tam inmediato, ostensível e assovalhante como o de Cleo. Mas na súa aparente tranquilidade, na lentitude das súas maneiras, na sobriedade do seus sorrisos parece estar latente um lume oculto, um fogo em borralha à espreita de erguer-se subitamente em chama devastadora.

Scórpio (2019). Através Editora. Pp. 25-29



«Poeta és / pois dache noxo todo / agás a poesía» (*Salterio de Fingoi*. 1961).
ALGÚNS APUNTAMENTOS PARA COÑECER MELLOR A SÚA POESÍA

«en orde cronolóxica por mor de ofrecer unha visión clara da evolución temática e técnica do escritor desde os seus inicios como poeta con reminiscencias modernistas e simbolistas (*Vieiros*: 1931) durante a II república, pasando por unha actividade intensa como dramaturgo nunha época en que eran impensábeis as representacións dramáticas galegas (a década de 1940), para acabar aportando á literatura unha extraordinaria novela, *Scórpido* (1987) e dous poemarios, *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) e mais o póstumo *Reticências...* (1986-1989)(1990) que, á marxe de modas, **mostran con enorme orixinalidade as grandes paixóns do poeta controladas polo seu dominio dos recursos.**»

Laura Tato: *Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo*. poesiagalega.org/uploads/media/tato_fontainha_2000_carvalho.pdf

«As imaxes –habitualmente de signo racional próximas às do criacionismo e às do ultraísmo– funcionan como elemento nuclear. Trata-se en moitos casos de imaxes antropomórficas, hilozoístas, impregnadas de ludismo e con gosto polo imprevisto, polo inaudito. Coa vanguardia criacionista comparten algúns poemas o ton propositadamente antisentimental e o pendor abstracto. Mais Carvalho, bon coñecedor da tradición literaria e devedor dela, non chega a ser plenamente vanguardista. Do criacionismo e do ultraísmo afastan-no o apego ao narrativismo e ao descritivismo e, sobretudo, a tendencia a construír os poemas como ‘unidades de pensamento’, em contraste co atomismo que os mellores textos daquelas tendencias manifestas.»

Vid. Salinas, Fco.: “Na poesía de preguerra”, en VV.AA., Ricardo Cravalho Calero: a razón da esperanza, extra de *A Nosa Terra*, Vigo, 1991, pp. 60-64. Cita 1 do traballo de Laura Tato antes referido

Despois dun segundo libro en español, *La soledad confusa* (1933) –o primeiro fora *Trinitarias* (1928)–, Carvalho vai ser xa un creador monolingüe, que dá ao prelo, en 1934, *O silencio axionllado*, libro en que desaparecen todos os residuos modernistas e co que entra de pleno no movemento vangardista: hilozoísmo, neopopulismo, abstracción e ludismo. No contexto da poesía do momento, a obra de Carvalho salienta polo erotismo e pola identificación que realiza entre muller e natureza.

Laura Tato: *Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo*. poesiagalega.org/uploads/media/tato_fontainha_2000_carvalho.pdf

O propio Carvalho expresa na HLCG que «é difícil considerar a presenza dun movemento vangardista ben definido na nosa literatura».

Véxase *A Irupción das vangardas* en Pena, Xosé Ramón (2016): *Historia da literatura galega III* (1916-1936)

El pueblo gallego.19/09/1926 presenta a Ricardito Carballo como un precoz poeta e dá a coñecer o poema *Anochecer*

SAGITÁRIO

Scórpio escreve poemas, mais longas cartas a Chéli. Eu creio que a olha coma umha irmá, mas non percebo nos seus sentimentos para ela verdadeiro sentimento amoroso. No entanto, se quadra cada um tem o seu jeito de amar. Vou-me convencendo de que os conceitos universais, os géneros, e as espécies, som convençons que ocultam umha infinita pluralidade de realidades singulares. Tanto Scórpio coma mim passamos por brilhantes alunos, mas ao mesmo tempo imos adquirindo sona de poetas de porvir. Rafael parece derivar da poesía mística à filosófica; e na verdade que bem gustaría eu de ser quem de fazer os versos severamente cinzelados em que Scórpio verte as suas surpreendentes ideias sobre a vida, en forma cada vez máis abstracta e solene. Mas a minha fonte de inspiraçom é a vida concreta, e para mim, a melhor expressom da mesma é a realidade feminina. Vou coleccionando sonetos em que se reflectem as mil formas dessa realidade. Nom som propriamente versos amorosos, mas *descriptions puellae* que a scórpio lhe parecen demasiado desbordantes de cor, de sonoridade e de esteticismo.

Scórpio (2019). Através Editora. Pp. 41-42

"Acísolle recibo de su curiosa carta del 17 de Enero, en que me apunta historia y autocrítica de varias composiciones del librito, aparte de su descontento por erratas y negligencias editoriales. Todo lo he considerado un poco; y ahora diré a Vd. mis impresiones en vista de carta y tomito...
Vamos con "Azul". Parece que se siente Vd. satisfecho de esta composición, en la cual "cree haber asimilado bastante el espíritu del gran maestro Rubén"... ¿Se me enojará si le digo que puede estar satisfecho de lo que en ella no es rubeniano...?... No, amigo mío: lea, tome, asimile a Rubén, Canere, Jiménez y Pascoaes; pero más tómese a si mismo, más penetre en si. ¡Señoréese cuanto pueda, y no se dé ni se preste jamás!... Porque Vd. es poeta, como anuncié a su Sr. Padre en cuanto lo advertí hace dos veranos; y poeta de nuestra tierra (allá los demás) no ha de satisfacerse jamás con ningún otro, ni aún consigo..."



Carta de Rodrigo Sanz López na que lle ofrece a don Ricardo as súas impresións sobre varias composicións do libro *Trinitarias* e na que recoñece a Ricardo como poeta e poeta da nosa terra. 24 de febreiro de 1928. Fonte: Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel...* P. 71

Fotografía ampliada e con efecto do carné de estudante de 1928

Lección de recitación e oratoria en *Scórpio*. Outra das virtudes do autor

Carvalho, un home con múltiples facetas, poliédrico. As súas intervencións públicas, os seus discursos son exemplos didácticos de elocuencia. Foi un gran orador.

SAGITÁRIO

Tremendo, verdadeiramente tremendo éxito de *Scórpio* no recital de onte. Eu preferim adiar o meu para máis adiante, com a esperanza de que esse máis adiante seja à sua vez adiado, e non me tenha que pôr em muito tempo o problema de seleccionar os meus poemas, de peneirá-los cursidosamente e de empastar a voz para recita-los com contido fogo e elegante dicçom...

Scórpio (2019). Através Editora. P. 51



María Ignacia e Ricardo. 1930
Biblioteca Parlamento de Galicia

...Em troques, o suave, o aéreo, o alado *Scórpio* nom duvidou um momento em aceitar a proposta da Comissom, e, quase sem pensá-lo, seleccionou seis poemas e leu-nos com voz sobriamente inflexionada, sem máis mudançom de tom que as estritamente necessárias, sem roçom umha sílaba, sem umha equivocaçom, sem umha vacilaçom, olhando de quando en quando o auditório, mas sem adoptar a atitude de um histriom no palco, con levíssimos movimentos da maos esquerda, e sem que lhe tremesse em absoluto a direita, que sustinha os papeis. Discretíssimas "didascalias" intercaladas entre os poemas distendiam os ânimos apreijados polo teor elevado e a linguagem selectísima dos versos, escritos num galego auto-suficiente, no qual todo castelhanismo estava intencionalmente desterrado. Muitas terám lido mui pouco ou nada escrito na nossa lingua. As senhoras dos catedráticos com mais arraigamento no país associarám inevitablemente o galego à fala dos caseiros das suas casas de campo. Mas quando *Scórpio*, com umha ligeira e fina reverência, deu por rematado o seu recital, os aplausos brotarom espontáneos, nutridíssimos e prolongadíssimos, de todas as partes da aula. Aplaudía fortemente o Decano, fazendo acenos de aprovaçom com a sua branca cabeça; aplaudía com umha diferente e delicada torsom cervical, Herr Professor Doktor Wilhem Maluquer; com um firme repenique aplaudían as maos longas e enjoiadas de Frau Maluquer, a quem todo o mundo supom namorada, e parte do mundo amante, do misterioso *Scórpio*; aplaudía com raiva Merche, que sem dúvida lembrava a historia de Cleo; aplaudía eu, sem saber se *Scórpio* é um génio que sabe como comportar-se por ciência infusa, ou um assombroso talento, que todo o calcula e planifica com espantosa perfeiçom. Todo o mundo aplaudía, mais ou menos sinceramente, louvava os versos, e com absoluta sinceridade-nom há dúvida-o poderoso encanto do recitador.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 52

SALGUEIRO

Agora com os meus companheiros descobriram que falo bem- falo bem, verdadeiramente, metéranme a dirigente da FUE. Para ser dirigente de algo, neste país, avonda com falar bem. Mas eu creio que os bons xestores non som os bos oradores. Sem embargo o prestígio da palabra oral e escrita é tam grande que aquí se confunde a capacidade oratória ou literária com a capacidade política ou administrativa. Confeso que me afagou ser eleito presidente de Direito. Mas quando vim que além de pronunciar discursos havia que fazer gestons, levar contas, escrever cartas, comecei a cansar destas angueiras. Há, porem que comportar-se seriamente, e sacrificar algo ao bem comum. Estamos num momento historico. Há que comprometerse.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 66

Teño unha dor que me canta no peito
Como unha rula en gaiola pechada
ela me fai arrincarme do leito
pra facer versos â luz da alborada.

...

A dor Cantareira, 1929

Detrás dun tabuleiro
detrás dun tabuleiro
vermello, cuja xerfa
peitan, coas suas rabelas ou quillas
peixes verdes en ringla, e na que jacen
unha mazá docemente mordida
e un dado -cubicada sorte ou
cuadratura fatal-,
Sentado, está o poeta.

...

Retrato de poeta. Anjo da terra, 1950

Poeta entre os poetas, poeta por vocación



Fotografía da orla
da promoción de
Dereito.

VERDADEIRO POETA FOI

VERDADEIRO POETA FOI. NOM ESCREVEU
para os poetas. Cantou
para os homes. Aqueles,
monstruosamente desumanos,
nom o admitirom nos seus coros,
porque desentoava
a sua clara voz
da balbúrdia a maotenta
que eles obscuramente articulavam.
A poesía é demasiado séria
para que se administre
tecnocraticamente.
Mas eles nom pensavam assi. Criam
num corporativismo autoritário.
Quanto aos homes, nom lêem
as revistas, os libros de poesía.
Mais ouvirom alguns
aquela voz, e crerom
que era a sua própria:
assi que lhe prestarom atençom,
porque nada interessa tanto a um
como um mesmo. E ficarom admirados
do bem que se exprimiam.
Este foi o destino do poeta
verdadeiro. Os seus colegas
o seu nome apagarom
no escalafom que editam
profissionalmente. El nom estava sindicado.
Os homes que o escuitarom
e crerom escuitar-se,
tamem nom conhecerom o seu nome,
naturalmente, o nome del.
Excomungado, anonimo,
viveu, morreu. Já somente eu o lembro.
Poeta verdadeiro.

Reticências, 1990

A guerra, o consello de guerra, o cárcere en Xaén, o exilio interior foron terribles vivencias que se reflecten na correspondencia, mais tamén na poesía. Ao sentir que puido volver á vida, preguntouse: «**Como podemos viver?**». Este poema é unha síntese da loita contra a ditadura e a expresión do sufrimento ante tal barbarie. Ler estes poemas de *Reticências* axuda a comprender aquela aberración, aquela longa noite de pedra.

COMO PUDEMOS VIVER

Como podemos viver?
Os olhos múltiples e insones de Medusa
fixos em nós a espreita.
As bocas das metralhetas
apontando-nos. A censura
postal-fatídico agoireiro-
lendo as nossas entranhas.
Os sacristãos passando lista
às portas das igrejas. Nos cafés,
os contertulios anotando
as nossas reações perante
as noticias do rádio.
Clitemnestra na cama.

Na escola, os nossos filhos
aprendendo a condenar-nos
a desprezar-nos,
a denunciar-nos, a falarem na língua
com que insultados fomos
e julgados réprobos,
e na qual foi estendida
a acta que nos levou
ao paredom, ao cárcere, ao desterro.
A língua com que nos indultarom
para nos re inserir
arrepentidos,
no mundo que quigéramos
substituir. Muitos morreram,mas
nom falo agora desses mortos; falo
dos que tiverom que viver morrendo
entre os seus matadores,
lendo a imprensa

que de lama os enchera,saudando,
as insignias contra as quais militaram.
Como podemos viver?
E mais vivêmos,
e comêmos, dormimos
engendramos
crianças, se havia que comer , se havia
leito para dormir ou para amar.
E é assim que, como o homem
sossegado bondoso e cortés, pode
converter-se em malvado,
besta cruel; e a mulher terna
e fina
em silvante e ouveante alimanha.

Reticências, 1990



O RUBOR DE SER POETA E O ORGULLO DE LEVAR UN REISEÑOR NO PEITO

«No encontrareis ningún verdadeiro poeta que no os afirme estar convencido de que su misión, la de cantar, es la más alta, la más refinada de todas las misiones humanas. Tendrá el orgullo de llevar un ruiseñor dentro del pecho, y os asegurará que no cambiará sus aptitudes líricas por ningunas otras aptitudes. Os dirá que siente la sublime complacencia de ser poeta y que no quisiera ser ninguna outra cosa, prefiriendo a todo su calidad de sacerdote de las musas. Y será sincero...»

A poesía de Carvalho defínese como unha das grandes obras da literatura galega, neste artigo no Día das Letras de 2020:

Paga a pena ler o texto completo publicado en *El Correo Gallego* de Ferrol o 21 de xaneiro de 1927 e achegarse ao comentario crítico no que Carlos Quiroga acredita o peso substancial da poesía, a vocación poética como escolla autoral capital e a perenidade do canto, parte indisoluble da condición humana de don Ricardo.

E cun chisco de tempo cómpre achegarse tamén no mesmo libro ao artigo de Xosé María Dobarro Paz titulado «Poemas dun estudante de dereito», para comprender mellor este poeta precoz.

Véxase USC (2020): *Ricardo Carvalho Calero. As formas do compromiso.*

Alonso Montero inclúe na súa escolla dos *Cen mellores poemas da lingua galega* o poema «Maria silencio» de Carvalho Calero do seu poemario de 1934 *O silencio axionllado*.

O que quedará como unha das obras máis grandes da Literatura Galega será a poesía de Carvalho: a súa perfección técnica, a enorme riqueza de alusións literarias (as veces rebuscadísimas: Carvalho sempre desafia o lector), a multiplicidade das súas formas fan que sexa case inabarcábel para entrar a facer unha breve valoración dela. Diremos que Salterio de Fingoy (1961) é a súa obra-mestra, un dos cumios da poesía galega nun «bienio de ouro» que produciu catro ou cinco deses cumios da poesía (Nimpos, 1961; Lanza de Soledá, 1961; Salterio de Fingoy, 1961; Longa Noite de Pedra, 1962). En Salterio de Fingoy a reflexión existencial, a procura da transcendencia e de Deus (ben estudada no seu momento pola profesora Araceli Herrero Figueroa), pero tamén a reflexión sobre a Historia (o impresionante poema sobre Gandhi mete a reflexión histórica e política na poesía galega... en 1961!) e xogos literarios moi ben enfiados (un poema como Urbe é capaz de combinar a vella tradición do enfrontamento cidade-campo, que vén de Horacio e do Bispo de Mondoñedo Guevara, con Machado, o García Lorca de Poeta en Nueva York, o Dámaso Alonso de Mujer con alcuza...

combinado con Noriega Varela!). Cada poema de Carvalho, repito, cada poema, induce a un mundo de reflexións: o que non a unha reflexión teolóxica ou existencial, a unha reflexión sobre o xogo coa intertextualidade. Este xogo intertextual acentúase nos seus últimos libros (Cantigas de amigo e outros poemas e Reticencias), onde temos un paseo por toda a tradición literaria europea. É quizais a máis complexa poesía do século XX galego, a poesía máis intertextual para o lector ou lectora máis intelixente e versado. Detrás dela, como detrás da poesía de J. L. Borges, vemos unha imaxe de Carvalho, un espello dentro doutro espello. Por tomar unha imaxe dun mundo que lle interesou, case os obsesionou, nos seus últimos libros de poemas, podemos comparar a Carvalho cun Tristán de Leóns que escapa ironicamente entre todas as Isoldas das moitas lecturas.

Xosé Manuel Vélez Latorre, profesor de Latín no IES Blanco Amor de Ourense. Última parte do artigo «A poesía de Ricardo Carvalho Calero: un xogo de espellos». *La voz de Galicia* 17 de maio de 2020

SANTIAGO DE COMPOSTELA. Calle de Asabachería

A Acibechería. 3ª pousada



SAGITÁRIO

Este curso parece que será para nós mui distinto do curso pasado. Agora somos juristas. Scórpio é o aluno predilecto do profesor Maluquer... Estuda moito. Non frequenta os cafés, e menos as tabernas. Agora vivemos na Azevichería.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 41



Ricardo hospedouse nesta rúa da zona norte da cidade. Os protagonistas da ficción narrativa viven nesta rúa cando rematan a carreira de Dereito. Non consta no seu expediente académico nin no padrón municipal. Sen unha referencia documental ou testemuñal non se pode coñecer a casa na que se puido hospedar.

A Acibechería é o nome que recibe desde o século XV porque nela se instalaron un gran número de artesáns do gremio dos acibecheiros.

No número 5 desta rúa faleceu o 21 de febreiro de 1900 o escritor Alfredo Brañas Menéndez, ideólogo do Rexionalismo. Brañas foi secretario xeral da Universidade entre 1884 e 1885 e concelleiro de Santiago entre 1890 e 1891. Ricardo, na HGLC, fala de Brañas como organizador da doutrina rexionalista:

«En 1873 proclámase a República. Eduardo Chao, amigo de Murguía, é ministro. Sobrevén a Restauración. Un galego, don Euxenio Montero Ríos, convírtese co tempo en destacada figura política... Orgaízase o rexionalismo político, por unha parte os federás, por outra os carlistas. Alfredo Brañas orgaiza a doutrina. En 1891 constituíuse en Santiago a “Asociación Rexionalista Galega”...».

Ricardo Carballo Calero (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. P. 131



Café Quiqui Bar acabado de construír. 1925
Proxecto de Rafael González Villar, 1922
Imaxe de Chicharro publicada en Francisco Macías (2017):
***De Quiqui Bar...a Castromil*. Consorcio de Santiago.**
Edicións Positivas. P. 53

AS RÚAS DE SANTIAGO SON PROTAGONISTAS NUN RELATO QUE SE PUBLICA O TERCEIRO ANO QUE CARVALHO ESTÁ EN COMPOSTELA

Nun ultramarinos da rúa da Acibechería comeza a acción da obra *Dedalus en Compostela* de Vicente Risco, publicada o 25 de xullo de 1929 no número 67 da revista *Nós*, pp. 123-129.

A acción desenvólvese un venres da Ascensión , o 14 de maio de 1926.

Risco conta como atopou a Stephen Dedalus nunha librería da compostelá rúa Nova. Stephen Dedalus é o personaxe literario creado por James Joyce e *alter ego* deste nas súas novelas *Retrato do artista cando novo* e *Ulises*. E informa de que xa coincidira con el en Ourense durante o inverno, no seu despacho da rúa de Santo Domingo. Porén, explica que o encontro se produce no mundo do imaxinable. Di que cando coincidiran en Ourense Dedalus tiña 43 anos (a idade de Dedalus en *Ulises*), mentres que no encontro en Compostela ten 19 (a idade que ten en *Retrato do artista cando novo*).

Risco comeza un paseo desde o ultramarinos ata a rúa Nova pola praza do Pan, O Preguntoiro, A Caldeirería e Tras Salomé.

Dedalus explícalle que foi a Compostela como peregrino para ser soterrado alí, como Guillermo de Aquitania. Risco faille a Dedalus tres preguntas de carácter persoal:

«Por que se anda polo mundo fuxindo da cruz vén morrer a carón do santuario? Por que non o fai na súa terra? E, Por que se foxe da súa raza vén aquí entre eles? Ao que o irlandés responde: que el mesmo é a súa cruz. É a súa cruz, porque esta vai no seu sangue, o sangue celta: o único bendito que hai en min.»

Victorino Pérez Prieto. *A xeración Nós: galeguismo e relixión*. Galaxia. P. 168

Percorren a rúa Nova, A Conga é entran na praza da Quintana, e Dedalus propón ir ao bar Quiqui, sobre o cal discuten da estética da súa arquitectura. Seguen por Praterías, a praza do Hospital e A Acibecharía, e entran na catedral, onde visitan o sepulcro de Santiago o Maior.

Espazos “encubertos” na cidade. Os protagonistas teñen “amizades semiclandestinas” no forno da Carricova.

SAGITÁRIO

E agora o ditador está morto... Com Berenguer temos outra vez reunions políticas...

Desde setembro de 1923 só se reunían publicamente con fins políticos os seguidores do goberno..

Assísim a algunhas reunións de galeguistas...

Os meus pensamentos oscilan entre a *res publica* e a *res privata* e neste último campo entre Chéli e Merche. Mas como ambas vivem fora de Santiago, tenho que procurarme outras amizades femininas...

Scórpido (2019). Através Editora. P. 74

AMPARO

Muito tenho que mirar polas cativas...

E agora acharam esses amigos que andam sempre cosidos ás súas saias. Non sei por que consentim que se reunisen no forno para bailar..

O forno está quente e nas tardes de inverno as três acham-se a gosto connosco. Às veces trazem algum amigo...

Esse Rafael, que seica está rematando os estudos, é o máis sério de todos. Quando chegarom a fazer-se amigos nossos, que foi na verbena da Ascensom, esse non sabía bailar. No forno ensinamos-lhe o passodoble, a valsa, o tango, o fox-trott e o chótis, e agora é o que melhor baila de todos...

Mentres a minha cabeça reja, nada há passar que nom deva passar no forno da Carricova.

Scórpido (2019). Através Editora. Pp. 75-76

SAGITÁRIO

Som mui guapas as rapazas do forno. Se nom fosse porque é maior do que a mim, eu fazia-lhe a rosaca a Amparo...

Agora, quanto começemos o serviço militar, estaremos sujeitos aum horario mais rígido. Já nom disporemos livremente do nosso tempo. Isto influirá nas nossas relacións com as rapazas do forno. E mais eu já começo a cansar destas amizades semiclandestinas.

Scórpido (2019). Através Editora. Pp. 77 -78

No primeiro fragmento seleccionado, Sagitário sinala que o ditador está morto e que desde setembro de 1923 só se reunían politicamente os seguidores do goberno. De certo, o 14 de setembro de 1923 declarouse o Estado de Guerra que duraría ata febreiro de 1925. O día seguinte, o 15 de setembro, apróbase o real decreto que establecía un directorio militar que asumía todas as funcións do poder executivo. Primo de Rivera convertíase en xefe de goberno e único ministro. Primo de Rivera morre o 16 de marzo de 1930.

Localización do Forno da Carricova



No marco temporal da acción, hai unhas circunstancias sociais e políticas preocupantes (que están no pensamento e no compromiso por cambialas), mais hai unha vida que vivir que se evidencia no romance de xeito inercial, nunha sociedade androcéntrica, que uns mozos estudantes proxectan no seu espazo vital, un espazo emocional e de evasión, o que provoca o desprazamento a outras zonas da cidade como A Carricova, Poza de Bar, a rúa de San Pedro ou o barrio de Sar.



Vista frontal da rúa da Carricova, co seu desnivel en escaleira entre a rúa do Medio e a rúa de San Pedro

Carvalho Calero amósanos en *Scórpio* como era a sociedade daquela época. Cal era o pensamento e o modo de vida de «cada unha das clases sociais e dos estamentos que teñen voz no romance».

Villanueva, D. (2002): «Carvalho Calero novelista». *Actas do Simposio Carvalho Calero—Memoria do século*. A Coruña: UDC. Pp. 329-330

Na novela están moi presentes as relacións amorosas e afectivas.

«As vivencias dese conxunto de personaxes ofrécenlle ao lector unha perspectiva colectiva, funcionan como espello do momento social... **Neste sentido *Scórpio* é unha novela ideolóxica, que evoca a cultura espiritual da época.**»

Alva Martínez Teixeira: *O carácter híbrido do discurso histórico-ficcional identitario en Scórpio, de Ricardo Carvalho Calero*. UDC. Pp. 270-271

Outras zonas de aventuras



SAGITÁRIO

Aínda podemos picar no grêmio das aprendizaxas das costureiras, se queremos aventurar-nos polo barrio de Sar, pola poça de Bar ou a rua sam Pedro, onde viven as criaturas mais chás e desenvoltas que a maioría das estudantes, con maior naturalidade no seu trato, mas sumamente atentas a defender-se de qualquer exceso de entusiasmo amoroso que deteriore a sua posíçom de rapazas casadeiras.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 35



O Castrondouro e o barrio de Sar ao fondo. 1917. Fotografía facilitada por Manuel San Martín Villamor

Itinerario 2. As rúas que transita Scórpio para ir á universidade



CERVANTES → PREGUNTOIRO → O CASTRO → UNIVERSIDADE ← TRAVESÍA DO INSTITUTO (2ª pousada)

A PRAZA DE CERVANTES



- A rúa da Acibecheira é o punto de enlace no camiño á universidade cando Ricardo residiu nesta rúa e nas lindeiras da zona norte da cidade (A Fonte de San Miguel, Os Brillares (Abril Ares) e mais A Troia, que se conecta cun punto de confluencia importante en Compostela: a praza de Cervantes.

-Cando vive na Acibecheira, accede directamente á praza e logo continua polo Preguntoiro e a rúa do Castro.

-O tempo que residiu na Travesía do Instituto (agora Travesía dos Gramáticos), o acceso á universidade era directo pola praza do Instituto.



Praza do Campo. 1930
Fotografía facilitada por Pablo Buján Costa
Incluída no libro *Imaxe de compostela:*
unha cidade de pedra nas vellas fotografías



A fonte é a principal referencia desta praza. Anteriormente existía outra fonte na praza do Campo diante da igrexa de San Bieito. No ano 1838 fíxose un concurso para a construción dunha nova fonte en conmemoración do *príncipe dos enxeños*. A actual instalouse en 1840, ten un pío e a base con catro canos suxeita unha columna que sostén un busto de Miguel de Cervantes, máximo representante e expoñente da lingua castelá, que se adoita denominar como lingua de Cervantes ou cervantina. Así o fai Sagitário, en *Scórpio*:

Dixérom-nos que se éramos poetas podíamos ingresar no Seminario mediante a lectura de un conxunto de versos en galego, naturalmente. O Seminario é bilingüe, mas se bem para os trabalhos científicos está admitido o castelhanó ao lado do galego, parece que para as realizacións puramente literárias se considera o galego como lingua ajeitada. Aínda que eu lin Rosalia, Curros e Manuel Antónío, nunca se me ocorrera versificar noutra lingua que a de Cervantes. Em troca, Scórpío confessou-me que desde había algun tempo, todos os versos que escribía estaban en galego, e que tinha publicados sob pseudónimo numha revista que durara mui pouco tempo e que dirigira na nosssa cidade um amigo de seu pai.

Scórpío (2019). *Através* Editora. P. 24



Antiga postal da Praza de Cervantes. Ao redor do ano 36. Facilitada por Pablo Costa Buján

SAGITÁRIO


Ele érgue-se mui cedo, e pola Praça de Cervantes, o Perguntoiro e a rua do Castro pom-se na Universidade e começa a passear o claustro em espera de que as salas se abram. Eu chego sempre bastante despois, somo-me aos seus passeios, e quando o sino soa entramos na aula.

Scópio (2019). Através Editora. P. 41




Praza do Campo, 1919
Fotografía facilitada por Pablo Costa Buján
Incluída no libro *Imaxe de compostela:*
unha cidade de pedra nas vellas fotografías


Esta praza, lugar de tránsito dos peregrinos que procuran ir cara á catedral desde a Porta do Camiño, denominábase praza do Foro no século XII. Era un dos puntos da cidade nos que se lían os pregóns e as ordenanzas. Aquí realizábase o mercado e moitos dos acontecementos públicos. Entre o século XVI e o XVIII contaba coa Casa do Concello no edificio da dereita da imaxe. Isto fixo que se consolidase como centro neurálxico: administrativo, comercial, político e civil da cidade.



A rúa do Preguntoiro albergará desde 1938 a sede do xornal *El Correo Gallego* (na rúa de Altamira, número 10, desde fins do s. XIX, anteriormente Almeas) no que Ricardo colaborou desde ben mozo. No entanto, cando el estuda en Compostela esta rúa é principalmente comercial e nela predominan os coloniais ou os ultramarinos como os dos irmáns Vázquez Pérez (José e Manuel), calzados (Severino abriu en 1932), confección (Esteban Ceinos no número 36), mercerías como La Mariposa no número 18, clínicas como a do Dr. Merino, fundada en 1916 nos números 6 e 8, 2º. E hai que resaltar a Droguería Labarta, fundada en 1837, a Casa de Enrique Mayer (1861-1931), gravador e acibecheiro, profesor de debuxo na Sociedade Económica e, desde 1893 profesor de debuxo artístico na Escola de Artes e Oficios. No número 23 estivo o Círculo Mercantil. E, o ano que Carvalho remata a carreira, 1931, falece Mayer e abre a Papelería Compostela, en Cinco Calles.



El Compostelano, 13/09/1921



Ao vir para Santiago en outubro de 1926 Ricardo seguiu a enviar as colaboracións a este xornal daquela ferrolán. Un bo exemplo é a conferencia *En torno a las ideas comunistas de Platón* pronunciada no Centro Obreiro de Cultura e impresa nos **talleres tipográficos de El Correo Gallego. 1929**

Cando Ricardo era estudante non estaba aínda nesta rúa principal da parte alta da cidade a sede e a rotativa do xornal máis antigo de Galicia, *El Correo Gallego*, que tamén tiña acceso pola rúa de Altamira, posto que *El Correo Gallego* naceu en Ferrol o 1 de agosto de 1878 como *Diario político de la mañana* fundado por José María Abizanda y San Martín. O seu primeiro director foi Victorino Novo García. A sede estaba na rúa Magdalena, 186.

El Correo Gallego trasladouse a Compostela en plena Guerra Civil, no ano 1938, fusionándose con *El Eco de Santiago* como *Diario de información general* logo de constituírse a Editorial Compostela o 18 de xuño. Comezou a súa vida compostelá o 1 de outubro dese ano.

Así o recolle Carvalho nunha carta a Fernández del Riego do 20 de decembro de 1941:

«En *El Correo Gallego* fundido con *El eco de Santiago*, veo a veces artículos de Santiago Amaral.»

(Os artigos aos que se refire eran de Ramón Otero Pedrayo que os escribía co pseudónimo de Santiago Amaral).

Na época ferrolá salientan entre os seus directores Eladio Fernández Miranda (fillo de Ezequiel Fernández Miranda) Roberto Blanco Torres (1920-1921), Ramón Villar Ponte (1921) ou Xaime Quintanilla Martínez, o primeiro alcalde republicano de Ferrol que dirixiu tamén a Editorial Céltiga. Entre os colaboradores: Curros, Pondal, Emilia Pardo Bazán, Alfredo Brañas, Manuel Amor Meilán (director de *El Regional* de Lugo, xornal vencellado ao Partido Republicano Federal) e tamén o mozo «Ricardito» Carvalho Calero onde daba a coñecer algún dos seus poemas.

Aurora Marco no seu libro *Foula e Ronsel Os anos que marcaron a biografía de Carvalho 1910-1941* ofrece a relación de colaboracións «que viron a luz» neste xornal «onde comezou a ler da man da súa nai» e «onde comezou a facerse familiar o seu nome» amais de noutros xornais e revistas como *El Compostelano* fundado por Ramón Díaz-Varela Ituarte e Juan Moreno Tilve, aparecido en 1920 e de tendencia conservadora.

«Cando comecei a publicar en *El Correo Gallego* -no Correo Gallego dos anos 26, 27, deve haver muita cousa minha- contemporaneamente à minha vinda a Santiago como estudante...»

Fernan-Velho, M. A. e Pillado, F. (1986): *Conversas em Compostela*. Sotelo Blanco. P. 33



El Correo Gallego, en Santiago, pasou a denominarse El Correo Gallego y El Eco de Santiago.

En 1967, fusionouse coa publicación vespertina *La Noche*. Único diario de la tarde en Galicia, publicado en Santiago de Compostela desde o 1 de febreiro de 1946, día do seu nacemento, como sucesor de *El Compostelano*, seguindo mesmo a súa numeración, ata ese ano, 1967, cando desaparece. Era unha publicación localista. Desde o punto de vista literario e cultural, destacaban as seccións «Página poética» e «Folklore gallego», ademais introducía textos teatrais, recensións de libros galegos ou información sobre certames literarios. Na *Gran Enciclopedia Galega*, sinálase o seguinte feito:

«sorprende, dada a súa evolución ideolóxica, que dese cabida a escritos de autores do bando republicano como Carballo Calero, Delgado Gurriarán e García Lorca».

Gran Enciclopedia Galega. Tomo 10. P. 232

Tras unha primeira xeira de tres anos (1946-1949), iníciase outra cando se suspende o *Suplemento del sábado* que se publicou entre os meses de outubro de 1949 e xaneiro de 1950. Este suplemento cultural, literario e económico coordinábase Francisco Fernández del Riego, que asinaba como Salvador Lorenzana, e Xaime Isla Couto, que asinaba como Santiago Fernández. Era unha publicación galeguista e progresista que incluía moitos artigos e colaboracións sobre literatura, sobre todo literatura galega, pasando a ser un importante referente da vida cultural galega. A denominación da súa cabeceira era *El Correo Gallego, diario de La Noche*.

No limiar de *Plumas e letras en La Noche (1946-1949)*, editado polo Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, en 1996, remítese a que Méndez Ferrín, comentando un artigo de Fernando Cadaval (Carvalho Calero) «Los problemas de la poesía gallega en 1949» publicado en *La Noche* o 31 de outubro de 1949— di:

«Podemos xa que logo, sinalar o 1949 como o ano en que se xera a recuperación cultural de Galicia».

O 27 de decembro de 1968 volveu editarse como diario matutino.

Entre as colaboracións de Fernando Cadaval (Ricardo Carvalho Calero), no ano 49 están: «Tres fechas de una vida» (13 de setembro); «Una lengua viva» (22 de setembro); «Gelmírez, heroe de novela» (7 de outubro); «Don Salvador» (11 de outubro); «La vida escolar de don Augusto Ulloa» (15 de outubro); «Ulloa y sus deudos en el espejo cóncavo» (25 de outubro).

La Noche, 26/01/1949

Referencias de don Ricardo a *El correo Gallego* e *La noche* na súa correspondencia:

«No Correo Gallego, periódico que xa sabes non está a ben con nós, non vin a reseña da túa confrenza. Se se publicara, mandaríacha, mais non creo que apareza.»

Carta a Del Riego, 14/10/1932

«He recibido ayer tu carta del 27. Interpreto tu artículo de *La Noche* como un amplio y fraternal gesto, lleno de generosidad y cariño; y agradezco infinitamente, más bien que la exteriorización de tu benevolencia hacia mi, la benevolencia misma en su íntima substancialidad, que en tu artículo se publica.»

Carta a Del Riego, 29/01/1949

O artigo ao que se refire Carvalho na carta é o que publicou Fernández del Riego (Salvador Lorenzana) o 26 de xaneiro, tres días antes, titulado «Efigie literaria de un escritor. El prosista, el poeta y su vocación»; sobre el.

«Sobre la exposición “Altamira” he publicado un artículo en *El Correo Gallego*, del día 8, que salió con bastantes erratas.»

Carta a Del Riego, Ferrol 13/10/1949

«He visto ayer en el Suplemento dos cosas mías. Creo que tienes aún en tu poder, o lo habrás mandado a Santiago, otros varios originales remitidos por mi. Si no me equivoco son “Un cuento”, “Una vieja plaza”, “Don Juan Gallego” y “Xelmírez”. Ahora te mando otro, “Los motivos gallegos en la poesía de Rubén Darío”. La causa de esta abundancia radica en que te envió cosas que preparaba para los números ordinarios de *La Noche*, pero como principio de mes mandé una cosa titulada “Ruta espectral del Marqués de Bradomín” y no ha aparecido, aunque el mes ha terminado, no he seguido mandando.»

Carta a Del Riego, 28/11/1949

«Usero se dedica intensamente a la preparación de la conferencia de Otero. Si se cumplen las previsiones hechas se celebra el 28. El tema será “Viento del Oeste”, una especie de geografía emocional del Atlántico y del mar gallego. Usero ha conseguido del director de *EL Correo Gallego* facilidades para el anuncio del acto. Acaso hayas visto ya en dicho periódico alusiones al mismo.»

Carta a Del Riego, 11/05/1949

«Cuando recibí la más reciente tenía entre manos un trabajo que encaja perfectamente dentro del índice que me anuncias de materias que comprenderá el suplemento el suplemento de La Noche...Respecto de la colaboración en *La Noche* que he concertado con el director, y que hasta ahora está representada por los dos artículos que habrás visto, te ruego que me digas mediante qué trámites y con qué periodicidad me pagarán...Volviendo a La Noche, veo que en los últimos números no figura colaboración del tipo que nosotros hacemos. ¿Acaso esto se relaciona con el proyectado suplemento?»

Carta a Del Riego, 01/10/1949

«Como non leo máis xornás que os de Compostela, desconozo os comentarios que os das demais vilas serán publicado en col do teu libro... Sei, iso sí, que na páxina que os xoves fan os estudantes na “Noche” teñen mentes de publicar un artigo de Mourullo falando de “Sete Poetas”.»

Carta de Ramón Piñeiro en contestación a outra de Carvalho, Compostela 03/11/1955



Sede de *El Eco de Santiago. Diario de la tarde*, na rúa Nova, 13. Editouse entre 1896 e 1938. Entre os seus colaboradores figuraron Juan Barcia Caballero, Francisco Romero Blanco, Javier Montero Mejuto, Santiago Montero Díaz, Alfredo Brañas, Pablo Pérez Costanti, Emilia Pardo Bazán, Aurelio Ribalta, Armando Cotarelo Valledor, o marqués de Figueroa, Victorino García Martí. Publicou poemas de Rosalía, de Ricardo Barros Pintos, Antonio Rey Soto. Dedicou un número a Pérez Lugín. Informou decote sobre a Primeira Guerra Mundial, a Guerra Civil e imprimiu o Estatuto de Galicia de 1936.

Árboles de Castilla bajo sol de verano
 Los árboles calvos
 y secos y desnudos
 que yerguen la miseria
 de sus ramas escueltas
 hacia los cielos sordos,
 hacia los cielos mudos,
 parecen suplicantes
 manos de ancoretas.
 Árboles castellanos,
 árboles veraniegos
 con la entraña abrasada,
 del Sol bajo los fuegos,
 pidiendo agua a los cielos
 imposibles y arcanos;
 árboles veraniegos,
 árboles castellanos.
 Que eleváis hacia el cielo
 vuestras ramas escueltas,
 que parecen resacas
 manos de ancoretas,
 clamando de la lluvia
 las frescoras galanos:
 Yo quisiera ser Dios,
 para que el llanto mío
 os refrescase el alma
 como dulces rocíos...
 árboles veraniegos,
 árboles castellanos...
 R. CARRALLO CALERO.

Aínda non ben levaba 6 meses don Ricardo en Compostela aparece publicado o seu poema «Árboles de Castilla bajo el sol de verano» en El compostelano do día 3 de marzo de 1927.

Galician. Biblioteca Dixital de Galicia



El Eco de Santiago, 3 de xaneiro de 1927



El Compostelano. Diario independiente.
Número 1. Data: 2 de febreiro de 1920.
 O último número editouse o 30 de xaneiro de 1946.
 Producción: Santiago de Compostela
 Imprenta de *El Compostelano*, 1920-1946
 Fonte: Galician. Biblioteca Dixital de Galicia




El Correo Gallego. Rúa do Preguntoiro. Imaxe facilitada por El Correo Gallego

A voz de Carvalho renace en *La Noche* tras o silencio da guerra e a prisión, no seu retorno a Galicia

La Noche tivo como directores a José Goñi Aizpurúa, Raimundo García Domínguez (Borobó), José Vidal Iborra e Francisco Leal Insua.

A listaxe de colaboradores era extraordinaria xa que contaba cos mellores: Otero Pedrayo, Martínez Risco, Bouza Brey, Iglesia Alvariño, Vicente Risco, Julio Camba, Arcadio López Casanova, Gonzalo López Abente, Álvaro Cunqueiro, José María Castroviejo, Antón Fraguas, José Filgueira Valverde, Couceiro Freijomil, o bispo Guerra Campos, o matemático Vidal Abascal ou Carlos Maside.



El Correo Gallego. Eco de Santiago, 1 de xaneiro de 1939, xa con sede en Santiago (redacción e administración); pero con oficinas en Ferrol. Neste recorte pode observarse como indica o ano de edición como «terceiro ano triunfal».



Único diario da tarde en Galicia: *La Noche* - Ano XXVII Número 7982 - 2 de decembro de 1946



La Noche, diario vespertino de Galicia. Ano XLVIII Número 14371 - 30 de novembro de 1967

Imaxes: Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia.

«A partir do ano 1949 abrese-lhe a posibilidade de publicar artigos no jornal compostelano *La Noche*, fundado poucos anos antes. O director do jornal intentava destarte prestar axuda económica a un escritor “maldito” polo sistema imperante. Partiu tamén dos responsábeis do jornal a sugestom de assinar con pseudónimo, para maior seguranga tanto do jornal como do propio escritor; e deste modo naceu o pseudónimo “Fernando Cadaval”, que usaría aínda ocasionalmente anos máis tarde. Assim comeza a romper o longo silencio forzado desde o inicio da guerra civil. Em *La Noche* publicará algúns artigos de investigación histórica sobre o político lucense Augusto Ulloa Castañón, algo emparentado coa familia da súa esposa. E nom tardam em aparecer breves estudos sobre temas de literatura galega, sobre o motivo rosaliano do cravo e outros temas da poética de Rosalía, sobre a poesía galega do momento, sobre a peza teatral *Pilara* do seu velho mestre Comelhas Coimbra. Pouco a pouco, a través destas modestas colaboracións xornalísticas vaise configurando o vulto de un extraordinario investigador da nosa literatura, traballador de infatigábel entrega e de crítica perspicaz.»

José-Martinho Montero Santalha (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Laiovento. Pp. 79-80



Edificio onde estaba *El Correo Gallego*. Rúa de Altamira

Imaxe facilitada por *El Correo Gallego*

«Mi querido amigo: En la tarde de este domingo, recluso en mi casa, después de una larga siesta, me he puesto a escribir cartas y, cuando me cansé de la literatura epistolar, hice un poco de literatura periodística. Te mando pues, dos cosas para el Suplemento, aunque acabo de mandarte otras dos.» (Carta a Fernández del Riego, 13/10/1949).



Imaxe: Foto Artús. Fundación Rosalía de Castro

Carvalho, en 1941, quedou en liberdade condicional coa obriga de se presentar na prisión de Ferrol a cada pouco. Buscou traballo en colexios particulares e non volveu a Compostela ata 14 anos despois de visitalo por última vez antes de estalar a Guerra Civil, segundo o relato de Seoane en *Libros e autores galegos II* (1962). En 1945, rematou *Isabel*, iniciada en 1936. En 1948, Ricardo escribe tres novas obras dramáticas: *A sombra de Orfeu*, *Farsa das zocas* e *A árbore* e o romance *A xente da Barreira* (que publica en 1951, a editorial *Bibliófilos Gallegos*, nacida en Santiago dous anos antes, sendo Sanchez Cantón, Filgueira Valverde, Blanco de la Peña e Cordero Carrete os seus promotores) máis as novelas *Os señores da Pena* e *Lar de Clara*. En 1949, tal e como se comentou anteriormente, comeza a romper o silencio ao que se veu obrigado escribindo en *La Noche*, co pseudónimo *Fernando Cadaval*. Este ano constituíuse o Padroado Rosalía de Castro no Salón Artesoado do Pazo de Fonseca en Santiago (na imaxe superior). No acto, José Mosquera Pérez le a memoria das xestións realizadas para facerse realidade. Ao seu carón, na mesa da presidencia, Manuel Casas Fernández, Arturo Souto Vizoso, Luís Iglesias Iglesias, Luís Legaz Lacambra e Salustiano Portela Pazos.



Colaboradores de *La Noche* e membros do Padroado Rosalía de Castro nunha xuntanza:

Primeira fila, Otero Pedrayo, Pura Vázquez, Pura Lorenzana, marqués de Figueroa, Ramón Pazos, Vázquez Iglesias, Ramón Cabanillas e Manuel Pose. **Segunda fila,** Manuel Balboa, Paulino Pedret, García Sabell, Iglesias Vilarelle, Xesús Carro, Ramón Piñeiro, José Dapena, Ramón Baltar e Filgueira Valverde. **Terceira fila,** Varela Jácome, Maiztegui, Fernández del Riego, Gómez Román, Francisco Asorey, un poeta mozo, Gustavo Varela e Xosé Pumar. **Cuarta fila,** Taboada Roca, Chamoso Lamas, Borobó, Ramón Lugrís, Manuel María e Manuel Castiñeiras.

Fotografía facilitada por *El Correo Gallego*



La Noche, 3 de febreiro de 1950. Comentario sobre o drama teatral *Pilara* ou *Grandezas d'os humildes: fantasía dramática en tres partes* de Manuel Comellas, asinado por Fernando Cadaval, pseudónimo de Carvalho Calero.

Fonte: Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia

Os temas recorrentes na correspondencia entre os intelectuais son as conferencias, os libros, os artigos publicados na prensa, os comentarios que se realizan sobre estes, e as reaccións que provocan, así como a convocatoria de premios literarios e todo o que interesaba á súa intensa actividade. Nunha carta, Ramón Piñeiro informa a Carvalho da destitución do director de *La Noche* por un artigo que publicou defendendo a liberdade de prensa.

(Santiago, 22/05/1950)

Meu querido amigo:

Onte viñeron algúns exemplares d-iste libriño de versos e como supoño que non-o conoces mándoche un exemplar. A historia do autor cícais a conozas xa: era de Tuy, foi músico en Vilagarcía e morreu tuberculoso en Buenos Aires, pol-o visto a causa da fame. A min gústame. Sin dúbida pertenece á escola que ti denominaches de “poesía románica”. Ten un senso moi puro do idioma, cousa que che resultará grata.

O Bouza chegará eiqú a fins d-ista semán pra embarcar o día 5 de S. Xoán camiño de B. Aires. Vai a botar varios meses por aló, pois ten que arreglar non sei que choios hereditarios.

Xa salú o libro de Cabanillas, que quedou ben editado. Tamén salú o primeiro número da “Colección Grial”, que está editado con gran modestia con miras a facilitar a súa difusión con un precio módico. A Historia da Literatura Galega xa se está imprentando (en castelán) e Otero entregaranos no vran un libro de viaxes –o libro do seu viaxe á América– para publicalo na colección literaria que inaugura Cabanillas.

O domingo fomos Á Cruña a facerlle unha visita a D^a Gala, que sigue vivindo na casa onde viviu o pai. Alí hai cousas interesantes. A min impresionoume o despacho de Murguía, que inda o conservan tal como il o deixou. A súa mesa de traballo está aínda sin abrir. Non se sabe que será o que ten nos caixóns, que están cheos de papeles. Tamén vin un retrato de Rosalía cando era moza recén casada que non se publicou nunca.

A novidade máis importante de por eiqú é que onte destituiron a Goñi da dirección do “Correo” e de “La Noche” por un artigo que publicou defendendo a liberta-de de prensa.

Otero está tan animoso coma sempre. Anda a traballar na historia do XIX.

Supoñote enterado de que o Centro Gallego de Buenos Aires estableceu cinco premios anuais de catro mil pesos cada un. Tamen o de La Habana convocou tres premios de 500 pesos (que equivalen a 500 dólares) pra conmemorar o centenario de Curros.

Moitos saudos a María i-ás nenas e ti recibe unha aperta do teu amigo

R. Piñeiro

Este mesmo ano, 1949, no que publica en *La Noche* o comentario sobre a obra *Pilara ou Grandeza d'os humildes* do escritor e pedagogo Manuel Comellas, estreada no Teatro Jofre en Ferrol en 1919, e recibe a noticia da destitución do director deste xornal, Carvalho está comprometido co proxecto da creación de Galaxia e participa na asemblea fundacional que se leva a cabo o 25 de xullo no Hotel Compostela, presidida por Ramón Otero Pedrayo e coa presenza de persoeiros do galeguismo, como Manuel Gómez Román, secretario do Partido Galeguista, Xesús Ferro Couselo, Xaime Isla Couto, Fernández del Riego, Sebastián Martínez-Risco ou Antonio Fernández López. **Imaxe inferior:** Xuntanza fundacional de Galaxia no Hotel Compostela.



Manuel Gómez Román (1876-1964). Arquitecto. Contratista de obras. Fundou unha academia de debuxo e modelado. Traballou como acuarelista e como escultor. Presidiu as sociedades viguesas La Oliva (1910) e Ateneo (1928). Fundador e accionista de *El pueblo gallego*. Dirixiu a sección de Artes Aplicadas do Seminario de Estudos Galegos. Foi aspirante á alcaldía de Vigo coa Fronte Popular. Secretario xeral do Partido Galeguista. Vicepresidente de Galaxia e da Fundación Penzol. Promotor do Día das Letras Galegas con Del Riego e Ferro Couselo. Colaborou en prensa con debuxos artísticos e caricaturas. Realizou unha extensa obra arquitectónica. Salientan: o monumento funerario a Concepción Arenal, a Casa Mülder, o Edificio Simeón, a Casa de Correos, o antigo edificio do Banco de Vigo, logo Banco Pastor, ou a fábrica de Alfageme, en Vigo. En Lugo, a Escola Fingoy (1947), a reforma do convento de San Francisco para adaptalo a Museo Histórico Provincial (1950). En Compostela, o inmoible que fai ángulo entre as rúas Concepción Arenal e García Blanco (fotografía da dereita). Tamén publicou numerosos traballos sobre as características da arquitectura galega. Cómpre mencionar o discurso de ingreso na Real Academia Galega (1951), «Encol dunha arquitectura galega», que se inclúe no número 56 da revista *Grial* (1977).

Imaxe: *Vida Gallega*. 1 de febreiro de 1910



As Letras Galegas de 2020 dedicadas a Carvalho Calero coinciden coa celebración do 70 aniversario da fundación de Galaxia. Segundo se expresa no web da Fundación Otero Pedrayo ou no da propia Editorial Galaxia: «Configurábase daquela o núcleo principal da resistencia cultural e política do galeguismo, obrigado á clandestinidade e ao exilio despois da Guerra Civil (1936). Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro foron as tres personalidades que dende o primeiro momento orientaron a editorial, comprometida coa recuperación da lingua e da cultura galegas, nos tempos difíciles da ditadura».

Nun documento audiovisual editado pola CRTVG titulado *A Editorial Galaxia S.A.*, Carlos Casares, que foi director desta editorial e da revista *Grial*, salientou este feito significativo: «un grupo de galeguistas sobreviventes da Guerra Civil, con escaseza de medios, reformularon loitar politicamente a través da cultura, creando unha editorial que resultou ser un éxito completo».

O profesor compostelán Anxo Tarrío describiu así o que supuxo a creación da entidade co mellor fondo bibliográfico do panorama editorial galego:

«a literatura galega, como Sísifo despois de coñecer etapas de florecemento e conseguintes depresións, tivo que recomezar a penosa ascensión que a levase, polo menos, aos niveis alcanzados durante a *Época Nós*. E non foi sinxelo nin rápido ese remonte pois ata o ano 1947, coa publicación de *Cómaros verdes*, poemario de Aquilino Iglesia Alvariño non se coñece ningunha publicación de interese en forma de libro... Así mesmo, a primeira novela de posguerra, *A xente da Barreira* de Ricardo Carballo Calero, non apareceu ata o ano 1950, data en que ten lugar, agora si, un importante acontecemento que servirá de catapulta para o próximo re-nacemento (*sic*) da literatura e da cultura galega, en xeral. Referímonos á fundación da Editorial Galaxia, empresa que nos seus comezos foi algo máis que unha editorial. O certo é que reuniu, daquela, un importante elenco de persoeiros que tiveran xa un protagonismo máis ou menos pronunciado nos anos anteriores á guerra... Eles propuxéronse servir de transmisores dos ideais galeguistas a aquelas xeracións que, nacendo na década dos anos trinta e primeiros dos corenta, formaranse no seo da cultura oficial escurantista que sistematicamente lles escamoteou o coñecemento do pasado cultural galego e das vicisitudes socioeconómicas e políticas polas que pasara Galicia. Axiña os homes de Galaxia ofrecéronlles aos xoves coleccións en que poder publicar os seus primeiros versos e narracións. Ademais en 1951, puxeron en circulación o primeiro número da Colección Grial...unha especie de Cadernos de Cultura cernados o anos seguinte polo Ministerio de Información e Turismo...e non volverá aparecer ata 1963, data desde a cal acode puntualmente cada trimestre ás librerías, co subtítulo *Revista Galega de Cultura...*».

Anxo Tarrío Varela (1988): *Literatura Gallega*. Taurus. Pp. 148-149



Imaxes que corresponden á mesma xuntanza citadas como Xuntanza Fundacional de Galaxia. 1950. Parlamento de Galicia e Xuntanza do Consello de Galaxia. 1960. Fundación Otero Pedrayo. A continuación, o primeiro libro publicado pola editorial Galaxia e o primeiro número de *Grial* (1963), no que aparece *Farsa das zocas* de Carvalho Calero

O resplandor da cultura galega na rotativa de *El Correo Gallego*



«Foi durante décadas a rotativa dos xornais *El Correo Gallego* e *La Noche*. Estaba situada nos baixos do número 29 da rúa do Preguntoiro e cada noite a súa actividade era frenética. A Vomag Plauen V, que nos anos sesenta tiraba cada xornada miles de exemplares do diario da capital de Galicia, permaneceu en funcionamento ata os oitenta, cando foi substituída pola rotativa Offset. "Naquel entón facíase todo á man", lembra José Luis Gianzo, comercial xubilado do Grupo Correo Gallego. "Aquilo era un fervedoiro de xente cada noite: o proceso de impresión comezaba na linotipia e terminaba na rotativa, pasando polos fundidores, que facían os ferros de chumbo", explica. No Preguntoiro e na rúa de Altamira percíbíase permanentemente o inconfundible cheiro a tinta.»

El Correo Gallego: Cuando en O Preguntoiro y Altamira se sentía cada noche la rotativa de El Correo Gallego. 5 de xullo de 2018
Imaxe da rotativa facilitada por *El Correo Gallego*



A cultura reactivábase no suplemento *La Noche*, na rotativa de *El Correo gallego*, bautizada co nome Fe, en febreiro de 1947, no que colabora Carvalho Calero, inmerso nese renacer tamén na fundación de Galaxia, participando na súa creación e como membro do seu consello de redacción. Este suplemento do xornal compostelán foi o xermolo orixinario de Galaxia. Os seus colaboradores crean a empresa editorial -cultural- máis ambiciosa e significativa da nosa historia. Ricardo nunca deixou de estar implicado e comprometido coa cultura e co país. O seu esforzo, a súa lucidez intelectual e creativa aínda ían dar moitos froitos.



PORTICO DE LA GLORIA


Por
Fernando Cadaval

Pórtica de la Gloria. Por ti entra
el hombre al paraíso recobrado;
cosmos supratereño organizado
por el polvo que en piedra se concentra,

Tornada por la roca en ti se cuentan,
guirnalda mineral, granito ando;
grave paloma que a uno y otro lado
tiene enarcada luz y en Dios se adelanta,

Dios encontrado a fuerza de inquirido,
voluntad inmanente realizada
en trascendente eternidad de olvido,

¡Duro fervor! ¡Pasión petrificada!
(Olvídalo de sí, de sí perdido,
Mateo, arredillado, se anonada).



Os «caixistas» encargábanse de compoñer os moldes que se tiñan que imprimir. A linotopia supuxo unha revolución na prensa escrita. Os xornais podían ter máis páxinas e introducir ilustracións ou imaxes. Foi o primeiro sistema que mecanizou o proceso de composición de textos para os imprimir.

Na parte superior: Soneto «Pórtico de la Gloria» de Carvalho Calero publicado en *La Noche* o 24 de xullo de 1952. Galiciana. Fotografía facilitada por *El Correo Gallego*



La Noche. Único diario de la tarde en Galicia desde 1946 ata 1967. Ao fusionarse con El Correo Gallego denominarase El Correo Gallego. La Noche. Diario de Galicia, e sairá ata o 30 de novembro de 1974. A partir do día 2 de decembro de 1974, o xornal só se chamará El Correo Gallego. Diario decano de Galicia, pero na contraportada seguirá aparecendo por un tempo El Correo Gallego. La Noche. Diario decano de Galicia, ata abril de 1984.

Na imaxe, Carvalho a carón de Borobó



Esta rúa é a antesala da universidade cando Ricardo vivía nas pousadas da zona norte da cidade. A rúa que nos revela o enclave no que se foi asentando Compostela. O seu referente espacial. Na casa que se coñece como a casa do pazo do Castro, viviu Castelao.

«Castelao, sendo estudante do Instituto, viviu de pupilo no mesmo pazo de Raxoi, na habitación dun empregado. Foi un dos poucos veciños - agás dos membros do Colexio de Confesores- da gran praza dos ventos e das Pelerinaxes (...). Viviu Daniel tamén no grave e xeitoso pazo, afeito a esculcar ata o Pico Sacro, da rúa pequeneira e outa do Castro. Non hai pazo con máis raxado xardín e searas: as antigas hortas de Altamira na súa versión de mercado.»

Ramón Otero Pedrayo. *O espello na serán*, «A romaxe compostelá de Castelao». Pp. 280-281

De 1900 a 1903, Castelao estudou no Instituto Xeral e Técnico o bacharelato de Artes e, entre 1903 e 1909, cursou a carreira de Medicina. Os primeiros cursos de Medicina reside en San Miguel,¹ e os dous últimos, na Rúa do Bispo Xelmírez, 28.



«Daniel que vive na rúa do Castro, 9, alto de máis e algo máis vello ca os seus compañeiros de arredor dos dez anos, no ensino vai atrasado, polo que ten que se esforzar para recuperar parte do tempo desa escolarización que non tivo na puberdade alá na esgaira Pampa. Mercábanlle a roupa na rúa da Caldeirería, 33, no comercio de Hixinio Pino, amigo do pai.»

Miguel Anxo Seixas (2019). *Castelao, construtor da nación*. Tomo I. 1886-1930. Pp. 171-172

O número 9 da rúa do Castro albergaba o Xulgado de Instrución, o Xulgado Municipal e o Rexistro Civil no último cuarto do século XIX.

JUZGADO DE INSTRUCCION.—Calle del Castro número 9. Juez Don Ramon González. Secretario de gobierno. Don Manuel Leal. Horas de despacho de 11 de la mañana a 1 de la tarde.
JUZGADO MUNICIPAL.—Castro 9. Juez, Don Luis Fraga Sankro. Secretario, D. Juan Banzas. Horas de despacho de 9 mañana a 2 tarde.
REGISTRO CIVIL.—Castro 9. Horas de despacho de 9 mañana a 2 tarde y de 5 a 8 de la noche.
INSPECCION DE VIGILANCIA.—Soportales del Consistorio. Inspector, Don Francisco Servino. Horas de 12 mañana a 1 tarde y de 3 a 5 idem.

Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela: Núm. 99 (04/05/1887). P.1

NOTAS UTILES.

	<i>Entrada.</i>	<i>Salida.</i>
Castilla.	6 mañana	10:30mañana
Coruña	6:30 id.	8:30 noche
Arril Pontevedra y Vigo	10:15 id.	7:45 mañana
Muros y Noya.. . . .	9 id.	7 id.
Negreira.. . . .	9:15 id.	7 id.
Ostrada.	6:30 tarde	7:30 id.
Orense.. . . .	7 id.	6:30 id.

DESPACHO DE REJA Y CERTIFICADOS.
 De 8 mañana a 11 idem—De 7 tarde a 8 noche
JUZGADO MUNICIPAL—Castro 9. Juez, Don Luis Sánchez Miramontes. Secretario, D. Juan Banza. Horas de despacho de 9 mañana a 2 tarde.
JUZGADO DE INSTRUCCION.—Calle del Castro num. 9. Juez D. Ramon Gonzalez. Secretario de gobierno D. Manuel Leal. Horas de despacho de 11 mañana a 1 de la tarde.

Establecimiento tipográfico de la Gaceta de Galicia

Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela: Núm. 93 (07/05/1889). P.3

A PRAZA DA UNIVERSIDADE



A praza da Universidade nomea o lugar no que foi construído o edificio da universidade no predio e hortas da Compañía de Xesús, na segunda metade do século XVIII. Conservouse a biblioteca, a capela e a casa de exercitantes que albergaba a Escola de Gramática. A universidade é o espazo referencial, o lugar capital, central da acción, na ambientación de *Scópio* e na vida de don Ricardo, o eixe sobre o que pivotan a acción narrativa e os espazos da cidade e a propia vida de don Ricardo en Compostela.



Edifício da universidade co grupo escultórico de Xosé Ferreiro sobre o frontón. Gravado de Capuz. Ca. 1894. Facilitado por Pablo Costa Buján



Nos anos que estudou na universidade, o estudante, o poeta, o líder estudantil atopou neste edificio e en Compostela non só unha ampla formación académica, vital e intelectual. Ricardo foi adquirindo un forte compromiso coa sociedade e coa propia institución aspirando a que esta fose unha universidade moderna.

Nas fotografías facilitadas por Pablo Costa Buján, o edificio central da universidade coas estatuas colosais dos benfeitores (ca. 1910), unha sala da biblioteca e concentración na escaleira da entrada (Ferrer, 1909).



Manuela Antonia Barreiro Pico (Viveiro 1877- Madrid 1953). A primeira muller en rematar o bacharelato e a primeira muller matriculada e licenciada na Universidade de Santiago. Licenciada en Farmacia en 1900.

A UNIVERSIDADE NAQUELA ALTURA

No primeiro terzo do século XX a universidade tenta modernizarse e ser unha institución democrática. En 1910, ano do nacemento de don Ricardo e o ano no que se proclama a república en Portugal, elimínanse os atrancos que impedían o acceso das mulleres. No curso 1910/11 matricúlense tres mulleres. No de 1913/14, había dez mulleres matriculadas. Entre elas as irmás xemelgas Elisa e Jimena Fernández de la Vega, que remataron a carreira de Medicina en 1919 con excelentes expedientes. En 1923, ano da fundación do SEG, Eugenia Pereira Rodríguez será a primeira licenciada galega que consiga unha bolsa de estudos da Facultade de Ciencias para ampliar estudos de enoloxía en Bordeos. No ano 1926 matricúlense un centenar de mulleres. En 1936, as mulleres apenas representaban o 9 % do estudantado en Compostela. Coa chegada da Segunda República, impulsárase a participación do alumnado.

Véxase: *Dos ensaios de modernización á universidade franquista 1900-1970*
<https://www.usc.es/al/usc/historia-patrimonio/universidade-1495>

Carvalho en *Scórpico* salienta a presenza de mulleres nas aulas da universidade, daquela de xeito testemuñal:

Há seis ou sete rapazas no curso, que se sentan xuntas nas ringleiras máis altas dos escanos...

Scórpico (2019). Através Editora. P. 23



Fotografía de grupo do alumnado de Abelardo Moralejo Laso. 1928. Carvalho Calero, o 1º de pé, á dereita. Fonte: Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia

«O papel que as mulleres teñen na narrativa contrasta co momento das mulleres no contexto social da época. Nos anos 20 e 30 do século XX a universidade galega comeza a recibir as primeiras estudantas. É a época da Residencia de Señoritas en Madrid e das chamadas “sinsombreiro”, mulleres que, como Maruja Mallo, decidiran vestir seguindo novas modas e optaran por recusar levar a cabeza cuberta, insubmisas ás normas sociais.

A presenza das mulleres na universidade é reflectida na obra, mais isto está lonxe de ir en paralelo co seu rol na narrativa. Aparecen aí, nese novo espazo conquistado, mais para o mesmo de sempre: darlles pracer estético, sensual e sexual aos homes. Así como os mozos ían a Santiago para estudar, divertirse, andar en literaturas e política, as mozas só ían pasear e procurar namorado. Nunca falan daquilo que aprenden nas sesións académicas, nunca opinan sobre política. Aparecen como simples comparsas da vida masculina.»

Susana Sánchez Arins (2020): *Un olhar feminista sobre Scórpico*. Unidade didáctica AGAL



El Compostelano, 25/02/1928
Biblioteca Dixital de Galicia

DON RICARDO FIXO GRANDES AMIGOS EN COMPOSTELA

Entre as vivencias que cómpre resaltar na época de estudante de don Ricardo está a amizade que mantivo cos catedráticos **Recaséns e García Labella**.

«A amizade con Recaséns Siches, García Labella, con profesores da USC con quen compartía xeiras de traballo no SEG -Sebastián González, Luís Pereira, Alfonso Vázquez Martínez, Moralejo Laso- e, por suposto con estudantes universitarios ou acabados de licenciaren que chegarían a seren figuras importantes da intelectualidade galega -Lois Tobío, Filgueira Valverde, Martínez López, Fernández del Riego, Antonio Fraguas-; aquela amizade e relación supuxeron un grande enriquecemento na vida do escolar que tiña grandes inquietudes culturais. Mais o que traía desde Ferrol era unha grande ilusión e enormes desexos de saber. E aquela sabedoría estaba simbolizada na USC.»

Aurora Marco (2020): *Foula e ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Carvalho Calero 1910-1941*. Pp. 46-47

Luis Recaséns Siches

(Guatemala 1903 - Cidade de México 1977).

Entre 1918 e 1924 estuda Filosofía e Letras (acada o Premio Extraordinario) e máis Dereito e obtén matriculas e sobresalientes en todas as materias. Doutórase nun só curso (1924-1925) cursando Historia do Dereito, Dereito Internacional, Historia da Literatura Xurídica Española e Filosofía do Dereito coa cualificación de sobresalientes e premio.

Entre 1925 e 1926 estuda Filosofía do Dereito, Filosofía Xeral, Teoría Xeral do Estado e Socioloxía na Universidade de Berlín, cunha bolsa do Ministerio de Instrución Pública. Gradúase como doutor coa memoria *Contribución a la historia de la filosofía jurídica del pensamiento católico (con especial consideración de la obra de Francisco Suárez)*.

Comeza a docencia na USC en 1927 como catedrático e logo noutras universidades. É deputado por Lugo pola Federación Galega Republicana nas eleccións a Cortes Constituíntes de 1931. Dáse de alta o 09/07/1931 e de baixa o 24/07/1931 ao ser acordada a nulidade da elección. Nese momento é profesor da Universidade Autónoma de Barcelona.

Volve ser elixido nas eleccións de 1933, cargo que xura o 28/12/1933, ata o 7/01/1936 segundo consta na ficha do Congreso dos Deputados. Durante a Segunda República desempeña os cargos de director xeral de Administración Local e de subsecretario de Industria e Comercio.

Del dise que falaba perfectamente francés, inglés, alemán e italiano. En 1937 exiliase e é profesor da Universidade Nacional Autónoma de México.

Joaquín García Labella

(Granada, 10/04/1905-25/08 1936).

Obtén a cualificación de sobresaliente no bacharelato.

Premio Extraordinario na licenciatura de Dereito pola Universidade de Granada con 19 anos.

Completa estudos en Francia cos xuristas Léon Duguit e Roger Bonnard e tamén no Reino Unido na London School of Economics.

Doutórase en 1926 na Universidade Central de Madrid. Catedrático de Dereito Administrativo da USC en 1927 con tan só 22 anos. Participa no Pacto de Lestrobe.

Catedrático de Dereito Político en Salamanca (1930) e Maxistrado da Audiencia Provincial na Sala do Contencioso-Administrativo

Permuta a praza con José María Gil Robles en Granada.

Gobernador civil da Coruña na República ata xuño de 1931, en Cádiz e en Sevilla.

Director xeral da Administración Local e asesor xurídico do Concello de Granada.

Vai nas listas da Coalición Republicana nas eleccións a Cortes de 1933 e de 1936.

Fusilado a madrugada do 25 de agosto de 1936 no cemiterio granadino de San Xosé.



El pueblo gallego, 2 de abril de 1927. Biblioteca Dixital de Galicia.


El doctor García Labella, que hoy disertará en el Ateneo de Vigo



El Compostelano. 8 de marzo de 1928
Biblioteca Dixital de Galicia

Recaséns, que tomou posesión da cátedra o 20 de xaneiro de 1928, aparece xa como claustral na acta do Claustro Ordinario da Universidade do 18 de febreiro dese ano. Unha semana despois xa imparte unha conferencia na Xuventude Católica Feminina sobre «Filosofía sentimental» e tras esta unha segunda no Casino (imaxe da esquerda) sobre «El sentido cultural de la moda». Recaséns foi, sen dúbida, un referente para o alumnado e para a Compostela cultural que quería escoitar este ilustrado catedrático de Dereito Natural e que o autor de *Scórpio* recreou na figura do profesor Maluquer.

(Véxase Aurora Marco (2020): *Foula e ronsel...* Laiovento. P. 48)



Recaséns Siches

➤ Detalle da acta indicada no parágrafo anterior.
Arquivo Histórico da USC

MERCHE

A Comisión de Cultura da Associação Profissional de Alunos de Dereito organizou unha série de actos que se realizan na aula número 4, e que comprenden conferencias e recitais a cargo e profesores e estudantes, o que é moi democrático de acordo com os ventos que agora soporan de convivencia de todos os estamentos sociais para lograr «unha España mellor». Todo o mundo prevé a queda da Ditadura, e moitos se apuntan à equipa que vai administrar o novo regime. Será unha Monarquía renovada ou a República? A primeira conferencia – como nom?- corre a cargo do orador de moda, o Professor doutor Guillermo Maluquer, home de abundantes recursos no discurso académico, elegante acunhador de metáforas deportivas e artesanais com que ameniza os áridos conceptos da filosofía jurídica. Fum ouvi-lo, como quase todas as alunas do meu curso, porque há que estar ao día, e a reunión ía ser, e foi, unha festa social.

Scórpio (2019). Através Editora. Pp. 48-49

SALGUEIRO

Agora Dom Guilherme Maluquer é catedrático da Universidade Central, mas acaba de publicar un libro em que se estuda a obra do seu mestre Rudolf Stammler e se glossa a sua definição do Direito...

Como Maluquer deixou afervorados admiradores entre os moços juristas...


Scórpio (2019). Através Editora. Pp. 62-64

O outro grande amigo que influíu na formación de don Ricardo foi **García Labella** quen se doutorou na Universidade Central de Madrid e obtivo a cátedra de Dereito Administrativo en Santiago no ano 1927 con tan só 22 anos.


García Labella

«Con García Labella, o catedrático máis novo da universidade española xunto con Menéndez Pelayo, tivo igualmente moita relación o estudante ferrolán. Foi o seu profesor de Dereito Administrativo, materia en que obtivo outra matrícula de honra –tamén obtida en Dereito Natural con Recaséns– e colaborou con el nas actividades da cátedra. Era un profesor que confraternizaba co alumnado nas tertulias de café e nos paseos, tan frecuentes, entón.»


Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel...* P. 49




El Compostelano: diario independiente: Año VII Número 1863, 9 de xuño de 1926




El Compostelano, 4 de maio de 1928



El Compostelano, 5 de abril de 1927



El Compostelano, 05/05/ 1928



El Compostelano, 29 de marzo de 1928

No medio daquel ambiente intelectual de charlas e conferencias, de loanzas, felicitacións e aplausos que ía recibindo García Labella, as ideas que defendía provocaron comentarios e artigos que consideraban perigosas algunhas das súas manifestacións, polas que mesmo foi detido en marzo de 1929. No Claustro da Universidade do 2 de abril dese ano «o reitor manifesta que un dos obxectivos é acordar a forma máis efectiva de solicitar dos poderes públicos a liberdade do Sr. García Labella detido desde o pasado mes de marzo». O ano seguinte volve ser requirido polo gobernador civil para que desistise das súas propagandas de carácter republicano. Véxase a imaxe da esquerda de *El Compostelano* do 23 de abril de 1930. Coa proclamación da República, García Labella sería nomeado gobernador civil da Coruña.



García Labella asistiu á Homenaxe a Federico García Lorca e Margarita Xirgu (que está diante del na foto, sentada entre Lorca e Falla) realizado no hotel Alhambra Palace de Granada en maio de 1929. Fonte: www.universolorca.com

Vigo.

Fuè muy interesante la conferencia que en el Ateneo de esta ciudad dió el joven catedrático de la Universidad de Santiago Sr. García Labella, acerca del tema «El sindicalismo revolucionario».

También mereció muchos elogios la disertación de D. Leandro Carré en el mismo centro, acerca de las figuras de los académicos regionales Sres. Cotarelo y Cabanillas.

Domeca en Galicia: revista mensual: Ano III
Número 17, 1 de maio de 1927



Detalle da fotografía superior

Labella, no universo de Lorca

García Labella pertencía ao círculo intelectual de Lorca, no mundo cultural granadino. Era membro do faladoiro de *El Rinconcillo del Café Alameda* fundado polos editores da revista *Andalucía 1915*. Ademais de Federico e Francisco García Lorca, tivo membros como Francisco Soriano Lapresa (coordinador), Manuel de Falla (músico), Hermenegildo Lanz (deseñador e profesor), Juan Cristóbal (escultor), José Mora Guarnido (diplomático), Constantino Ruiz Carnero (director de *El Defensor*), Miguel Pizarro, José Navarro (arabista), Fernando de los Ríos (político e catedrático), Juan José Santa Cruz (ingeniero) e Antonio Gallego Burín (político). Dous dos membros máis activos marcharon cedo a París: Manuel Ángeles Ortiz, discípulo de Picasso, e Ismael González de la Serna. E a Madrid, Federico e Francisco García Lorca e o académico da lingua Melchor Fernández Almagro.

Gobierno Civil

Visitas

El nuevo gobernador señor García Labella continúa siendo muy visitado. Ayer recibió, por la mañana, a numerosas comisiones y representaciones de distintos pueblos de la provincia. Igualmente recibió hasta las dos de la tarde a muchos correligionarios y amigos particulares.

El alcalde de la capital, don Angel Senra, estuvo a mediodía a saludar al señor García Labella.

Reglamentos

Por el gobernador civil fué aprobado ayer el reglamento del "Centro Republicano" de Boiro.

El Ideal Gallego, 23 de abril de 1931

Aqueles anos na Universidade. Un tempo de decisións e de importantes proxectos

Reivindicación da autonomía universitaria. Creación de novas facultades e estudos. Aparición do **movemento estudantil.** **Tendencia galeguizadora.** **Cativo incremento entre o estudantado das clases medias e da muller e Modernización intelectual,** que está na base da mellora da cualificación do profesorado e da produción científica. O logro máis importante desta época foi, sen dúbida, **a conversión en 1922 en facultades maiores dos estudos de Filosofía e Letras e Ciencias,** que supuxo un incremento no número de ensinantes e de alumnado e na dotación para a investigación. No proceso modernizador da institución universitaria desempeñará un importante papel a **«Junta para Ampliación de Estudios» (JAE),** cunha actuación que será clave tanto na creación de institucións permanentes de investigación como na formación doutoral e posdoutoral dos investigadores e investigadoras, na que **terán un importante papel as estadias formativas no estranxeiro.**

O símbolo máis sobranceiro deste período de mudanzas foi o **proxecto de residencia de estudantes,** que, mirándose no espello do levantado no campus madrileño, **pretendía dinamizar a vida académica, científica e cultural da Universidade de Santiago.** O proxecto, que comprendía **residencias, xardíns, piscina, pistas de tenis e estadio**—un modelo semellante ao que ata hai pouco podiamos contemplar no campus sur compostelán—, quedou interrompido pola Guerra Civil e non se reiniciou ata os anos cincuenta.

Máis tempo levou retomar outros valores que quedaron varridos pola guerra e a ditadura franquista.



«No primeiro terzo do século XX, a universidade vive unha onda de modernización e democratización. En 1910 liquidáanse as pexas que impedían o acceso das mulleres. Con todo, a presenza das mulleres nas aulas universitarias compostelás será cativa ata finais do século. Ensáianse fórmulas de autonomía universitaria sen continuidade e, coa Segunda República, impúlsase a democratización da institución coa participación do alumnado. A cartografía da Universidade de Santiago cambia co proxecto da residencia de estudantes. O golpe de Estado de 1936 abre un período de involución. Desde finais dos anos sesenta, a universidade será un centro de resistencia democrática fronte ao franquismo.»

Dos ensaios de modernización á universidade franquista 1900-1970. USC. Historia e Patrimonio <https://www.usc.gal/gl/usc/historia-patrimonio/universidade-1495>

CUADRO DE ENSEÑANZA	
Facultad de Derecho	
PRIMER AÑO	
Derecho romano, diario, de diez a once, Dr. D. José Arias Ramos.	Conceptos fundamentales de Derecho natural, leyes, métricas y vienes, Dr. D. Luis Boadilla Sobr, de doce y media a una y media.
Historia del Derecho, diario, de once y cuarto a doce y cuarto, auxiliar Dr. D. Augusto Bazarra y Varela.	
SEGUNDO AÑO	
Derecho político, diario, de una a dos, Dr. D. Carlos Rex de Oestilo y Catalán de Oca.	Derecho civil, 1.º, de diez a once, Dr. D. Enrique Rajoy Laloup y Dr. D. Miguel Cabesa y Auido.
Derecho Casco-oo, diario, de once y cuarto a doce y cuarto, doctor don Salvador Cabesa y León, Decano de la Facultad.	Economía, leyes, métricas y vienes, de diez a once, Dr. D. Amando Castrovejo y Novajas.
TERCER AÑO	
Derecho administrativo, diario, de diez y cuarto a once y cuarto, doctor D. Joaquín García Labella.	Derecho penal, diario, de doce y media a una y media, Dr. D. Pedro Lasso Ravera y Castro, secretario de la Facultad.
Derecho civil, 2.º (derechos reales y obligaciones), diario, de once a diez, Dr. D. Felipe G. Calero.	Derecho mercantil (curso de ejercicios), martes, jueves y sábados, de once a diez, el mismo profesor.
CUARTO AÑO	
Derecho internacional público, leyes, métricas y vienes, de doce y media a una y media, Sr. Gabriel Lasso.	Procedimientos judiciales (curso de ejercicios), martes, jueves y sábados, de diez y media a una media, Sr. B. y Bovera.
Historia, martes, jueves y sábados, de diez a once, Sr. Castrovejo.	
QUINTO AÑO	
Derecho internacional privado, martes, jueves y sábados, de doce y media a una y media, Sr. Cabesa de León.	Derecho mercantil, diario, de diez

A universidade de Santiago de Compostela no período en que Ricardo estuda a carreira de Dereito entre os anos 1926 e 1931 destaca polos seguintes feitos:

- En 1926, sendo reitor Luis Blanco Rivero, reorganizase o Padroado da Universidade e modifícanse algúns dos seus artigos. Este ano falece o catedrático de medicina e escritor **Juan Barcia Caballero**, que foi médico titular do Seminario Diocesano e director dos hospitais de San Roque e do manicomio de Conxo. Seu pai fórao do Hospital Real.



Imaxe: Juan Barcia Caballero (Santiago de Compostela, 1852-1926) Biblioteca Nacional de España

- Este ano presenta a súa tese de doutoramento, oposta a cátedras e, a principios do ano seguinte (1927), incorpórase á Universidade de Santiago o profesor doutor **Abelardo Moralejo Lasso** como catedrático da Facultade de Filosofía e Letras. Moralejo fora alumno de Unamuno en Salamanca e foi tamén colaborador do Centro de Estudos Históricos que dirixía Ramón Menéndez Pidal.




Fotografía de grupo dos alumnos de Abelardo Moralejo Lasso nunha excursión por Santiago. 1928. A imaxe parece que está tomada na Colexiata de Sar. Nela recoñécese a Carmen Fernández, terceira pola esquerda, Manola Penanco, Luis Pereira, Moralejo Lasso, Carvalho Calero, María Ignacia Ramos, Luis Bescansa, José Pérez Parallé e Pilar Vázquez. Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia

■ En 1927 tamén se considera no Claustro da Universidade o restablecemento da Escola de Veterinaria suprimida en 1924. Os estudos iniciáronse en 1882 no pazo de San Clemente. As obras do novo proxecto de Antonio Bermejo inauguráranse en marzo de 1903 (Montero Ríos colocou a primeira pedra) e a escola inaugurouse en 1915 e pechouse en 1924 por falta de alumnado, e o edificio pasou a ser ocupado polo Rexemento de Artillería. Tamén se aborda coa deputación a permuta do edificio do Hospital Real polo que se estaba a construír como colexio de xordomudos e cegos en San Caetano. Pensando nesa reforma, construírase e concluírase o novo edificio da Facultade de Medicina e Hospital Clínico.



Antonio Bermejo y Arteaga. Escola de Veterinaria.
1915. Col. Biblioteca Xeral da USC



Arriba á esquerda, grupo de casas derrubadas para construír nese predio a Facultade de Medicina. Á dereita e abaixo á esquerda, facultade en obras (Ksado. Ca. 1920). Abaixo á dereita, a facultade rematada en 1928. Fotografías facilitadas por Pablo Costa Buján. Poden verse tamén en www.memoriasdecompostelablogspot.com

22. SANTIAGO.—Escuela de Sordo-Mudos.



O Colexio de Xordomudos e Cegos comeza a funcionar provisionalmente no ano 1864, na ala sur do antigo convento de San Domingos de Bonaval. No ano 1867, Manuel López Navalón, o director, considera que presenta unhas pésimas condicións para educar os nenos xordomudos e cegos. En 1885, Montero Ríos, como ministro de Fomento, establece un plan de acción a prol da cidade compostelá e da universidade que abranguerá varios proxectos: a Escola de Artes e Industrias, o Colexio de Xordomudos, a sucursal do Banco de España, a reforma do edificio central da universidade, a construción da Facultade de Veterinaria e da Facultade de Medicina; que se foron materializando a finais do XIX e principios do XX. O arquitecto burgalés Ricardo Velázquez Bosco (1843-1923), que xa fixera o proxecto de ampliación da que hoxe é a Facultade de Historia, presenta un proxecto en 1905, que se aproba o 26 de marzo de 1910 e que se realiza nos seguintes 15 anos. Co tempo, o edificio reconvértese en hospital militar. Logo foi compartido cun cuartel de artillería ata que, na década dos sesenta, se trasladou o instituto de Mazarelos a este edificio.

Imaxe: Edificio do Colexio de Xordomudos e Cegos na fase final das obras. 1924. Fotografía facilitada por Pablo Costa Buján

▪ Este ano, 1927, Armando Cotarelo Valledor, catedrático de Lingua e Literatura Española da Universidade de Santiago, e de Teoría das Artes, un dos promotores da Exposición Rexional de 1909 e da Exposición de Arte de 1926, membro da Academia Galega desde 1920, fundador e primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos, é elixido académico da Real Academia Española. Así o recolle a acta claustral do 14 de marzo de 1927: «Se acuerda por unanimidad felicitar al vicerrector de esta universidad D. Armando Cotarelo Valledor por su elección de Académico de la Real Academia Española y que conste en acta la satisfacción con que este claustro ha visto dicha designación».

Ao «erudito segredario da Academia Española» dedícalle Carvalho dúas páxinas na HLGC, pola súa contribución ao teatro.

Imaxe: Armando Cotarelo Valledor
Vida Gallega. 10 de febreiro de 1920



▪ En 1928 é elixido Noriega Varela como novo membro da RAG. En Compostela nace a **Sociedade de Amigos da Arte** «iniciativa do gran pintor Mariano Tito Vázquez asistido por un grupo de pintores, escultores, debuxantes e xornalistas dos que se designa unha comisión organizadora, presidida por Tito Vázquez e da que forman parte Fernando Martín Marqués e María Taboada. Son estes tres pintores os que asinan o regulamento preparado para a súa aprobación tras unha longa e meticulosa tarefa de estudo e elaboración».

Fraguas, Antonio (2019): *Notas compostelás*. Galaxia. Pp. 57 e ss.

«Esta sociedade tiene por lema el fomento y desarrollo de todas las artes e industrias eu de algún modo están relacionadas con las artes plásticas.» Artigo 23. Apartado quinto. Gobierno interior de la sociedad.»



Fraguas Fraguas, Antonio (1974): La sociedad «Amigos del arte» de Santiago de Compostela. Apuntes para su historia.
Abrente, número 6.

Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario. P. 41

A acta de constitución ten data do 13 de setembro de 1928. Asistiron á xuntanza: Segundo García de la Riva, Juan Luís López, Mariano Tito Vázquez, Fernando Martín Marqués, Rafael de la Torre Mirón, Elvira Santiso, Jose Eiroa, Manuel Rodríguez, Manuel J. Lema, José Naveira López, Manuel Fondo, Carlos Maside, Camilo Díaz, Felipe Fernández Armesto, Antonio Eleicegui, Manuel López Garabal, Antonio Figueiras, Concepción Vázquez, Juan R. Lema, José Liste, José Juan González, Higinio Pino, María Taboada Deus, Francisco Garabal Sánchez, Pedro Fernández, José Rey Feás e Enrique Barral.

➤ Na fotografía, a comisión organizadora da Sociedade de Amigos da Arte:
Sentados: Segundo García de la Riva, Jacobo Martínez e José Landuro
De pé: Juan Luís López, Martín Marqués, José López Pedre e Tito Vázquez

conforme al Artículo 13 de dicho Regiamento, siendo elegidos por aclamación los señores siguientes: Presidente, Dr. don José Puente Castro; Vice-Presidente, don Mariano Tito Vázquez; Secretario, Srta. María Taboada Deus; Vice-Secretario, don Juan Luis López; Tesorero, Srta. Elvira Santiso García; Contador, don José Naveira López, y Vocales, don Enrique Mayer, don Francisco Asorey y don Carlos Maside».

«Propuesta del socio cooperador don Segundo García de la Ri-


Primeira directiva da Sociedade de Amigos da Arte

Esta sociedade procurou ter unha exposición permanente na rúa Xelmírez, 13. Para conseguir fondos e abrila pensaron que o mellor xeito era facer unha exposición-poxa para a que reuniron unha serie de obras. A data adiouse porque se estaba a seguir un procedemento semellante para conseguir fondos a beneficio da residencia de estudantes que por aquelas datas comezaba a campaña universitaria na que destacarían Ciriaco Pérez Bustamante e Alejandro Rodríguez Cadarso. E así foi como, tras levarse a cabo a poxa pendente, comezaron as exposicións concibidas cunha duración de 15 días prorrogables. (Véxase p. 41 da cita anterior).

A sociedade interveu en diferentes exposicións: en América, na preparación das Exposicións do Novo Mundo en Montevideo e Bos Aires, en Sevilla, o mesmo ano, en 1929, na que figurará un pazo galego e para a que reúnen obxectos do hospital de Santiago e do Seminario de Estudos Galegos. E, polo afán de Carlos Maside acordouse proporlle á Alcaldía a creación dunha Biblioteca da Arte no Pavillón da Ferradura, na que os artistas e os amantes da arte atopasen a obra de consulta e a orientación que precisaren.



José Puente Castro (presidente da sociedade, Carlos Maside (autorretrato) e o escultor Francisco Asorey no citado artigo de Fraguas en *Abrente*, núm.6



Tito Vázquez (autorretrato) e o lenzo titulado *Ensueño* na Exposición de Vilagarcía. *Vida Gallega*, 11 de marzo de 1928

▪ En 1929, o 9 de decembro, ingresa na RAG, Ramón Otero Pedrayo co discurso «Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía Castro e Pondal.» Otero Pedrayo «naceu o 5 de marzo de 1888, na mesma casa -número 25 da rúa Paz- en que naceu Vicente Risco». Como sinala Carvalho na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, dedicándolle nela ao patriarca, deputado por Ourense nas Cortes de 1931, profesor e catedrático de Xeografía e Historia e derradeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos, 22 páxinas (da 663 á 685) como ensaísta, narrador, autor teatral e poeta.

■ Con respecto ao ano 1928, a universidade xestiona a construción dun estadio nos terreos próximos á residencia de estudantes, no campo de don Mendo, de acordo co Plan xeral de edificación da residencia, a compra dos terreos, os prazos e as cantidades acordadas para tal fin. «Alcanzar un acordo coa Liga de Amigos para edificar o Stadium para que a residencia contase con ese lugar de deportes tan necesario para as modernas orientacións educativas». (Acta de 1928)



Imaxe: perspectiva da praza central e dos pavillóns da residencia de estudantes. No fondo, o estadio deportivo. Fonte: AHUS



Claustro ou patio interior da Facultade de Xeografía e Historia e que fora Facultade de Filosofía e Letras, no primeiro andar. Tamén albergaba, na primeira metade do século XX, a Facultade de Dereito, na planta baixa, e mais a de Ciencias, no terceiro andar. Os laboratorios estaban no faiado. A Biblioteca Xeral e a Biblioteca América estaban nunha dependencia anexa na que, actualmente, está a biblioteca da facultade.

Fonte: Panorámica do patio da Facultade de Xeografía e Historia. *El Patrimonio histórico de la Universidad de Santiago de Compostela*. P.55. Gallaecia Fulget. USC.Parlamento de Galicia

SALGUEIRO

Somos, na verdade uns juristas un tanto estranhos, muitos dos que este ano de 1929 cursamos o penúltimo de carreira, pois entre Junho e Setembro pensamos liquidar terceiro e quarto. Scórpio, aínda que com matrículas de honor en todas as materias, e acreditado como o mellor alumno da súa promoción, tem unha evidente vocación de poeta lírico, o mesmo que Sagitário. E Eu som tamém um aluno distinguido, e , sem embargo, aínda que secretamente, alimento unha irresistível vocación de escritor.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 58

O Pacto de Lestrobe

▪ O 26 de marzo de 1930 ten lugar unha xuntanza no pazo da Ermida en Lestrobe á que acudiron máis de 50 persoas representantes de diversos partidos e agrupacións republicanas como a Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA), promotora, e o Partido Radical, cos seus respectivos líderes Casares Quiroga e Abad Conde; o Partido Radical Socialista; o Partido Republicano Federal; unha representación da sección galega da Federación Universitaria de Estudiantes (FUE); algúns republicanos independentes, sindicalistas e observadores da CNT.

Os asistentes acordaron a creación da **Federación Republicana Galega (FRG)** como grupo que aglutinaba o movemento republicano e establecer unha estratexia republicana conxunta con catro obxectivos:

- Traballar arreo pola implantación dun réxime republicano en España, como oposición á ditadura e á monarquía.
- Manter a súa organización autónoma en Galicia.
- Loitar pola autonomía de Galicia dentro do réxime republicano español.
- Acudir ás eleccións como organización republicana autónoma de Galicia.

Finalmente, acordouse elixir a Abad Conde como representante da federación no mitin de propaganda republicana do 28 de setembro en Madrid e acreditar a Santiago Casares Quiroga, líder da ORGA, como delegado galego no Pacto de San Sebastián.



Xerardo Abad Conde
Vida gallega. 1909



Santiago Casares Quiroga. 1933
Ministro da Gobernación RTGC.
Biblioteca Nacional de España



Imaxe: Pacto de San Sebastián. 17/08/1930

Asistentes: Fernando Sasiáin (presidente do Círculo Republicano de San Sebastián). Por **Alianza Republicana:** Alejandro Lerroux e Manuel Azaña. Pola **Dereita Liberal Republicana:** Niceto Alcalá-Zamora e Miguel Maura. **Partido Radical-Socialista:** Marcelino Domingo, Álvaro de Albornoz e Ángel Galarza; **Federación Republicana Galega:** Santiago Casares Quiroga. Por **Acció Catalá:** Manuel Carrasco Formiguera. Por **Acción Republicana de Cataluña:** Macià Mallol Bosch. Por **Estat Catalá:** Jaume Aiguader. **A título persoal:** Indalecio Prieto, Felipe Sánchez Román e Eduardo Ortega y Gasset (irmán do filósofo).

Fonte: Revista *Muy historia*. Pacto de San Sebastián, primeiro paso cara á república.



Acta do pacto no pazo da Ermida, Dodro
Gran Enciclopedia Galega

JIMÉNEZ DE ASUA EN SANTIAGO

Según habíamos anunciado, ayer llegó a Santiago el ilustre catedrático de la Universidad Central de Madrid don Miguel de Unamuno. A la estación de Ferrocarril le esperaba don Pedro María Ariza Etxebarria, secretario general de la Universidad y catedrático de Derecho Romano, en representación del Claustro y los señores Masquera y Carballeda, como miembros del Comité de Bienvenida.

Luego, al momento del señor Asúa, fueron recibidos numerosos estudiantes en autos privados con honores de la F. U. E. El primer acto de estos fue el discurso por el cual se dio la bienvenida a don Miguel de Unamuno por parte de la Universidad Republicana. La segunda noche con la dirección de las diversas Asociaciones profesionales y otros con estudiantes de la F. U. E. hizo el número de despedida. También salió a recibir a Asúa una comisión organizada de oficiales de Artillería, cuya presencia fue acogida por los señores con vivas entusiastas de patriotismo y solidaridad.

La comisión de bienvenida se reunió en Santiago a las una y media. Concluyó su parte por las calles un significativo corteo para la Federación Universitaria Escolar. Centenares de escolares siguieron a Jiménez de Asúa hasta el hotel en donde se hospedó, acompañándole en adhesión carteles, flores y saludos. El señor Asúa, al haber de salir al balcón a dar la bienvenida.

UNA PROTESTA

Mientras se pasado se reunieron las diversas Asociaciones para dirigir a la Dirección general de Policía concretas acusaciones contra los agentes que asaltaron los autos y arrebataron de manos de los estudiantes insignias de la F. U. E. no provocando con su impudencia actitud un escándalo gracias a la prudencia y orden que se había recomendado a los escolares por el buen nombre de la Federación Universitaria Escolar. Nuestras insignias de la Federación están autorizadas como las de Madrid, Barcelona y demás Universidades y un simple golpe como el de ayer significa un agravio a la Federación Universitaria Escolar, del que, como se ve, se dará debida cuenta a las autoridades correspondientes.

Ricardo promoveu e protagonizou unha intensa actividade cultural, social e política en Compostela



LUIX JIMÉNEZ DE ASUA

Imaxe: *Acción gallega*: órgano de la Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires: Núm. 52 (10/08/1930).

SAGITÁRIO

Os oficiais de Artilharía teñem tradición liberal. A arma fora dissolvida por Primo de Rivera, o mesmo que antes o fora nos tempos do rei Amadeu. Algúns destes oficiais foran à estação do camiño de ferro de Curtis cumprimentar Jiménez de Assúa quando o trouxemos para pronunciar conferencia na qual Salgueiro pronunciou o discurso famoso em que falava das costas do espírito, a aljava da eloquência, as frechas verbais e o alvo do acerto, todo estilo orteguiano puro.

Un dos actos máis significados en Santiago foi a conferencia do ilustre catedrático Jiménez de Asúa, en abril de 1930. Tal e como se relata en *Scórpio*, así o contou unha noticia en *El Pueblo Gallego* do 11 de abril.

Madrid 1889- Bos Aires 1970

Profesor de Dereito Penal na Universidade Central de Madrid. Foi confinado ás Illas Chafarinas en 1926 por protestar contra as vexacións sufridas por Miguel de Unamuno por parte da ditadura de Miguel Primo de Rivera. Renunciou á súa cátedra en protesta pola intromisión da ditadura na universidade.

Foi deputado das Cortes presidindo a comisión parlamentaria encargada de elaborar a nova Constitución republicana e director do Instituto de Estudos Penais creado por Vitoria Kent, e vicepresidente das Cortes tras as eleccións de 1936, nas que gañou a Fronte Popular.

Como deputado e candidato socialista a vicepresidente das Cortes sufriu o 12 de marzo o primeiro atentado da Falanxe contra un membro do novo goberno no que faleceu o seu escolta e el saíu ileso. (wikipedia)

DON MIGUEL DE UNAMUNO ES REINTEGRADO A SUS DERECHOS POR REAL ORDEN

El señor Tormo hace declaraciones sobre esta disposición

Madrid. — El ministro de Instrucción pública da cuenta a los periodistas de haber firmado hoy una real orden por la que se reanuda el expediente de don Miguel de Unamuno para reintegrarle al escalafón y a su cátedra.

Dijo que esta resolución se ha adoptado con urgencia por ser el caso de Unamuno de carácter de derecho y por la importancia que significa la prosecución de dicho expediente.

Esta real orden confirma que ningún catedrático en propiedad puede ser apartado de la cátedra, a no ser por sentencia judicial.

La Asesoría jurídica establece que Unamuno tiene derecho preferente a la cátedra de griego de la Universidad de Salamanca, debiendo quedar el actual catedrático en excedencia forzosa con todo el sueldo esperando una vacante análoga.

El Consejo de Instrucción pública se ha mostrado en todo conforme con lo dictado por la Asesoría Jurídica.

— Mi resolución—añadió el señor Tormo—final de este expediente es más breve todavía, pues me he limitado a exponer que estoy con el comité permanente del Consejo.

El detalle de lo ocurrido puede dividirse en cuatro épocas: separación de la cátedra, detención de Unamuno, exiliamiento en Fuerteventura y expatriación voluntaria.

El ministro explicó la conveniencia de operaciones para cubrir la cátedra y cómo fue otorgada al que venía desempeñando la misma.

Primo de Rivera ofreció que la dictadura sólo duraría 3 meses, y duró más de 6 años!...

El general Berenguer nada ha ofrecido en cuanto a duración de su Gobierno

A mesma páxina informa da visita a Compostela de Jiménez de Asua, do ingreso de Unamuno á cátedra e sobre a duración da ditadura de Primo de Rivera, cuestionando a oferta de Berenguer en canto duraría o seu goberno, coñecido como a «Ditabranda».

Scórpio (2019). A través Editora. P.78

1930-1931: O DERRADEIRO CURSO DE DEREITO

- En 1930 agrádeselle a Jenaro de la Fuente «el celo puesto en cumplir los deseos de la Universidad», quen presenta no claustro e explica o proxecto do 1º pavillón de estudantes, que se acepta por unanimidade. En xaneiro de 1931 anúnciase o concurso para iniciar as obras deste pavillón.
- No acto de apertura do curso 1930/31, ocupa a presidencia no Paraninfo o señor reitor da Universidade Alejandro Rodríguez Cadarso, que ten á súa dereita o alcalde e o secretario do arcebispo, don Manuel Ortiz, e á súa esquerda o comandante militar e decanos de facultades, seguindo catedráticos, profesores, auxiliares, representacións dos demais centros docentes, cabido, catedral, universidade pontificia, sociedade económica e outras realidades. Unha vez manifestado polo Sr. Rodríguez Cadarso que comezaba o acto, pasou á tribuna don Ricardo Carvalho Calero que desenvolve o tema: «Aspiracións da clase escolar». Ao rematar o acto, o secretario foi chamando os alumnos premiados a recoller os seus premios, o que non fixo ninguén. Carvalho levou premio en Dereito Penal, Civil, Administrativo e en Internacional Público.



A apertura do curso 1930/31, *El Compostelano*, 2 de outubro de 1930. A noticia informa de todo o sucedido neste acto de inicio de curso. Na imaxe da esquerda, o reitor Alejandro Rodríguez Cadarso

dia seguinte. Esta no pudo realizarse debido a la vigilancia ejercida por los padres de Dolores.

En la noche del lunes, sin que se conozcan más detalles del suceso, Dolores y José desaparecieron de sus domicilios respectivos, y, en la madrugada de antea- yor unos vecinos descubrieron sus cadáveres colgando de las ramas de un mismo árbol, en las cercanías del lugar de Fojo.

Los cuerpos de los dos amantes se hallaban fuertemente abrazados, y ambos tenían en el cuello un dogal hecho con una cuerda de las que usan para las faenas del campo, que pendía del árbol en la forma anteriormente dicha.

EN LA APERTURA DE LA UNIVERSIDAD

¡Palabras, palabras y palabras!

Yo esperaba, y muchos como yo, que el alumno a quien seotorgara el honor de hablar desde la tribuna, augusta del Paraninfo universitario en el acto de la apertura del curso académico, había de recoger las justas aspiraciones escolares en cuanto al mejoramiento de la enseñanza y abogar por la desaparición de los notorios obstáculos que entorpecen la labor docente y marcan alguna orientación precisa y bien pensada en los problemas de palpitante actualidad. Y nada de esto. Oubó por premuras de tiem-

del Cardenal Primado, nos mandó abandonar el paeato que teníamos en la Confederación Internacional, en donde colaborábamos en temas puramente escolares, y circunstancialmente con asociaciones de carácter neutro.

Ya no caben subterfugios, ni en su conciencia pueden tener disculpa los católicos que, a pesar de los mandatos episcopales, continúan nutriendo los cuadros de la F. U. E.

El Sr. Calero en nombre de la F. U. E. auguraba un curso de normalidad escolar. Quiera Dios que así sea. Mas asoman ya jel primer día de curso! en los horizontes de Salamanca, de Valladolid y de Zaragoza, negruzcos nubarrones precursoros de tormenta. ¡Y es la F. U. E., señor Carvalho! Es la F. U. E. la diosa calmada y protectora, que desata el haracón. Mucho temo que la realidad, burlesca y sarcástica, dentro de pocos días se encuentre con el Sr. Carvalho para desmentirlo y respondiendo a los augurios y a las afirmaciones de su discurso de anteaayer en el Paraninfo universitario, diga en el más duro y más sincero lenguaje, que es de los hechos ¡palabras, palabras y nada, más que palabras, mal cortadas y poco hilvanadas!

FRANCO GÓMEZ RUIZ,
Presidente de la F. U. E. OP,
Compostela.

Crítica do presidente da Federación de Escolas Católicas ao discurso de Carvalho Calero, *El Compostelano*, 03/10/1930



El Compostelano.
Carta ao director de José María Gil Robles, 26 de abril de 1930

Advertí a los amables enviados de la F. U. E. que a pesar de esta categórica combinación, yo daría la conferencia si la autoridad académica garantizaba el orden en el Paraninfo.

Poco tiempo después me vi honrado con la visita del señor rector de la Universidad quien venía a decirme que autorizaba la conferencia y que personalmente la presidiría aunque no ignoraba la posibilidad de actos de violencia que intentarían algunos elementos levantiscos.

Plantado así el asunto y de acuerdo con los estudiantes organizadores del acto, respondí al Sr. Rector que, deseoso de no poner su autoridad en trance difícil, por respeto al Paraninfo Universitario y para evitar una contienda entre alumnos suspendía la conferencia.

Tal es en síntesis lo ocurrido. Ante una actitud de violencia de un grupo de escolares he querido evitar una batalla en el venerable recinto de la Universidad compostelana.

Pero ni por mi decoro personal ni por el buen nombre de los Estudiantes Católicos, puedo retroceder ante la razón de la fuerza y acudiré mañana domingo a un local extra-universitario a ejercitar el derecho ciudadano de decir lo que mi razón me inspire.

Fuera de la Universidad no me arredran las violencias.

José M.ª GIL ROBLES.

LA CONFERENCIA DE GIL ROBLES

Mañana, a las doce, y en el local de la Casa Social se celebrará la conferencia que el insigne catedrático de la Central Sr. Gil Robles ha suspendido hoy por causas que se explican en la carta anterior.

«El problema de la enseñanza

Dous incidentes salientables no final de curso e de carreira

José María Gil Robles veu dar unha conferencia a Compostela sobre «O problema da ensinanza en España», organizada por estudantes católicos e este foi un dos que Carvalho denominou como «feitos notábeis» daquel tempo de estudante, nas *Conversas con Carne Blanco*, porque existía o temor de que membros da FUE boicoteasen ou impedisen a realización da conferencia. Unha hora antes da charla, Carvalho e outros representantes da FUE foron visitalo para propoñerlle que non fose nonunciala por mor da hostilidade suscitada. O relato do ocorrido maniféstao o propio protagonista na carta enviada ao director de *El Compostelano*, publicada o 26 de abril, que se ofrece nesta páxina.

Outros dos «feitos notábeis» foi o ocorrido no comezo do ano 1931, cando era alcalde o catedrático de Dereito Civil Felipe Gil Casares, cando lle ordenou á forza pública que entrase na universidade, tras as continuas folgas e protestas estudiantís que acontecían aqueles días, logo de que o alcalde xa ameazara con deportar os estudantes ás súas casas, o que provocou máis exaltación, e levou a que Carvalho publicase un informe sobre a represión policial na universidade no que explica o acontecido.



Portada do informe *La fuerza pública en la Universidad de Santiago. Datos e documentos.*



Crítica dun estudante a este informe que denomina «folleto», *El Compostelano*, 4 de abril de 1931

O estudante eloxia primeiro a Carvalho por interesarse polas cuestións da universidade. Defende a honrabilidade de Gil Casares, dicindo que é imprudente revelar a decisión do Claustro que el non presenciou nin oíu ou o que nela se debateu. Interpreta que Carvalho despreza os estudantes católicos e que non debe estrañarse de que se sospeite da procedencia masónica da FUE.

A proclamación da República

SAGITÁRIO

Para os que começamos a carreira sob a Ditadura, e mui estranho encetar este ano de 1930 sem que sobre nós se projecte a sombra do Ditador como um horizonte contínuo. E, sem embargo, agora todos temos a impressom de que essa sombra está esvaíndo-se. Todos os estudantes somos republicanos. Eu som republicano? Todos os estudante o som.

Scópio (2019). Através Editora. P. 72

En 1931 remata a carreira como membro da primeira promoción xurídica da novísima República...

A Compostela destes anos é un fervedoiro de oposición á ditadura de Primo de Rivera e de ideas republicanas e galeguistas; os estudantes do sindicato escolar FUE; «que de galega tiña pouco», segundo Ricardo, xuntámonos na casa de García Sabell, o seu presidente. Naquel batifondo sumamos as inquedanzas políticas e as reivindicacións universitarias. Ricardo e nosoutros temos un corazón galeguista que se alimenta no SEG e outro esquerdista que se estimula na órbita da FUE co ideario socialista.

[H. Rabuñal. *Ricardo Carvalho Calero. O anxo da terra*. P. 28]

UM ESTUDANTE

Sáímos tumultuosamente da casa de Domínguez, quando o noso anfitriom conseguiu comunicações com o seu primo de Madrid e este lhe dixu que o Ministério da Gobernaçom fora ocupado polos republicanos e que desde o balcom se proclamara a República. Non sabiamos se teriamos que assaltar o paço de Rajói. Quando chegamos à praça do Obradoiro, já havia muita gente, e polo Franco, pola Avenida de Rajói, por Hortas e Carretas, por San Francisco e Azevicharia, afluíam novos grupos. Pronto a praça estivo quase cheia de pessoas, e começárom a aparecer entre elas bandeiras republicanas. Dizia-se que os concelhais republicanos eleitos estavam negociando com as autoridades municipais saintes. De súbito, um grupo de pessoas apareceu no balcom principal e foi içada no hastil umha grande bandeira tricolor em meio das aclamações da multitude.

O que ía ser o primeiro Alcalde republicano pronunciou um discurso em que deu conta do triunfo geral das candidaturas republicanas em toda Espanha, da proclamaçom da República em Madrid e da ordem e disciplina com que todos os acontecimentos se estavam produzindo. Logo, um home de volumosa presença e barbas pimargallianas, a quem bem conhecia eu como velho republicano que ele era, tomou a palabra, e declarou que aquele era o dia mais feliz da sua vida, e que ja podía morrer tranquilo, porque a democracia e a liveness reinavam no país, e em breve haviam ser lembrança esmorecente os vergonhentos anos da Monarquia, cúmplice da Ditadura. Todos aplaudimos com frenesí, e dando vivas e morras espalhamos-nos polos cafés e as tabernas para celebrar o triunfo...



El Pueblo Gallego, 15/04/1931

...mas obligados a detener en primer término.

La proclamación en Santiago

Como en toda España se hizo en Santiago la proclamación de la República en medio del mayor orden y del más grande de los entusiasmos.

Se organizó una manifestación pública, numerosísima, en el Centro Republicano con banderas y el emblema de la República, y se encaminó al ayuntamiento por la Rúa Nueva, Toral Rúa del Villar y Geamtras.

Al llegar a la plaza de Alfonso XII subió al palacio consistorial una comisión y se dispuso izar la bandera republicana en uno de los mástiles, cosa que se hizo, colocándose en el otro la de Galicia.

Seguidamente el Sr. Vidal Fraga desde el balcón principal rogó a los concejales republicanos que subiesen para proclamar oficialmente la República y encargarse del gobierno de la ciudad, advirtiéndole que no debía subir nadie más.

Hicieronlo así los concejales a quienes recibió el secretario señor Rey Gacio y demás personal de las oficinas.

Desde el balcón dirigieron palabras de congratulación al pueblo los Sres. Nogueira y López Pol.

Se hizo la proclamación de la República encargándose de la alcaldía don Raimundo López Pol entre los aplausos y virtuosos de la concurrencia.

Se descolgó el retrato del rey del salón de sesiones colocándose en su lugar el emblema de la República y el ayuntamiento quedó reunido en sesión permanente.

Allí se recomendó a los manifestantes que se disolvieran atendiendo el ruego la mayoría y el acto, de momento, quedó terminado.

A las ocho de la noche, cuando ya estaba funcionando el nuevo concejo salió la banda de música a recorrer la ciudad, previo el disparo de unas bombas, anunciando lo ocurrido y de nuevo hubo, con tal entusiasmo, vítores y saludos.

Los pocos se vieron asustados y por la noche, de siete a nueve, hubo iluminación, disparo de fuegos y músicas en la plaza de Alfonso XII donde se congregó un gentío inmenso.

A las diez de la noche la población volvió a recobrar su aspecto acostumbrado.

Publicamos a continuación los documentos que estos días ha dado a conocer el comité revolucionario, el municipal republicano y el alcalde provisional, a pesar de que ya son conocidos del público.

Bando del Comité Revolucionario.—Por orden del Comité Revolucionario local queda proclamada la República en esta ciudad, habiéndose posesionado del Ayuntamiento la Corporación municipal republicana elegida por sufragio el próximo pasado día 12.—*El Comité.*

Bando del Comité Municipal Republicano

Santiaguéses:

En todas las ciudades de España se ha proclamado la República dentro del orden más perfecto y por la única imposición que otorga verdadera autoridad: la imposición del pueblo declarada en un sufragio que tiene solemne carácter de veredicto público.

Sostenedos por esa suprema autoridad, que nos concede la voluntad popular, los concejales republicanos de toda España comenzamos desde este momento a ejercitar nuestros derechos para el régimen mantrínico, que vive al margen de la ley desde hace ocho años, no es el llamado a darnos posesión, a su arbitrio y conveniencia, de los cargos para que nos designó la soberanía nacional.

El orden en la ciudad quedará garantizado provisionalmente por los ciudadanos a quienes se ha dado credencial al efecto, por la Guardia municipal, al mando del Subjefe de la misma.

Los Agentes civiles de la Antirradicalidad nombrados con carácter provisional exhibirán durante el día

a las siete de la tarde de ayer, (día 14), el Ayuntamiento Republicano Provisional de esta ciudad, se constituyó en el Palacio Consistorial, proclamando la República.

Provisamente se había retirado del salón de sesiones el retrato de D. Alfonso, siendo sustituido por una alegoría de la República.

Al numeroso gentío congregado en la plaza dirigieron su palabra los Sres. Vidal Fraga, Nogueira y López Pol.

Pocos momentos después la música municipal salió a recorrer las calles de la población para notificar a todo el vecindario tan júbilo aceptamiento.

Los elementos republicanos en todo momento habían recomendado a todos que el acto se celebrara con un perfecto orden y en verdad pueden estar satisfechos del resultado.


A pesar de las constantes manifestaciones de entusiasmo de las personas simpatizantes con el nuevo régimen, no hubo que lamentar el menor incidente.

El orden que ayer y hoy existe en toda España bien puede ser garantía para que todos, cualquiera



➤ El Eco de Santiago do 16 de abril informa sobre a proclamación da República en Santiago e de como se desenvolveron os feitos.

O 28 de abril de 1931 *El Compostelano* informa da sesión municipal da noite anterior e do cambio de denominación dalgunhas rúas da cidade. A praza de Afonso XII (a praza do Hospital) pasa a denominarse praza da República...



Guía del peregrino y del turista. El Eco Franciscano. 1933



A primeira corporación republicana de Santiago de Compostela. 1931. O alcalde Raimundo López Pol no centro
Véxase o traballo de Iglesias Amorín e Grandío Seoane (2017): *O soño roto. Educación, sociedade e política na Compostela republicana.*
Esta mesma fotografía aparece na páx. 30

A AGRUPACIÓN NAZONALISTA DE COMPOSTELA

En el Recreo Artístico e Industrial de Santiago celebróse una reunión de elementos galleguistas para constituir una agrupación que responda a las necesidades del momento, y represente a la ciudad compostelana en las Asambleas a celebrarse con la finalidad de recabar para Galicia la personalidad que le corresponde por derecho propio en el desarrollo de su vida, encauzamiento y resolución de sus problemas.

Concurrieron a esta reunión numerosas y significadas personas de aquella localidad.

El iniciador de la idea, nuestro compañero en la Prensa D. Juan Jesús González, pronunció entusiastas frases encaminadas a la realización de la misma y, sobre todo, con el ánimo de obtener de la Agrupación compostelana que pueda, en las referidas Asambleas, discutir el Estatuto que Galicia ha de llevar a las Cortes Constituyentes.

Hicieron también uso de la palabra los señores don Francisco Vázquez Enríquez, Banet Fontenla, Tobío Fernández, Carballo Calero y González (don Sebastián), acerca de la fisonomía política que se ha de dar a este grupo, acordándose por unanimidad que se llame «Agrupación Nazonalista». Tendrá independencia de las demás agrupaciones similares de otros pueblos gallegos.

Nombróse el Comité Provisional para la organización del grupo en esta forma: presidente, D. Francisco Vázquez Enríquez; secretario, don Juan Jesús González; contador, don Luis Seoane López; vocales, don Sebastián González y don José Cabada Vázquez.

Acordóse enviar saludos a las demás agrupaciones de Galicia y América y señalar, como residencia oficial de la Agrupación para todo lo concerniente a sus inscripciones y otros asuntos relacionados con la misma, la casa del presidente, calle de las Ruedas, núm. 2.

Vida gallega, 10 de maio de 1931



Vida Gallega, 10/09/1921



Residencia oficial da Agrupación: As Rodas, 2

Francisco Vázquez Enríquez. Avogado, xornalista e político

En 1903 dirixiu *La Emancipación* de Noia. Foi xuíz municipal de Outes (1908-1909). En novembro de 1917 dirixiu *Gaceta de Galicia*. Colaborou en *A Nosa Terra*. Foi candidato das Irmandades da Fala para as eleccións de 1918 polo distrito de Noia fronte a Eduardo Gasset Neira, pero foi derrotado. Proclamado deputado provincial polo distrito de Negreira-Corcubión en 1921, incapacitado e suspendido no cargo en marzo de 1923 e revogado en novembro.

Tamén foi candidato a deputado polo distrito de Ordes nas eleccións de 1923. Instalado como avogado en Santiago de Compostela, en 1931 foi elixido presidente do comité provisional da Agrupación Nazonalista de Santiago. En 1934 foi nomeado alcalde de Santiago de Compostela (1934-1936) e deputado provincial. Foi tamén xefe superior de Administración civil.

Finou en Compostela en 1951.

Véxase a noticia da cesión dun retrato de Francisco Vázquez ao Concello en: http://www.santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=18791&lg=ing

Agrupación Nazionalista

Se nos interesa la publicación de las siguientes líneas:

«Celebróse una reunión de elementos galleguistas con el objeto de constituir una agrupación galleguista que respondiera a las necesidades políticas del actual momento gallego y representara a nuestra ciudad en aquellas asambleas que se celebren con la finalidad de recabar para Galicia aquella personalidad que por derecho propio le corresponde para desarrollar su vida y encauzar y resolver sus problemas.

A esta reunión concurrieron numerosas y significadas personas de la localidad. D. Juan Jesús González, iniciador de esta reunión manifestó a los reunidos que el objeto de la convocatoria que había lanzado a la Prensa sería por única finalidad sondear la opinión pública en espera de hallar personas que se interesaran por formar una agrupación de carácter galleguista que fuera capaz de llevar la voz de Compostela en las próximas asambleas que se celebren con el fin de discutir el Estatuto que Galicia ha de llevar a las Constituyentes.

Hicieron uso de la palabra los señores Vázquez Enriquez, Janet Fontela, Tobío Fernández, Carballo Calero, Sebastián González y Juan Jesús acerca de la denominación que había de dar fisonomía política a este grupo y se acordó por unanimidad se llamará «Agrupación Nazionalista» independiente, previamente de las demás agrupaciones similares de otros pueblos gallegos. Seguidamente procedióse al nombramiento de un Comité provisional

Xoán Xesús González. (Promotor da Agrupación Nazionalista) Nado en Sebil-Cerqueril-Cuntis, 1895. Faleceu en Santiago, en 1936.

Peón canteiro. Estuda Maxisterio. Foi redactor de *El Compostelano*. Formou parte da compañía de teatro da universidade. Foi secretario da Asociación de Prensa de Compostela e vicepresidente da Asociación Profesional de Estudantes de Dereito.


Agrarista convencido, publicou o folleto *En pé campesiños*. Colaborou en *A nosa terra*. Fundou o xornal *El país gallego* (1927-1931). Foi secretario da Agrupación Socialista de Santiago, redactor xefe de *Trabajo*.

Rexentaba o seu bufete e mantiña con Arturo Cuadrado a librería *Niké*.

Fundou o Seminario de Estudos Socialistas (1931), logo convertido en Unión Socialista Galega. Funda a Asociación de Escritores de Galicia (1936). Participa no Terzo de Calo. Foi fusilado o 12 de setembro de 1936 na tapia de Boisaca.



Foto: **Vida Gallega**. 1928



Xoán Xesús escribiu *Agarimos. Versos da y-alma*, poesía, en 1921, e tamén narrativa e teatro.

Narrativa: *Ana María* (1925) e *A filla da patrona* (1926), en *Lar*.

A modelo de Paco Asorei (1933), en *Nós*. *Teresiña Novás*, inédita.

Teatro: *Felisa*, recuperada en 2007. *Carmiña*; *Los estudiantes*, opereta inédita.

Ensaio: *En pé campesiños* e varios traballos en castelán: *Hacia una morfología de la vida gallega* (1925); *Regionalismo, nacionalismo, separatismo* (1933), en *Nós*.

➤ *Ana María* (1925), *Lar*, ano 2, núm. 13



Luís Seoane López (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979)

Editor, escritor, xornalista, ilustrador, gravador, ceramista, pintor e dinamizador cultural. «Figura sobranceira da cultura galega xunta compromiso vital coa súa terra e vocación artística plena e sincera» (Suplemento especial Letras Galegas 1994). Participou activamente na FUE. Foi o contador ou secretario de actas da Agrupación Nazionalista de Santiago. Colaborou en *Resol*, *Claridad*, *El pueblo Gallego*. Militou no Partido Galeguista. A principal actividade desta agrupación foi organizar o primeiro gran mitin galeguista que se celebrou tras a proclamación da Segunda República en Compostela, o 10 de maio. Interviron entre outros, Castelao, Paz Andrade, Álvaro de las Casas e Otero Pedraio A agrupación integrouse no PG, o que levou ao abandono de Xoán Xesús González. Seoane foi para Bos Aires tras o golpe militar de 1936. Volveu en 1963.

➤ Fotografía de Seoane: *Vida gallega*, 20 de agosto de 1929
Recorte de prensa: *El Compostelano*, 22 de abril de 1931


SAGITÁRIO

Os novos licenciados em Direito reunimo-nos com os profesores no Hotel Espanha. Alí estaban o Decano, com o seu sonrosado rosto e os seus bigodes brancos de político francés; o economista, com a súa gravata de laço, e o seu ar eclesiástico, o romanista, Modestino, pequeneiro, sério, cortês... Salgueiro ofreceu o banquete...

Scórpio (2019). Através Editora. P. 82



Fachada do edificio da rúa Nova 40.
A escaleira interior e os escudos



Información e fotografías: www.turismo.gal

«O Pazo de Pedrosa, situado na rúa Nova compostelá, converteuse en hotel en 1926. A obra foi realizada por Lucas Caaveiro en 1755 por encargo do Cabido. Neste edificio estivo instalado moitos anos o hotel España e máis tarde o restaurante Chitón. Recentemente foi rehabilitado para vivendas, cunha galería comercial nos seus baixos. Realizado en cantería de granito, consta de planta baixa con soportais, primeiro andar con balcóns esgazados e balcón voado central; e segundo andar con tres balcóns e escudos. Remata o edificio unha importante cornixa voada, en cuxos extremos existen unha gárgolas poligonais.»



Imaxe: Noticia de *El Correo Gallego*, 30 de maio de 2019

Don Ramón Otero Pedrayo viviu coa súa muller neste hotel cando gañou a Cátedra de Xeografía.

FRANCISCO

As minhas ilusiões depreza se dissiparam. Ver Rafael exercendo de advogado e casado com Chéli...

Como se podía supor que um aluno tam brillante, o primeiro dasúa promoçom non triunfasse no exercicio da advocacia? Por que deixa o bufete?... Di que convencido de que nom tem vocaçom para exercer a advocacia, debe licenciarse em Filosofia e Letras para ser catedrático... Rematou direito com todos os honores. E agora resulta que fôrom anos perdidos... que vai ser deste rapaz?.

Pp. 94-95

SALGUEIRO

As noticias que recibim, segundo as quais Scórpio se matriculou na Universidade de Salamanca para seguir os cursos de Letras, desconcertárom-me davondo. Pouco sei deste home ainda que em Santiago fomos verdadeiros amigos.

P. 99

SALGUEIRO

Que longe está a minha realidade de hoje dos planos que forjara em Santiago quando terminei a carreira! De acordo com eles a estas alturas devía ser registador da propiedade, estar casado e ter escrito e publicado un romance. Mas nada ocorreu de acordo com o previsto. Perdim tempo davondo preparando as oposiçoms. Nom puidem subtrair-me às solicitaçoms da política, e convertim-me em dirigente do galeguismo local.

P. 103

SAGITÁRIO

Scórpio estreitou a ma de Merche e a minha, e começou a baixar os degraus da escada. Amanhá estará de novo em Salamanca. Será o seu último curso. Em Maio terá rematada a súa segunda carreira, pois a de Direito de pouco lhe serviu, e creio que a estas alturas tem pouco de jurista. O discípulo preferido de Maluquer. Mentres eu me interessei sempre pela jurisprudência, polo dereito aplicado á vida, polo Direito positivo, polo Direito civil e penal, ele era como Maluquer, un filósofo do Direito... Desde alcançou matrícula de honor em todas as disciplinas menos nas dúas de dom Pedro Virgili. Que había que botar com o curso anterior entre Junho e Setembro para adiantar un ano: Procedimentos Judiciáis e Prática Forense. Em troca, levou a matrícula em Direito penal. Dom Pedro olhava-o com prevençom, como a todos os que bualíamos em torno ao Seminário e à FUE... Nunca concedía dom Pedro umha matrícula nessas materias se nom se levavam no curso normal, polos passos contados do ano escolar. Assi que tanto Scórpio coma mim temos só notável nessas materias.

P. 112

Se ha licenciado en Derecho en la Universidad compostelana, el culto oficial de Telégrafos de Lugo, don Julio Veloso Calvo.

—También han terminado brillantemente la carrera los jóvenes ferrolanos, don Antonio Nores Castro, don Ricardo Carballo Calero y don Serafín Guerreiro Prieto.

En los exámenes de primer año, verificados en el Instituto de La Coruña, obtuvo cuatro Matrículas de Honor la niña María Luisa de la Torre Paz, de Pontevedra, hija del suboficial de Infantería don Olegario de la Torre.

Hállase en Santiago el nuevo cónsul español en Valenzuela de Miño, don Enrique Albela Ande, que procede de Varsovia.

Vida gallega. Galicia al día, 30 de xuño de 1931

Al Gobierno civil de Coruña se remite el título de licenciado en Filosofía y Letras para D. Ricardo Carballo Calero, de Ferrol.

El Compostelano, 12 de marzo de 1936

Te mando la cuartilla solicitada. Nací en Ferrol, el 3º de octubre de 1910. Terminé mi bachillerato en el Instituto de La Coruña en 1926. Me licencié en derecho en 1931 y en Letras con premio extraordinario en 1935, Todo lo demás que pueda decirse lo sabes ya, creo. Si se te ocurre saber algo más, pregúntamelo.

Carta a Fernández del Riego, Ferrol. 13/08/1948

A prensa informa das súas licenciaturas e anos despois, en 1948, Ricardo escribelle a Fernández del Riego e dálle unha breve biografía que previamente lle solicitara.



Ricardo e Magali, 24/04/1928
Biblioteca Carvallo Calero. Parlamento de Galicia



Detalle da foto da promoción de Dereito
(véxase completa na páxina seguinte)

Malia rematar a carreira de Dereito, Carvallo permanece en Santiago realizando o servizo militar. No prólogo de *La fuerza pública en la universidad y otros escritos escolares de 1987* di o seguinte:

«En maio de 1931 terminé la carrera de Derecho aunque permanecí otro año en Santiago... dejé de residir en Santiago a partir de 1932».

Santalha Montero (1993): *Carvalho calero e a súa obra*. Laivento. P. 52

Tal e como se sinalou anteriormente, a súa última residencia en Santiago nesta etapa foi na pensión da rúa da Troia.

Entre os anos 1932 e 1935 cursa por libre a carreira de Filosofía e Letras. O primeiro curso xa o tiña aprobado por ser común con Dereito. Carvallo residía en Ferrol e asistía aos exames en Compostela. Anúnciase en *El Correo Gallego* como profesor de clases particulares desta facultade, para os que cursen esta carreira. O ano 1933 é o ano da súa voda e, en 1935, licencia en Filosofía e Letras.



Fotografía da promoción de Dereito. Carvalho Calero, terceiro pola esquerda, a carón do profesor Recaséns Siches.
Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia

FACULTAD DE DERECHO



1930-1931

Orla da promoción

Antiga rampla da Vía Sacra, 1931
Pablo Costa Buján

CONTINUACIÓN DO ITINERARIO 1

As rúas que
transitan os
protagonistas de
Scópio camiño
dunha asemblea
na Ferradura



4 A Vía Sacra



Vía Sacra, 1931. Fotografía facilitada por Pablo Costa Buján

Esta vía está relacionada coa Concordia de Antealtares pola que un grupo clerical instalado en Santiago podía celebrar o oficio divino *supra corpus apostoli*. Esta circunstancia produciu unha división de Santiago en dúas zonas. Unha delas de uso exclusivo da comunidade eclesiástica que constituirá na Idade Media o «soar de Antealtares», referencia que perdura no mosteiro de Antealtares (mosteiro de San Paio de Antealtares) e a outra, a do edículo do apóstolo.

En Santiago a sacralidade do *locus* reforzábase máis por se situar nunha necrópole, na contorna da igrexa de Santiago e pola súa posición con respecto a ela. Afonso II acouta o predio monacal por medio dunha pequena cerca. Deste xeito, o mosteiro e a zona circundante foi cualificada de Antealtares xa que o pequeno cenobio constaba de tres igrexas: a igrexa do Salvador, á que se lle atribúen tres altares consagrados a San Salvador, San Pedro e San Xoán (o Salvador na compañía dos tres apóstolos maiores).

Esta concordia (1077) entre Diego Pelaez e o abade Faxilde deixaba aberto o camiño para o crecemento da cabeceira da catedral a costa da igrexa e claustro de Antealtares, así como a apertura da Vía Sacra a través da Quintana.

Durante a Idade Media o concello reuníase nalgunha praza pública e ocasionalmente no mosteiro de Antealtares.



Imaxes actuais da Vía Sacra con escaleiras


Información: *Historia de Santiago de Compostela* (2011). Vía Láctea Editorial. Pp. 44 e ss.
La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media. Consorcio de Santiago. Pp. 114-123



A Casa das Crechas. Foto XRLB

A Vía Sacra é unha vía de tránsito entre a rúa da Acibechería e a praza da Quintana que cruza Antealtares, nome conservado no mosteiro de San Paio. Carvalho coñeceu esta rúa en pendente, sen escaleiras.

Castelao menciona a Casa das Crechas que se atopa nesta rúa como un lugar moi coñecido polos estudantes e con boa comida.



Texto: *Revista Compostela*. Bos Aires. Ano VII. Números 6-7, xullo de 1942. Castelao: *Obras*, vol. 3. P. 559

Tamén o recolle Miguel Anxo Seoane en *Castelao construtor da nación*. Tomo I 1886-1930. Galaxia. P. 274


5 A PRAZA DA QUINTANA





Ricardo Carvalho Calero, en primeiro plano sentado na praza da Quintana, no longo banco de pedra do muro do mosteiro de San Paio. Unha imaxe senlleira e xa popular de Ricardo en Compostela. Estoutra, no entanto, ten unha diferenza con respecto á máis difundida. Nesta pode apreciarse outra persoa que aparece en escena ao fondo e en movemento. A praza convida á reflexión e á quietude .

A Quintana é unha praza simbólica en Compostela. Neste espazo tiveron lugar eventos importantes. Entre eles a homenaxe ao Batallón Literario ou o mitin das arengas, acto político celebrado na noite do 24 de xullo de 1934 e de 1935.



- O escritor Francisco Tettamancy foi autor da obra *Batallón Literario de Santiago: Diario de campaña (años 1808 al 1812)* editada o ano que naceu Carvalho, en 1910. Dous anos antes, en 1908 publicara *La revolución gallega de 1846* e dous anos despois, en 1912, *Los mártires de Carral*.

«Antre os autodidácticos eruditos da escola cruñesa figura Francisco Tettamancy e Gastón. Naceu na Cruña o 10 de outubro de 1854 e morreu na mesma cidade o 15 de maio de 1921...»

Ricardo Carvalho Calero (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Galaxia. P. 437

Cabanillas envíalle unha carta a Carvalho en 1954 a propósito dun traballo que pretendía facer sobre o Batallón:

«Efectivamente, eu estaba en tratos co mestre Soutullo para esquirbir un libreto que se tería que titular “Galicia, 1808”: era unha cousa de Batallón Literario na que faguían o papel o reitor Bazán, que tivo casa en Cambados, unhas súas sobriñas... na amañecida do día en que as costureiras de Santiago lle fan entrega ós estudantes da bandeira que bordaran para o Batallón. O que eu tiña feito perdeuse... nos rebumbios do Movemento.»


Carta de Ramón Cabanillas a Ricardo Carballo Calero, 18 de novembro de 1954



Esta carta reproducíuse en *Vida gallega* o 31 de outubro de 1960 na páxina 65. Tamén se pode atopar no traballo da Facultade de Filoloxía (1977): *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, na páxina 14. En Ricardo Carballo Calero (1979): *Libros e autores galegos: Século XX*. Real Academia Galega; e en Ramón Cabanillas (1981): *Obra completa*, volume 3. Akal Editor. P. 597.


Cabanillas, quen «paseou os craustros de San Martiño», «a máis alta voz lírica do movemento agrario», «un dos autores máis fecundos da literatura galega», «o grande poeta que era mester para encher o valeiro deixado pola morte de Curros», como o saúda Basilio Álvarez na introdución de *No desterro* (1913), e recolle o propio Carvalho na HLG, tiña moi boa amizade co autor de *Scórpio*.

- Estandarte do Batallón Literario. Sala de Xuntas da Facultade de Dereito. Universidade de Santiago de Compostela. Véxase en *El Patrimonio histórico de la Universidad de Santiago de Compostela*. P. 107. Gallaecia Fulget. USC. Parlamento de Galicia



Imaxe sobreimpresa: Portada da publicación *Batallón de los literarios: los escolares compostelanos de 1896*: Núm. s/n (02/05/1896), editada como recensión histórica e homenaxe aos escolares composteláns que combateron contra os franceses co lema «Auspice Deos pro Libertate Regis: Paladies Legio», que portaban na bandeira e, o ano en números latinos, no centro do gravado da coroa que se colocou no muro do mosteiro de San Paio.


Foto antiga da praza da Quintana, 1896. Colocación da placa homenaxe ao Batallón Literario. Foto facilitada por Pablo Costa Buján



El Compostelano, 19/07/1935



El Compostelano: 24 de xullo de 1934
Galliciana. Biblioteca dixital de Galicia



El Compostelano, 24 de xullo de 1935
Galliciana. Biblioteca Dixital de Galicia




El Correo Gallego,
18 de marzo de 1933

O mitin das arengas

Emilia Docet Ríos (1915-1995)

Miss Galicia e gañadora do concurso de Miss España en 1933. Militante do Partido Galeguista da agrupación local de Vigo, interveu no mitin das arengas levado a cabo na praza da Quintana o 24 de xullo de 1934. Na imaxe da esquerda, a noticia recollida na prensa anunciando o mitin e sinalando algúns dos oradores.




O monumento a Curros Enríquez. Inauguración.
Foto A. Blanco. Vida Gallega, 20 de agosto de 1934

- A noticia informa do acto que se ía celebrar o 25 de xullo organizado polas Irmandades da Fala da Coruña diante do monumento a Curros –realizado por Asorey e inaugurado o ano anterior (arriba, na fotografía)– no que participa Carvalho Calero xunto con outros intelectuais de Galicia que trataron diversos aspectos da vida e da significación do poeta e no que se refire tamén ao mitin das arengas, organizado polo Partido Galeguista, a noite do 24 de xullo, aínda que a noticia pon a noite do 22.



Banquete galeguista a Emilia Docet e a Manuel Luís Acuña no hotel Miño de Ourense en 1933. De pé, de esquerda a dereita: Vicente Risco, un reloxeiro d'El Cronómetro, Ramiro Illa Couto, Leuter González Salgado, Ánxeles Otero, Álvaro Cunqueiro, Emilia Docet, Manuel Luís Acuña, Ramón Otero Pedrayo, Mari Luz Morales, Ricardo Fernández Morales, María Josefa Bustamante, Eduardo Blanco Amor e Xoán Luís Ramos Colemán. Sentados, de esquerda a dereita: Miguel Valencia, J. Villagarcía, Roberto Vázquez-Monxardín, Elina Carballo, Esther Peña Bouzas, Alberto Vázquez-Monxardín, Manuel Peña Rei, Emilia Blanco Maneiro, Xosé Goyanes e Daniel Piñeiro. Fonte: Fundacionoteroapedrayo.org. Galipedia

VIEIROS E O POEMA «NOITURNO COMPOSTELÁN»



Xusto aquí, neste lugar, A Quintana: «A Quintana empedrada con pedras do desfeito mosteiro de San Pedro de Afóra» onde «o aire, suxeito á lei das campás, responde como bo clerc e compañeiro. Non é doado tratar da interpretación dos catros elementos na Compostela castro-figuranza da terra gárgola-poema menor e romanceiro da auga-espello e recompensa de amor da luz das campás, o aire en rima. Son precisos longos cursos de soidades e silencios. Ou aquela súpeta flor de silencio nada, ao mellor, na Quintana, lirio de lugares antigos, chamado pola coroa boreal, polas Pléiades. Nas meditacións compostelás, a cada intre translócese, séntese, agárdase, un ou os catros elementos da anterga e eterna física. Gostan de pousar e ensoñar no espacio electo pola fuxida das almas», como expresou Otero Pedrayo en *Don Ramón e Compostela*, en *O espello no serán*, entre o Pedroso e O Viso...

Xusto aquí, os *Vieiros* de Carvalho Calero vólvense épica evocando este espazo como o Partenón evoca os esplendorosos anos da Grecia antiga no seu poema «Noiturno compostelán».

Os 30 poemas deste poemario presentan unha gran variedade temática e expresan diferentes vivencias do autor, con reminiscencias románticas e influencias modernistas e simbolistas, segundo Salinas de Portugal. E Ánxel Casal publicállos, o 6 de maio de 1931 en *Nós, publicazóns galegas e Imprenta*, na avenida de Linares Rivas, 50 - A Coruña. Nun deses poemas «A Praza da Quintana, baixo o luar soñaba n-un rexurdir glorioso de Galiza».



Ánxel Casal, maio de 1935
Fonte: *El Correo Gallego*



NOITURNO COMPOSTELÁN

NOITURNO COMPOSTELÁN

Por RICARDO CARRALLO

Os sinos esgazaron a tea do silencio.
Do outo do campanario, como pombas feridas
pol-os dardos do tempo, besteiro inmorredoiro,
caíndo en col da noite as badaladas ían.
A praza da Quintaa, baixo o luar, soñaba
que a cruzaban, saudosas, as somas fuxitivas
do areebispo Xelmírez e do mestre Mateo,
o cubizoso crego e o milagreiro artista.

Na noite recendente de arumes centearios
a praza da Quintaa, soitaria, parecía
agardar o miúdo chapín da dona Urraca,
raíña da Castela, bela e tola raíña.
Na noite recendente das frores da refenda
a voz fonda somentes do silencio s'ouvíaa.
O tempo remontaba a corrente dos sigros
e a vida era máis outa, máis sinxela e máis ríclaa.

A catedral e a lua xogaban o frorote:
a lua c' unha longa ralola de luz frida;
a catedral coa sua agulla, en cula punta
como botón de ouro unlla estrela locía.
S'ouvíaa gurgullar o corazón medievo
da cibdade na vella fonte das Praterías.
No longo muro do convento de San Paio
baixo o luar as reixas semellaban froridas.

Un morcego pasou, remando, pol-o ar.
N-un leito azul a lua, nua e branca, surrria...
Qué dedos inmortaes carexarán seu corpo?
Qué beizos bicarán súa carne donda e nidia?
Na noite recendente de arumes centearios
a voz fonda somentes do silencio s'ouvíaa.
A praza da Quintaa, baixo o luar, soñaba
n-un rexurdir grorioso da groriosa Galiza.

Ampliación de «Noiturno compostelán» publicado en *El Compostelano* o 19 de agosto de 1929.
El Compostelano: diario independente. Ano X. Número 2827 - Galician. Biblioteca Dixital de Galicia

A QUINTANA, ESPAZO DE INSPIRACIÓN LITERARIA
PRAZA DE LITERARIOS



*Pola Quintana dos Mortos
dúas sombras vagan:
o poeta e o editor
pola Quintana*

Juán Pérez Creus

A Quintana evocada. Praza de Memoria. Praza de inspiración literaria, de literarios. De poetas en lingua propia e de poetas alófonos


Don Ricardo compartiu amizade con Ánxel Casal e mantivo correspondencia con el. Así llo comunica a Fernández del Riego nunha carta do 18 de novembro de 1932 na que lle di:

«Non deixes de lle dicir a Casal que agardo do seu probado intrés por min que non esqueza o meu asunto» e noutra do 18 de xaneiro de 1933: «Fai días escribín a Casal, enviándolle algúns orixinás pra o número de Nadal de *Nós*». A sombra de Casal e a de Lorca, moi presentes en don Ricardo, vagan pola Quintana dos Mortos na evocación que o escritor Juan Pérez Creus fixo no poema «19 de agosto», lido o sábado 17 de abril no I Congreso de Poetas Alófonos de Lingua Galega, realizado do 14 ao 17 de abril de 1993, na Facultade de Filoloxía, na Homenaxe a Lorca diante do taller da imprenta Nós, na rúa do Vilar, 15, onde se imprimiron os *Seis poemas galegos* e onde se colocou unha placa na memoria de Casal e do seu labor editorial. Fernández del Riego foi en 1932 un dos guías composteláns de Federico e amigo e colaborador de Ánxel Casal, ambos, autor e editor, asasinados o mesmo día, o 19 de agosto de 1936.

I Congreso de Poetas Alófonos. Facultade de Filoloxía. Programa de actividades. Textos/documentos. Dirección Xeral de Política Lingüística. Véxase tamén o artigo de Sara Torreiro «O diderot do galeguismo». *Praza pública*, 19 de agosto de 2015

«la enorme sombra de la Catedral se proyecta en el piso de la *Quintana de muertos* y el reloj cuenta las horas con lengua de bronce, y la luna vierte vaporosas olas de luz sobre las caladas torres, la impresión que produce Santiago es solemne.»

Emilia Pardo Bazán



www.facebook.com/TurismodeSantiago

A Quintana, venerable e pacífica, solemne.



Fotografía @santiagoturismo.Instagram

«...tal es Santiago. De día, a la luz del sol, la Jerusalén de Occidente (que así suele ser nombrada en elegante estilo), parece venerable y pacífica, sin austeridad ni ceño; pero en las largas noches invernales, cuando en las angostas calles se espesa la oscuridad, y la enorme sombra de la Catedral se proyecta en el piso de la *Quintana de muertos* y el reloj cuenta las horas con lengua de bronce, y la luna vierte vaporosas olas de luz sobre las caladas torres, la impresión que produce Santiago es solemne. ¡Oh, si yo fuera dado a filigranas poéticas!, ¡qué linda ocasión se me ofrecía ahora para describir los efectos de perspectiva que en la serenidad nocturna producen los majestuosos edificios, mudos testigos de la muerta grandeza de tan ilustre ciudad!»

Emilia Pardo Bazán: *Pascual López, autobiografía de un estudiante de Medicina*



Centro Gallego: órgano de la colectividad gallega en Uruguay: Número 54 – 31 de maio de 1921



Postal: Catedral Torre do Reloxo
 Portada do libro *Imaxe de Compostela: Unha cidade de pedra nas vellas fotografías*.
 Foto facilitada por Pablo Costa Buján

«El mismo carácter religioso, casi ascético a ciertas horas-aunque no exento del sentido hidalgo que tuvo al vivir antiguo de Galicia- ostenta el lago de silencios y recuerdos, encerrado en muros de desnuda o labrada piedra, de la plaza de la Quintana.»


Otero Pedrayo (1953): *Guía de Santiago de Compostela*. Noguer. Barcelona





Arriba: Otero Pedrayo, na Praza da Universidade, na saída da súa despedida como catedrático en 1958. Primeira lección que se deu en galego na universidade despois da Guerra Civil.

Imaxes:
 Consello da Cultura Galega
www.cultura.gal

Praza de carácter ascético




O LUGAR NO QUE A LÚA BAILA



Imaxes: Arriba, á esquerda: *Danza da lúa* de Federico García Lorca. Todas as fotografías pertencen ao concerto *Lorca Namorado*. *Os seis poemas de Lorca* musicados por Abe Rábade. Interpretados por Salvador Sobral, Kiki Morente, Arcangel, Marcelo DoBode, Davide Salvado, Susana Seivane e Lilaina. Coa dirección escénica de Quico Cadaval. Maxistral espectáculo e extraordinaria mostra do poder telúrico desta praza compostelá.

Praza da Quintana. 30 de maio de 2019



Vida gallega. Número 389. 20 de setembro de 1928. Páxina 15
 Efecto nocturno da catedral de Santiago
 Revista *Compostela*: a Torre do Reloxo da Gran Basílica
 Compostelana, baixo o efecto lunar. Bos Aires.
 Xullo 1942. Ano VII. Números 6-7. P.39

A Quintana, “Pentagrama sen fin ou cordas mudas de guitarra calada e... Sagrado altar de amor en pel de pedra”.

Oh Quintana de Muertos! ¡Oh, Palacio / de Gelmírez! ¡Oh, piedra suntuaria, / lujosa piedra, piedra igual y varia, / matizada de gris hasta el topacio! / ¡Oh, gárgola, mingente en el espacio, / con la ruda impudicia milenaria!

Evocación da Quintana e de Compostela de Manuel Machado publicada no libro *Phoenix*, froito das súas viaxes a esta cidade en 1913 e en 1918.

Por que chora esa lúa tristeira
 Na túa Quintana sagra que inda escoa?

Manuel María. Elexía

MOZAS DURMINDO NOS POUSOS DA QUINTANA CON FARDEIS E GUITARRAS

Pentagrama sen fin ou cordas mudas
 de guitarra calada...
 Sono quedo de pedra
 no berce da Quintana.

VELLOS PARRAFEANDO SENTADOS NA QUINTANA

Sagrado altar de amor en pel de pedra
 curtida en soles mornos...
 Doación de dous corpos,
 como facemos todos os amantes.

Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro. Cabeleira de pedra

Namorouso o vento mainiño
 unha noite en Compostela
 ó mirar como as pingueiras
 saltaricaban nas pedras.
 Viu tan fermosa a Quintana
 que xa non puido esquecerla
 e sen que ela o saiba
 cando sopra dálle apertas.

Por iso é especial a chuvia
 cando molla en Compostela
 Por iso é máxica a Quintana
 as noites de lúa chea

**Rosalía Morlán.
 Nas rúas de Compostela**

Pilar García Negro dá algunhas claves para entender o poema «Noiturno compostelán» neste artigo:

«Xa vai para catro anos (1 de Xuño de 2011), unha servidora publicaba un artigo no extinto Xornal de Galicia (desaparecido por orde da superioridade), artigo que dei en titular "Un verso infeliz". Nel, facía referencia a un volume, algo desfarrumallado, do libro *Vieiros*, de Ricardo Carvalho Calero, publicado en 1931. Este exemplar –que posuímos grazas á xenerosidade de Margarida Carballo Ramos– é o que o autor dedicara a Rodrigo Sanz. Este político agrarista e rexionalista moderado, que fundara o Ateneo ferrolano onde un mozo Carvalho proferira unha conferencia, leu, polo que demostran as súas anotacións, moi atentamente este volume poético daquel escritor novel de 20 anos. Cualifica, en xeral, positivamente os seus poemas, mais hai un apontamento nun deles, o titulado "Noiturno compostelán", que chama particularmente a atención. É o que reza: "Bueno. Otro verso final infeliz por corto".

Este verso defectuoso di así: "**n-un rexurdir grorioso da Galiza**". Todo o poema –evocación da praza da Quintana baixo o luar–, está escrito en versos de catorce sílabas e rima asoante nos pares, e finaliza con este, de once. Tal e como o lemos, este final non se debe á impericia do autor, mesmamente moi sabedor da preceptiva e da retórica poética, senón á vontade de marcar un presente aberto a expectativas melloradas, un futuro de rehabilitación para a nación, desexada na mención previa da praza da Quintana, onde tiñan lugar os mítins das arengas, por exemplo, como preludio e celebración do Día da Patria Galega. O verso "infeliz", na lectura de Rodrigo Sanz, na realidade cómpre conectalo a unha evocación poética onde van comparecer o arcebispo Xelmírez, o mestre Mateo ou a raíña Urraca, elementos dunha historia galega que había de volver por sí, na ansia do rexurdimento desexado.

Un verso infeliz. Tal foi o decreto que se cerneu sobre Carvalho cando decidiu ser un verso libre e, na derradeira década da súa vida, reatar a súa biografía con aqueles anos da mocidade republicana e nacionalista, abruptamente interromptos pola guerra civil española e a barbarie nela desatada e alongada durante toda a duración do rexime ditatorial.

Sempre se reclamou dun único partido, o Partido Galeguista de antes da guerra, e sempre se manifestou leal ao seu ideario e á súa práctica. Nunca admitiu ser considerado un heterodoxo ou un disidente, xustamente por se considerar fiel a aquela ortodoxia.»

M.ª Pilar García Negro, *Nós diário*, 13/05/20

A praza do «rexurdir grorioso de Galiza»

E agora o Ditador está morto. Exonerado polo Rei, foi-se a Paris, e ali findou a súa vida. O Rei quer restaurar o antigo réxime. Muitos pedem Cortes Constituintes. Com Berenguer, temos outra vez reunións políticas, onde escuítamos assombrosos discursos...

Scórpio (2019). Através Editora. P. 74

«Estamos num momento histórico. Há que comprometer-se»

Scórpio (2019). Através Editora. P. 66

SAGITÁRIO

Nom sei como conseguimos arrastar Scórpio à assembleia fundacional do Partido Galeguista... Agora, tornados a Ferrol, somos dous afiliados, com a condição de fundadores, do Partido Galeguista. Para mim foi moi excitante poder ouvir, e trocar umhas palavras con Castelao e Otero Pedraio, aos quais conhecia já do Seminário, a abraçar Salgueiro, mui integrado agora na vida política na súa cidade natal, e que se deslocou de Ourense, como nós de Ferrol, para concorrer à fundação do novo partido.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 91



Praza dos Literarios. Praza da Quintana. Ca. 1910 *Unha cidade de pedra nas vellas*

6 As Praterias



Foto XRLB

S'ouvía gurgullar o corazón medievo
da cidade na vella fonte das Prateirías



A praza das Praterías recolle o seu nome dos obradoiros e tendas dos prateiros, oficio e gremio importante na cidade, malia haber tamén nela artesáns do coiro, cuncheiros, picheiros, especieiros, cererías... A maioría estaban instalados desde o século XVI tras a construción do novo claustro da catedral, onde aínda se encontran, nos baixos da Fachada do Tesouro. Filgueira Valverde, cando estudante, viviu no número 2. Na imaxe de 1919, facilitada por Pablo Costa Buján, aparece a Casa Espinosa de Domingo de Andrade declarada monumento nacional, derrubada para construír a sucursal do Banco de España.



Cunheiro na fachada da catedral na porta das Praterías xunto ao rei David do que se di que, se lle tocas os pés, volverás a Compostela



Prateiro na pratería nos baixos da Fachada do Tesouro Compostela. Memoria fotográfica. Facilitada por Pablo Costa Buján

A praza das Praterías, o adro da catedral



Tránsito da Quintana ás Praterías e Casa da Conga. 1919

Neste espazo houbo catro fontes:

«A fonte actual, a cuarta das que existiron, comezou a ser construída en 1825 e deuse por finalizada en 1826. Foi obra do mestre fontaneiro Frei Juan Estanislao Conde e do escultor Juan Pernas, discípulo de José Ferreiro, que realizaron un soberbio grupo escultórico que fixo que fose coñecida como a Fonte dos Cabalos.»

Texto: <https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/places/fonte-das-praterias/>



A Fonte de Praterías . 1919



Foto XRLB

No poema **«Noiturno compostelán»** Ricardo o e gurgullar o corazón medieval da cidade na vella fonte das Praterías desde a praza da Quintana onde o sinos esgazan a tea do silencio.

Talvez o mesmo que para Carvalho Calero eses sinos foron as *Campás da liberdade* que García Bodaño sentiu anos despois: **«como se a patria chama para algunha antiga xesta»**.

Neste caso, a patria chamaba ao rexurdir de Galicia, nesa **Compostela da tebra e mais da pomba a desfoliar as lembranzas máis amadas: -Carlomagno, Xelmírez, Isabel de Portugal, don Gaiferos, Faraldo, Rosalía de Castro, Otero Pedraio, Maside e Bouza Brei -nunha doce Margarida que non pode morrer-** como versou Manuel María.

Na Praza da Quintana cruzaban saudosas as somas fuxitivas de Xelmírez e o Mestre Mateo, o cobizoso crego e o milagreiro artista. E estes versos traen á memoria o poema de Cabanillas **«Diego Xelmírez»** e tamén estoutros versos de Carvalho Calero:

**Foi home dunha peza? Foi galego
Como de moitas pezas e armadura
a súa i-alma se compuña dura
castelo e catedral, señor e crego**

- Nesta fonte e nos seus cabalos «potros de pedra» inspirouse Federico García Lorca para escribir no seu poema **«Danza da lúa en Santiago»**, os seguintes versos:

**¿Quén fire potro de pedra
na mesma porta do sono?**

Poema de Ramón Cabanillas
Eco de Galicia, 15/04/1929

DIEGO XELMIREZ

E toda a Baza e toda a Terra nosas.
Erguendo a Se, co-a forza d'unha arela
que as pedras fixo frerecer en rosas,
doalle a Roma unha irmán en Compostela.
Ampara reis, sabios e troveiros,
bota ó mar as birremes d'unha armada,
cobre os vales de pazos e mosteiros
e impón a lei e-o báculo e co-a espada.
A punto do morrer, cando se mira,
diante das portas fúlxidas do eco
da súa catedral fixo memoria.
E, tornando a Santiago, cando e inspira
no corazón e a mente de Mateo
o prodixio do Pórtico da Gloria.



«Lloviznaba anochecido cuando atravesábamos el atrio de la catedral para volver a casa.»



«Antonia abrió el balcón y miró a la plaza con ojos de sonámbula.»

Valle Inclán inmortalizou esta praza como espazo do relato *Mi hermana Antonia*, publicado en 1909 en *Cofre de Sándalo*. Obras completas. Tomo I, en 1913, no número 2 de *El cuento calante* e en 1918 en *Los Contemporáneos*, número 477.


A praza das Praterías, o «adro da catedral» é o lugar onde vive a protagonista (na Casa do Cabido), fronte á catedral, onde transcorre a historia. Dúas frases desta obra serven como pé de foto nas fotografías da esquerda como exemplos da súa localización espacial.

Carvalho Calero dedicoulle varios traballos a Valle Inclán, entre eles destacan: «Algunos testimonios gallegos sobre el galleguismo de Valle-Inclán», publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos* Tomo XXI. 1966 ao que debe referirse na carta que lle envía a Álvarez Blázquez o 7 de abril de 1967 cando se despide dicindo: «espero que recibiras a separata de Cadernos relativa a Valle Inclán».

Anteriormente, en 1964, publicara «A temática galega en Valle Inclán», no número 3 de *Grial*, e, en 1968, «As tensións creadoras na obra de Valle Inclán», *Grial*, número 13. E, en 1970, «Escollas valleinclinescos» en *Cadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXV.



Praza das Praterías. Foto XRLB



Portada de *El cuento calante*, 17/04/ 1913

7 A RÚA DO VILAR



A rúa do Vilar é a principal arteria de Compostela, «foco da vida do pobo xurdido ao pé do templo do Apóstolo». Así a definiu Pérez Costanti. «A rúa de Santiago por excelencia», para José Luis Pereiro. Alguén considerouna «galería cultural da cidade».

No número 15 estivo o taller de Ánxel Casal, a imprenta Nós, de onde saíron *A Nosa Terra* e a *Revista Nós*, que foi local de xuntanza dos galeguistas: Seoane, Castelao, Pedrayo, Díaz Pardo, María Miramontes... membros das Irmandades da Fala, da Xeración Nós, do Partido Galeguista e do Seminario de Estudos Galegos (SEG). No número 19 viviu Domingo Fontán. No 21 estaba o Círculo Católico de Obreiros, onde se reuniron por primeira vez as Irmandades de Santiago. No 32, a sede do semanario *Café con gotas*. O 37 albergou o Café Español (hoxe librería San Pablo), lugar de faladoiros onde se reunían os persoeiros da cultura compostelá. No 42, o estudio de Carlos Maside.

Esta rúa foi tamén unha rúa de librerías como Galí, inaugurada en 1876, pechada en 2006; González (fundada en 1929), Encuentros, hoxe desaparecidas, e nela perdura O Casino, con 145 anos de existencia.




A Rúa do Vilar.Pazo de Monroy. 1931
Imaxe facilitada por Pablo Costa Buján

SAGITÁRIO

Merche aplaudía entusiasticamente. Na lenta evacuación do Paraninfo, non puden emparellar-me con ela. Vín, por fin, na rúa do Vilar, onde un grupo de estudantes, fêmeas e varóns, comentaba as incidencias do acto que se acababa de celebrar. Somei-me ao conxunto, con a esperanza de poderla acompañar até a súa casa...

Scórpico (2019). A través Editora. P. 68

Os cafés santiagueses forman parte do ambiente cultural da cidade.
O Gran Café Español é un referente en Compostela.



Café Restaurant Español
GRAN LUJO
CALEFACCIÓN y ORQUESTA

Hoy sábado, 2 de Febrero, tuvo lugar la APERTURA de este Establecimiento, en el que se podrá escuchar un Septeto dirigido por el maestro Rebolfo.

No dejen de cenar en el más hermoso Restaurant estilo japonés. Servicio á la carta. Prueben el café ántes que esta Casa hace.

Se sirven meriendas, para lo que se dispone de gran sardina en fiambres, etc.

PROPIETARIO
Manuel Ramallo Gómez
RUA DO VILAR 37

El Pueblo Gallego, o 27 de xaneiro de 1924, anuncia «a próxima apertura do Gran Café Español» e *El Compostelano*, o 2 de febreiro dá a noticia da apertura do Café Restaurant Español na rúa do Vilar 37. Un local referente en Compostela na promoción de espectáculos, concertos e polos faladoiros de persoeiros da cultura.

O Café Español ocupaba, desde 1875, na rúa das Orfas o edificio no que se establece «Casa Raposo». Tres anos despois de inaugurar o local da rúa do Vilar, en 1927, o propietario Manuel Ramallo arrenda o baixo do Pavillón da Exposición Rexional ou da Ferradura para instalar o American Bar.

No ano 1932 disputa con Eduardo Vázquez a concesión da explotación do local e obtena e, no ano 33, autorízano a ocupar tamén a planta alta para acondicionalo como sala de cinema e espectáculos. E ese mesmo ano traspasa o Café Español que adquire un empresario coñecido como Cazón e este véndello a un boticario de Ourense...

A RÚA DO VILAR, A RÚA DO CAFÉ ESPAÑOL



Imaxes: mural «as cinco facultades» existente no local e os camareiros que atendían en 1941 tal e como aparecen na noticia «Regreso ao Gran Café Español», *La Voz de Galicia*, 28 de abril de 2013. E dous anuncios publicitarios. O da esquerda dentro do Programa das Festas patronais de Santiago de 1930 e o da dereita en *El Compostelano* o 11 de xullo de 1929. E outros dous da prensa da época.



Imaxe: *El Pueblo Gallego*, 19 de agosto de 1926



Lar, número 23. 1926

Felipe Fernández Armesto, escritor e xornalista que estudou na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, publicou, o ano no que comezou estes estudos, en 1924, dous cursos antes que don Ricardo, os seus primeiros artigos en *El Pueblo Gallego*, xornal no que dirixiu a páxina universitaria. Publicou algúns relatos en *Nós* e en *El Pueblo Gallego* como «A Castañeira» e «A fonte dos cabaliños». En 1927 marchou a París e logo a Berlín cunha bolsa de estudos. Alí escribiu en diversos xornais españois, especialmente en *La Vanguardia* de Barcelona, utilizando a sinatura de Augusto Assía. Foi expulsado de Alemaña e destinado como correspondente de *La Vanguardia* a Londres...

Naqueles anos vinte coñeceu a Carvalho e tivo moita relación con el a quen recorda da seguinte maneira:

«Os estudantes entón eramos poucos e coñecíamonos e, naquel momento, todos eramos un pouco galeguistas. Por outra parte asistíamos a unha tertulia no Español; Carvalho non era de tertulia pero asistía en ocasións. Aquelas reunións onde nos comunicábase tiveron máis importancia na nosa evolución que a propia Universidade.»

Lembranza de Felipe Fernández Armesto. Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Carvalho Calero (1910-1941)*. Laiovento. Pp. 45-47

MERCHE

(...)

O meu pai tem que tratar de negocios com o director de um banco. Sempre que pode a minha mae o acompanha nas suas viagens. Pois estou com outras três moças que ainda nom remátaron os estudos, no Café Espanhol, e conosco o meu primo Joám, Rafael e Jorge. Rafael Martínez e Jorge Bermúdez.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 70

Carvalho incluíu a Felipe Fernández Armesto entre os autores das Irmandades da Fala e do grupo Nós:

«Felipe Fernández Armesto, de San Martín da Mezquita (Ourense) é actualmente moi coñecido como xornalista baixo o pseudónimo de Augusto Assía. Na súa mocidade, aos vinte anos máis ou menos, escribiu *Xelo o salvaxe*, adicado a Ramón Fernández Mato, narración na que se mesturan modernismo, costumismo e naturalismo.»

«Sobre a viaxe a Europa que Risco conta nas páxina de Nós co título *Da Alemaña* do número 79 ao 120 : «O itinerario a partir de Quereño, é puntualmente descrito. Miuciosamente se nos pintan as cámaras de hoteis e pensións, co seu mobiliario. Hai esbozos de persoaxes rápida pero intelixentemente trazados, lembramos como especialmente interesantes os de Lois Tobio, Fernándezza Armesto, J. Canedo, Margot Sponer, Julio Martínez Santa Olalla, Francisco Ayala, Profesor Gamillscheg e Rabindranath Tagore, para non citar máis que a persoas que se tropezou en Berlín.»

Carvalho Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Galaxia. Pp. 623-646.



Pavillón do Recreio Artístico e Rexional onde estivo o American Bar. *Compostela na memoria fotográfica*. Fotografía facilitada por Pablo Costa Buján



O Casino. Ca. 1923. *Compostela Memoria fotográfica*. Facilitada por Pablo Costa Buján


AMPARO

No forno nada passa que nom poda dizer-se. Bailar tamén bailam as sehoritas no Casino.

Scórpio (2019). *Através Editora*. P. 75



Debuxos de Francisco Vázquez Díaz que asinaba co pseudónimo «Compostela»: *Casino de Santiago*, 1935 e *Bailes del Casino*, 1936



O Casino, na rúa do Vilar, 35, foi construído en 1873. Segundo indican na propia páxina web do Café Casino, as tallas de madeira foron realizadas por Maximino Magariños, escultor e ebanista compostelán que viviu entre 1869 e 1927. A súa obra máis recoñecida de temática relixiosa son os retablos de Santa María a Maior (Pontevedra), da igrexa de Santiago (Vigo) e a capela das Reliquias da catedral de Santiago de Compostela.

No Casino hai 36 tallas que rodean o espazo con diversas temáticas: relixiosas, fantasías, pecados... Hai referencias ao xogo de azar, batalla de cartas, penitencia, bautismo, confesións, consagración, etc. A zona das ventás presenta escudos de provincias de Galicia, da comunidade e do Estado.

A cheminea está enfeitada con frisos con escudos de lúas e outros con cinco estrelas, símbolo que fai referencia ao arcebispo de Santiago de Compostela e Toledo Alonso III de Fonseca (1475-1534).

<https://cafecasino.gal/nuestra-historia>

- Portada do libro de Francisco Pérez Benítez: *Maximino Magariños Rodríguez 1869 1927 Escultor: Arte e industria compostelanas*. O escultor compostelán máis relevante de finais do século XIX e principios do XX.

8 A PORTA FAXEIRA



A Porta Faxeira é unha rúa de tránsito cara á Ferradura. Unha rúa de encontros na que, probablemente, viviu o trobador Afonso Eanes de Cotón e na que se poden recuperar amores perdidos como ocorre no relato *Segunda Convocatoria* de José Antonio Perozo. Ou na que se pode lembrar algún personaxe que exerceu nela o seu oficio de limpabotas ou a un dos seus fillos «O Peitiños», personaxe inmortalizado na obra de Xavier Carro, *As calexas do Cigurath* ou a esoutro «esguío e elegante orador, falador de moi culta xestualización, de palabra inintelixíbel e de mirada alta, estelar, que estaba case sempre na Porta Faxeira, fronte do desaparecido quiosco do Ferrín» como o recorda Anxo Tarrío nun artigo en *El correo Gallego* do 31 de xaneiro de 2000. Imaxe: googlemaps

MARINHA

Tomo o autocarro na porta Fageira e chego así a estación de Cornes. Mentres nom sai o trem para Padrom, penso na sorte que tivemos em que a senhorita Júlia fosse a Ribadavía por tres días e a senhorita Eugénia se sentisse tam generosa como para conceder-me estes tres días de permiso e mesmo dar-me o dinheiro para ir e voltar à minha casa.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 32



Carrilana. A Porta Faxeira. 1900. Foto facilitada por Pablo Costa Buján

A Porta Faxeira é a porta do Camiño Portugués, por onde entraban as mercadorías (o peixe dos portos das rías, principalmente) e onde se pesaban e pagaban as taxas. Conservou a súa muralla e arco ata 1830.

Tamén era lugar de saída. Foi parada histórica da carrilana, do autocarro e logo de taxi. Carvalho testificou este feito en *Scórpio* e así o fixo anos despois Agustín Fernández Paz en *Cartas de Inverno*:

«E para colmo, un pouco antes comezara a chover como só o pode facer en Compostela en abril: Así que mollándome coma um pito, camiñei ata a Porta Faxeira, na procura dun taxi.»



Estación de Cornes. 1909. *Vida Gallega*

A Estación de Cornes vai cumprir 150 anos en 2023. A primeira viaxe da historia do tren en Galicia aconteceu o 15 de setembro de 1873, de Santiago a Carril.

O SERVIZO DE TRANSPORTE EN COMPOSTELA NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX. OS AUTOCARROS



Vida gallega: ilustración regional: Año XIV Número 188 - 1922 enero 20

Buenos Aires - El entusiasta gallego D. Jose Rey Ares, iniciador de la idea de que Galicia construya una flota de trasatlánticos. — *Santiago*. Hermosísimo coche de la empresa *El Noroeste*, totalmente fabricado en aquella ciudad según los planos y la inteligente dirección de D Julio Bruzos. Este coche, que va provisto de neumáticos, dió un resultado admirable y es obra totalmente galaica



Autocar 1ª metade do século XX. *Unha cidade de pedra nas vellas fotografías*. P. 243



Autobuses de Calo. Fotografía J. Guitián. 1950



Na fotografía de A. Cisneros, das coleccións de José Guitián e de Pablo Costa Buján, publicada en Cabo Villaverde e Costa Buján (1991) *Imaxe de Compostela: unha cidade nas vellas fotografías*, p. 106 e en Costa Buján (2016): *Periferias e (des)bordes*, p. 82, pode apreciarse o arco realizado na Porta Faxeira con motivo da visita da raíña Isabel II, en setembro de 1858, que, como curiosidade, tivo lugar un mes antes de casar Rosalia con Murguía, en Madrid. Para coñecer a viaxe a Galicia da familia real, véxase o traballo de Margarita Barral Martínez (2012): *A visita de Isabel II a Galicia en 1958*. Sotelo Blanco. Consorcio de Santiago

Carvalho fai referencia á raíña na *Historia da literatura galega contemporánea* no apartado da Galicia romántica, a propósito das condicións culturais nas que se desenvolve o renacemento galego, logo de falar de Vicetto, partidario do emprego do galego na Universidade e nos institutos de ensinanza e dos estudos filolóxicos que rexistran os primeiros dicionarios e gramáticas da nosa fala e tras sinalar que a prensa daqueles anos serviu de canle do renacemento inicial «estimulado, na orde da poesía áulica, por acontecementos tales como a declaración da maioría de idade da raíña Isabel II (1843), o seu primeiro parto (1851), o atentado de Martín Merino (1852), a visita a Galicia dos duques de Montpensier (1852), o nacemento do Príncipe de Asturias (1857) ou a visita da Soberana e o seu herdeiro (1858)». Sucesos que «moveron a penna de poetas entusiastas que os cantaron en lingua galega».

Salienta don Ricardo con motivo desta visita «o himno gallego a S. M. la reina D.^a Isabel II y a su agosto hijo el serenísimo D. Alfonso, príncipe de Asturias» e a «Letrilla gallega a S. M. la reina doña Isabel II en su llegada a la ciudad de Santiago» de Vicente Turnes, definido como «un afervoado e infatigable cantor dos acontecementos palatinos que como outros santiagouses seus contemporáneos estaban dispostos a fiar na súa roca poética unha letrilla ou unha oda con motivo de calquer suceso que tocase á real familia».



A Porta Faxeira. 1941. Cabo Villaverde, José Luis e Costa Buján, Pablo: *Imaxes de Compostela: unha cidade de pedra nas vellas fotografías*

SAGITARIO

Nom há dúbida de que Eugénia foi a sedutora, e Scórpio o seduzido. Esta mulher de vinte e três anos, tam misteriosa, e a quem o mesmo día em que Cleo regresou inesperadamente, saudei eu na Porta Faxeira, quando se dirixía à súa casa, e eu voltava de un passeio pola Ferradura...

Scórpio (2019). Através editora. P. 34




Desde a rúa da Fonte de San Miguel partiron Sagitário e Scórpio cara a unha asemblea á Ferradura. O primeiro itinerario chega ao seu punto final. A Ferradura é un espazo referencial na cidade e foi outro dos lugares importantes na Compostela de Ricardo Carvalho Calero. O Campo de don Mendo é o terreo que se estende ata o Monte da Condesa desde a maxestosa escalinata de pedra do Paseo da Ferradura, que serve de acceso ao Campus Sur.

O LUGAR DE MENDO. ESPAZO DE REIVINDICACIÓN



Quando nós chegamos, em meio da escuridade da noite, percebemos algunhas sombras que se moviam no centro do campo e imediatamente vimos afluir outras que desciam da Ferradura e se incorporavam ao grupo. Durante o nosso caminho, desde a Fonte de Sam Miguel ao Campo de dom Mendo, precederam-nos e seguiram-nos, pola Troia, pola Azevicharía, a Via Sacra, a Quintana, as Pratarías, a rua do Vilar, a Porta Fageira, a própria Ferradura...Agiña fomos centenaes reunidos no Campo de Dom Mendo...

Scórpio (2019). Através Editora. P. 36



Santiago.—Terrenos del Campo de Don Mendo adquiridos para la Residencia de Estudiantes.—Fia. Ksado.

Imaxe: Vida Gallega, 1 de marzo de 1928

O Agro de Mendo era unha zona de cultivo chá, solleira no que se desenvolveu o proxecto da Residencia de Estudiantes e outras infraestruturas universitarias –tal e como se comenta en páxinas anteriores–. Seguindo a Costa Buján en *Periferias e (des)bordes* (2016), a localización deste proxecto non podía ser outra que estes predios, ao pé do Paseo da Ferradura, na marxe oeste da Alameda, que se estendía ata o barrio de San Lourenzo e o Monte da Condesa ou da Curitaina. Hai que sinalar que co mesmo nome do monte existía O Agro da Curitaina, un conxunto de leiras que pertencían a Feáns.



Localización no mapa do Agro de Mendo e da contorna que xunta a Feáns co Agro da Curitaina, O Bosque (Monte) da Condesa ou Monte da Curitaina e Agrosan son os lugares con maior superficie na área que comprende o actual Campus-Sur da Universidade de Santiago. Algúns destes topónimos son hoxe referencias coñecidas que foron substituídas na nova estrutura por nomes de rúas como A Avenida das Burgas, A Avenida de Vigo, A Avenida de Novoa Santos, A Avenida da Coruña ou A Avenida de Compostela. O Lugar de Mendo, correspóndese hoxe co predio da Residencia e A Praza de Rodríguez Cadarso. Segundo se pode apreciar na cartografía municipal de 1907-1908.



A Alameda. O Paseo da Ferradura lindando co campo do Pombal e o campo do Inferniño

Imaxe: *La ciudad de Santiago tomada al Este de la robleda de Santa Susana*. Debuxo e litografía de Ramón A. Gil [x, 1842], litografía de Núñez Castaño. Elaborada entre 1800-1842. Fondo: Biblioteca Nacional de España

«O principal e máis antigo xardín público de Compostela é o designado como o “Parque da “Alameda” ou simplemente como “Alameda”. A historia deste espazo está ategada de avatares e feitos históricos, que condicionaron a súa configuración e a súa imbricación coa propia historia da cidade. O parque conforma actualmente unha superficie de aproximadamente unhas 8.0 ha, contactando coa cidade histórica e cos xardíns do Campus Universitario (Xardíns da Residencia). Habitualmente adóitanse recoñecer 3 grandes escenarios; A Carballeira de Santa Susana. O Paseo da Ferradura, subdividido en distintos tramos. O terceiro escenario correspóndese co Xardín da Alameda, que igualmente adoita subdividirse en diferentes áreas, que foron xurdindo e modificándose ao longo do tempo. A área nororiental, en contacto co centro histórico a través do Colexio de San Clemente e de Porta Faxeira é coñecida como “Campo da Estrela”, mentres que o lado Sur, correspóndese cos xardíns e estanques de Méndez Núñez ou do Pilar.»

Pablo Ramil-Rego, Luis Gómez-Orellana (2008): *Xardinería e paisaxismo en Galicia: Recursos e novos enfoques*. Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela



Paseo da Ferradura. Despois coñecido como Paseo dos Leóns tras situarse aquí a antiga portada de acceso da Alameda. Colección Pablo Costa Buján



Entrada á Alameda. 1920. Cabo Villaverde, J. L. e Costa Buján, P (1991): *Imaxe de Compostela: unha cidade de pedra nas vellas fotografías*. COAG

AMALIA

As alegres estudantes de Filosofía ou Ciéncias non som compañía ajeitada para mim, aínda que os seus compañeiros de Dereito podam se-lo par Guilherme. Assim que me enfastio bastante nesta eclesiástica capital, entristecida polo melancólico tanger de sinos innumeraveis. Gostaría de coquetear un pouco con alguém porque tenho entendido que non é pecado o flirt... Moças estudantes da minha idade ou poucos anos menos, flirteiam pola Alameda, polos claustros da Universidade e até o da catedral.

Scópio (2019). Através Editora. P. 48

**A FERRADURA,
ESPAZO DE LECER**



Ricardo diante do monumento a Rosalía na Ferradura acompañado por María Ignacia e por outra parella. 1930. Á dereita Ricardo e María Ignacia na Ferradura coa catedral ao fondo.

Arquivo: Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia



SAGITÁRIO

Ao findar as aulas, se o tempo é bom, imos dar umha volta á Ferradura.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 41



A Ferradura, un lugar de frecuentes paseos

Descrición cronolóxica da visita de don Francisco e Chéli, a Rafael, en Santiago, tomando como referencia o momento das comidas do día.

Despois da viaxe no tren anotando as estacións e tras tomar un autobús en Betanzos, Chéli di que por fin pararon nunha pequena praza onde os esperaba Rafael.

Este é o itinerario:

- 1 Paseo pola Ferradura antes de xantar.
- 2 Visita á catedral, despois de comer cando don Francisco se retira a descansar.
- 3 Recollida de don Francisco no hotel que estaba nunha praza céntrica e visita á colexiata de Sar.
- 4 Cea no hotel

CHELI

Dom Francisco invitou-me a acompañá-lo na súa visita a Rafael. Nunca estivera en Santiago...

Um moço recolheu os nosos vultos e trasladámo-nos ao hotel, que estaba próximo. Déron-nos os quartos, e eu despendim mais de media hora em vestir-me e arranjar-me para sair. Fomos dar um passeio pola Ferradura antes de jantar. Fazía um sol esplêndido, que dourava as pedras das igrejas e dos paços, e eu sentía que esse sol entrava no meu coração. Despois do almoço, dom Francisco retirou-se a descansar, e nós fomos ver a catedral e abraçar o Apóstolo. Ajoelhada ante a virgem da Soledade, e ouvindo os versos de Rosalía citados por Rafael, entrou-me umha emoçom mui grande, e non pudem reprimir os soluços. Sentia-me mui feliz de estarmos os dous ali como se fossemos casar-nos, e pensei que ditosa seria se isso chegasse a realizar-se...

Muitos amigos de Rafael saudárom-nos durante o nosso passeio. Os mais deles achegavam-se a nós e Rafael apresentava-mos. Nom dizia que eu fosse a sua noiva, mas todos pareciam crê-lo, e via-se que a todos lhes agradava muito o meu aspecto...

Recolhemos no hotel dom Francisco e fomos visitar a Colegiata de Sar. Num lugar convido aguardava-nos Sagitário, que me saudou com muita cerimónia, descobrindo-se e estreitando-me a mao. Alegrou-me muito vê-lo. Bajamos cara a igreja. Nós iamos diante, e detrás dom Francisco e Sagitário. Ceamos os quatro no hotel. Logo fôrom-se os rapazes. Eu subim ao meu quarto, despois de bicar o pai de Scórpio. Dom Francisco ficou no vestíbulo do hotel lenfo a imprensa da noite. Eu despedin-me e deitei-me, mas tardei muitas horas em adormecer.

Scórpio (2019). Através Editora. Pp. 42-44

Compostela era pequena alén da Ferradura: «As dúas rúas e a liña de Callobre -O Preguntoiro, A Caldeirería e Orfas- era o eixe ou o seu núcleo», sostiña Ricardo.

H. Rabuñal (2020). *Ricardo Carvalho Calero. O Anxo da terra*. Galaxia. P.28

Para Ricardo Carvalho Calero, Santiago era unha cidade pequena fóra da Alameda. Unha cidade que se paseaba por ese eixe ou núcleo constituído, principalmente, polas tres rúas que menciona, polas persoas da súa xeración ata a raia do Preguntoiro.

O deambulatorio cotián podía abranguer máis rúas, mais estas están definidas por unha liña que une O Toural ou A Mámoa co Preguntoiro, coa praza de Cervantes. É dicir, coa parte alta da cidade en sentido norte-sur ou sur-norte, e que se denominou rúa de Callobre.

Levou este nome durante varios séculos esa liña. De feito, sabemos, por exemplo, que Juan de Sanclemente comprou ao cabido unha casa na rúa de Callobre en 1597 para edificar un centro de acollida para as nenas orfas. De aí o nome do tramo de vía que ocupa o colexio.

No plano de 1783 denomínase Callobre o tramo comprendido entre as Orfas (desde o cruzamento con Zapateiros –actual Cardenal Payá– ata A Fonte Seca. Só o tramo final de casas ata Cinco Calles se denominaba Caldeirería.

Esa liña, como outras liñas compostelás, é unha rúa longa como no poema de Salvador García Bodaño: **Compostela é unha rúa longa / na memoria / onde vagan os nomes / e as horas.**



● A ALAMEDA

● A LIÑA DE CALLOBRE

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS



Colexio San Clemente en 1909. Neste ano foi a sede da Sección de Arqueoloxía da Exposición Rexional

«O meu círculo era o do Seminario de Estudos Galegos, o círculo dos galeguistas.»

Ricardo Carvalho Calero (1985): *Luis Seoane. Compromiso e paixón creadora*. A nosa Terra.

«O meu galeguismo forxouse na convivencia cos galeguistas do Seminario de Estudos.»


M. A. Fernán Vello/F. Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Barcelona. Sotelo Blanco Edicións. P. 60

SAGITÁRIO

Fomos facendo amizades.. Entre elas a de um rapaz que adoita sentar-se junto a mim. Este rapaz tem um irmão que está terminando a carreira de direito, e que é um dos direitivos do Seminario de Estudos Galegos, en cuja fundación participou. Levou-nos alí, quer dizer, ao local que o Seminario ocupa nunha aula, ou sala, do paço de Sanclemente onde está instalada a Sociedade Económica de Amigos do País. Apresentáron-nos ao Presidente, um catedrático de pequena estatura, sonrosadas faces, claros olhos e brancos e grandes bigodes, e ao Secretário, um recém licenciado, alto, delgado, algo carregado de costas, com óculos de grossas lentes. Outras gentes vimos bulir por alí. Outros catedráticos, algum cónego, com a vermelha cruz de Santiago bordada na sotaina; sobretudo estudantes dos últimos cursos, que, ao parecer, levavam o peso da marcha administrativa do Centro. Dixérom-nos que se éramos poetas podíamos ingresar no Seminario mediante a leitura de um conjunto de versos, em galego, naturalmente. O Seminario é bilingüe, mas se bem para os trabalhos científicos está admitido o castelhano ao lado do galego, parece que para as realizações puramente literárias se considera o galego como a língua ajeitada.

Scórpico (2019). Através Editora. P. 24

O Colexio de San Clemente fundouno en 1601 o arcebispo Juan de San Clemente e comezou a súa actividade para ensinar Teoloxía en 1630. Era denominado Colexio de Pasantes porque foi concibido para que os pasantes ou bachareis puidesen ampliar estudos e seren licenciados ou doutores. O pazo albergou institucións públicas e privadas tales como a Real Sociedade Económica de Amigos do País da cidade de Santiago (fundada en 1784) e desde 1883 e ata 1944 ou o Museo Arqueolóxico e de Belas Artes que pertence a esta sociedade e que abriu o ano seguinte en 1884. Nunha das salas da Sociedade Económica de Amigos del País, estivo o SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS entre 1926 e 1930.



Pé de foto original: Excolegio de San Clemente, hoy Escuela de Veterinaria y Sociedad Económica. 1885

A imaxe forma parte dunha páxina con tres debuxos coas sinaturas de J. Peña e Mayer que aparece no periódico ilustrado *El Primer Centenario*, creado para conmemorar o centenario da Real Sociedade Económica de Amigos do País con contidos científicos e literarios, por acordo da Comisión do Centenario que tamén organizou unha serie de actos entre os días 19 e 26 de xullo de 1884.



Colexio de San Clemente. 1948. Imaxe de Compostela: unha cidade de pedra nas vellas fotografías

O Colexio Xoán de San Clemente tivo moita importancia en relación cos membros das Irmandades da Fala, pois foi onde se celebrou o 1º aniversario da Irmandade da Fala de Compostela cun mitin que presidiu Salvador Cabeza de León acompañado por Victoriano Taibo e Leandro Pita Romero, ademais de falaren oradores como Castelao, Lugrís Freire ou Lois Peña Novo.



Imaxe: Día de Feira. San Clemente. Concurso de gando da Cámara Agrícola e Pecuaria en Santiago. 25 de maio de 1911. Colección Pablo Costa Buján


Como se indicou anteriormente, Ricardo participa no Seminario de Estudos Galegos ao chegar a Santiago en 1926 con tan só 15 anos e ingresa en abril de 1927 nunha cerimonia en que ofrece un recital de poesía de estética vangardista. Eses poemas e outros serán editados catro anos despois en *Vieiros*.

«Unha das primeiras actividades do SEG em que Carvalho participa foi un curso de Fonética Histórica Galega, impartido por Luís Tobío, para facilitar o estudo desta disciplina aos alumnos de Armando Cotarelo.»

J. M. Montero Santalha: *Carvalho Calero e a súa obra*. Laivento. P. 43

Carvalho estaba asignado á Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas e mais á de Historia da Literatura. Tamén foi membro da Comisión Lingüística. O seu secretario xeral, secretario de actas e conselleiro permanente.

En 1928 foi nomeado bibliotecario. En 1930 publica nos Arquivos do SEG o traballo *Como vía a Aristóteles o Pae Feijo* e forma parte do equipo que prepara a reforma dos estatutos do SEG.



Imaxes:

-Carné de socio do SEG: “nomeado socio activo o 29 de abril de 1927”.

-*El Eco de Santiago* do 2 de abril no que se infoma do ingreso de Ricardo no SEG:

«Celebró esta tarde sesión el Seminario de Estudios Gallegos haciendo su ingreso el distinguido escolar e inspirado poeta Sr. Carballo Calero y leyéndose un erudito estudio del Sr. Arias Sanjurjo. Tanto los poemas del Sr. Carballo Calero, de factura nueva e irreprochable, como el traballo lleno de interés histórico para nuestra tierra, del Sr. Arias, fueron muy aplaudidos.

El Seminario trabaja estos días en la preparación de la tercera asamblea general del centro a la que concurrirán los socios de toda Galicia.

Esta asamblea tendrá lugar los días 23, 24 y 25 del corriente. Con motivo de ella harán su ingreso en el Seminario el Presidente de la Academia gallega, Cruz Gallego, Sobrino, El Pita, Castro López y Zeñtrana.

»

«O Seminario de Estudios Galegos estaba entón instalado no antigo Colexio de San Clemente, hoxe Instituto Rosalía de Castro; e moi pronto me incorporei aos traballos que alí se realizaban; era presidente daquela institución Salvador Cabeza de León, catedrático de Dereito Internacional, que tiña tamén acumulada a materia Dereito Canónico e era decano da Facultade de Dereito. Don Salvador foi amigo meu, porque eu cheguei a desempeñar no Seminario, primeiro, o cárrago de secretario de actas e, máis adiante, o de secretario xeral, aínda que por pouco tempo; entón relacionábame moito con don Salvador, que era o presidente. Moitas actas do Seminario están realizadas por min, por suposto e fixen amizade e relacioneime intelectualmente con estudantes ou mozos profesores que traballaban nas diversas seccións do Seminario, como son os xa citados Ramón Martínez López, Xosé Filgueira Valverde, e tamén Luís Tobío Fernández, Antón Fraguas, Sebastián González. Eu era moi asiduo do Seminario. Á parte de que desempeñei un cargo naquela institución, o Seminario era para min un fogar, un casino, e lembro que soñamos pola tarde reunirnos para traballar naquel local e despois, cando o tempo o permitía, saíamos dar un paseo antes de cear, ou pola Ferradura, onde se paseaba no verán -pola Alameda máis propiamente- ou pola rúa do Vilar, por onde se paseaba no inverno. Paseábase, entón había paseos, íamos dun lugar a outro da mesma rúa, dun lugar ao outro da mesma Alameda, dando voltas, chegabamos a un punto determinado, xirabamos e volvíamos facer aquel camiño. Era unha vida sumamente subdesenrolada a que tiñamos os estudantes, non dispuñamos de demasiados medios para frecuentar os cafés ou astabernas. De maneira que o paseo era unha práctica social moi utilizada; os noivados soíanse contraer nos paseos e isto que parece hoxe tan insensato, dar voltas á nora, entón facíámolo como unha práctica barata de distracción. Moitas veces con Sebastián González e con Antonio Fraguas teño eu galgado pola Alameda ou pola rúa do Vilar despois de estar toda a tarde traballando no Seminario.»

Carmen Blanco (2019): *Conversas con Ricardo Carballero Calero*. Galaxia. P. 30

Sebastián González García-Paz, o secretario do SEG que asina o ingreso de Carvalho Calero



Seminario de Estudios Gallegos Campaña de investigación en Lalin

Ha llegado a Lalin la comisión destinada a realizar en la tierra de Lalin la sexta campaña de investigación organizada por el Seminario de Estudios Gallegos.

De la sección de Arte y Arqueología constituyen los señores don Sebastián González Paz y don José Filgueira Valverde con el director de la sección don Carlos García.

La sección de Etnografía y Folklore que dirige el profesor Busto, está representada por los señores Joaquín Lorenzo Fernández y Niso Rodríguez.

Jaime Cortesao; Noticias de las exploraciones arqueológicas en los castros de Borneiro y Baroña; Sebastián González García-Paz; Realidad y fantasía en las memorias de Diego Duque de Estrada; Benédicte Croce; Versión española, por C. Pérez Bustamante; Un Parlamento napolitano en 1677; Cartas y noticias de don Francisco de Quevedo, C. Pérez Bustamante; Notas para el estudio de dos historiadores hispano-americanos de los siglos VIII e IX, Claudio Sánchez Albornoz; O bronzale postclásico de Teoz, F. Bouza-Brey; Uma revolução na vida mental da Península no século XVIII, Hernani Cidade; El primer rector elegido en la Universidad de Santiago, Salvador Cabeza León, y Cadarso, un paraiso, Ricardo Monreal.

El Compostelano, 8 de marzo de 1934

Sebastián (Pontevedra 1908-1967). Secretario do SEG e un dos seus membros máis activos. Historiador e arqueólogo. Estudou Filosofía e Letras na USC. Doutorouse en Madrid en 1930 coa tese *El colegio de San Clemente de Pasantes de Compostela*. Levou a Sección de Arte e tivo ao seu cargo as cátedras de Arqueoloxía e Historia da Arte.

Entre as obras de Sebastián González, antes da guerra, salientan o traballo *Noticias das exploracións do Castros de Borneiro e Baroña* (1933) que aparecerá no *Boletín* extraordinario da Universidade en memoria de Rodríguez Cadarso; *La Universidad de Santiago: el pasado y el presente*, (1934), en colaboración con Pérez Bustamante e o titulado *Sobre Domingo de Andrade*, (1935).

Foi decano da Universidade de Porto Rico tras exiliarse a ese país. Creou o Teatro Universitario, o Coro, o Museo e o Seminario de Estudos de Porto Rico, o Centro de Escavacións e A Xunta de Ampliación de Estudos. Polo seu traballo, o claustro nomeouno decano de estudos, interino e senador vitalicio.

Xulgado polo Tribunal de Responsabilidades Políticas, fora condenado en 1940 á inhabilitación absoluta, seis anos de desterro a máis de douscentos quilómetros de Santiago de Compostela e ao pagamento de cinco mil pesetas.

A súa filla, María del Pilar González Lamela, doutora en Belas Artes e profesora xubilada da Facultade de Humanidades da Universidade de Porto Rico, faleceu o 4 de xuño de 2018. O fillo, Juan González Lamela foi o director executivo da Fundación Puertorriqueña de Humanidades entre 1990 e 2012.



Tradución ao galego do traballo de Sebastián González rematado en 1934, base da súa tese, prologado por Antón Fraguas.

Consorcio de Santiago 1993



Recepción de Castelao na Real Academia Galega na Coruña o 25 de xullo de 1934

De pé, de esquerda a dereita: Sebastián González, Eladio Rodríguez González, Enrique Peinador Lines, Gonzalo López Abente, Pura González Varela, Celia Brañas Fernández, Ramón Otero Pedrayo, David Fernández Diéguez, Ángel del Castillo López e Fernando Cortes Bugía. **Sentados**: Fernando Martínez Morás, Castelao, Manuel Lugrís Freire, Antón Villar Ponte e Félix Estrada Catoyra.

«O gran descoñecido do galeguismo»

Nun artigo de *La Voz de Galicia* do 12 de xuño de 2019 fálanse de Sebastián González como o gran descoñecido do galeguismo político e cultural dos anos 30. E nel alúdese a Alfonso Mato quen, na reedición que fai a Universidade de Santiago da súa tese de 1930 e do seu libro *La Universidad de Santiago*, de 1934, fai unha achega biográfica, salientando que foi membro das Irmandades da Fala, académico correspondente da RAG, que formou parte de todos os consellos executivos e da secretaría executiva do Partido Galeguista desde a súa fundación e que foi fundador do Seminario de Estudos Galegos e o seu derradeiro secretario.



Jaime Benítez, reitor da Universidade de Porto Rico, e Sebastián González García. Data descoñecida.

Fonte: Arquivo da Universidade de Porto Rico



Raimundo García Domínguez, Borobó.

Foto: *El Correo Gallego*

No artigo en *La Noche*, «De Compostela a Boriquén», Borobó relata a incorporación ao calendario compostelán da Festa Nacional de Porto Rico e da comida de gala incluída da colonia portorriqueña na que Lucas Álvarez brindou «para que se siga celebrando cada 19 de novembro aínda que non haxa aquí ningún estudante representante da illa antillá» e na que o Dr. Novo González lembrou os licenciados en Medicina que se estableceron en Porto Rico e di: “Cando conversamos coa Sociedade de Estudantes Portorriqueños, lembramos sempre o noso antigo profesor de Historia da Arte don Sebastián González García Paz que leva xa tantos anos de decano na Facultade de Humanidades na illa do caribe».

Consejeros delegados de las distintas secciones son designados: Carballo Calero, Vicente, Risco, Victor Casas, Sánchez, Banet, Villar Ponte (Ramón), Varela Fernández, Basanta, Garrido, Isla Couto y como suplentes: Martínez Monteagudo, López Cuevillas, Javier Pardo, Sebastián González, García Paz, Alvaro Cunqueiro, José Fernández Pimentel, M. Belén Prado Anguio y Paz Andrade.

Carvalho Calero e Sebastián González compartiron amizade e inqedanzas.

Noticia: II Asemblea do Partido Galeguista. *El Pueblo gallego*, 13/12/ 1932

LA CIUDAD DE LOS ALAMBRES

Don Sebastián González García Paz hace un ruego a la Corporación, al Alcalde «ou a quen corresponda».

La Compañía Telefónica —dice— hace las instalaciones de los alambres sin respetar la consonancia, el ambiente artístico de la ciudad, «atravesando las calles, las rúas de Santiago».

Quiere que la Compañía «busque o xeito de evitar esto».

Rogo que fai Sebastián González como concelleiro á corporación presidida por Ánxel Casal Gosenge na sesión da noite anterior no Pazo de Raxoi.

El Compostelano, 29/05/1936.

-O 1 de xullo do 1931 Carvalho escribe o manifesto **A esquerda galeguista fállalle ao país**, publicado en *A Nosa Terra* e que asinaron, entre outros, Álvaro das Casas, Víctor Martínez, Luís Seoane, o propio Ricardo, Sebastián González, José Eiroa, Ánxel Casal, Antón Fraguas, José Carnero Valenzuela, Primitivo R. Sanjurjo, Francisco Gastañaduy, Arturo Cuadrado, Eduardo Sánchez Fraga, J. López Durá, Juan Luís Ramos, Modesto Blanco, José Caamaño, Xaquín Lameiro, Basilio Fernández Barbazán, José María Vázquez, Clemente Zapata, Cesáreo Vázquez Ulloa, J. Rodríguez e R. Fernández Casas,

-Carvalho e Lois Tobío foron os que redactaron o anteproxecto do Estatuto de Galiza, impulsado polo SEG, que elaboraron xunto con Paz Andrade e Risco e que se publicou o 6 de maio de 1931.

Este anteproxecto constaba de 7 títulos e 41 artigos. Durante varios días apareceu na prensa a exposición pública. Na imaxe inferior, a exposición do día 17 de agosto de 1931, na que constan os artigos 1 a 25.

O artigo 1º expresaba: «A Galiza é un estado libre dentro da República Federal Española».

EXPOSIZION
Presentada pol-a poñenza encargada de redactar o
Anteproyeito de Estatuto de Galiza
(Continuación)
Anteproyeito de Estatuto da Galiza que presentou a Poñenza
TIDU I.
Do Estado, territorio e cidadáns da Galiza

Artigo 1.º A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española.
Art. 2.º As linguas oficiais no Estado Galego son, indistintamente, a galega e a castelá.
Non poderá desempeñar na Galiza cargos públicos os que non coñeza a lingua galega.
Art. 3.º As cores nacionais da Galiza son branco azul.
Art. 4.º O territorio da Galiza comprende as antigas catro provincias da Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense.
Art. 5.º Poderá agregarse ao territorio da Galiza calquera outro colindante, por acordo dos seus cidadáns, aprobado pol-a Asemblea do Estado galego e a legislatura a que estiver sometido o territorio en cuestión; todo isto cò referendo do Poder federal.
O plebiscito a que se refiro o primeiro párrafo d'isto artigo terá lugar por iniciativa do Consello do Estado galego ou da vigésima parte dos

eleitores do país que se trata d'anexar.
Art. 6.º Serán Galegos:
a) Os fillos de galegos nados no territorio do Estado galego.
b) Os fillos de pai ou nai galegos, inda que nazan fora, sempre que a súa súa vontade. Namentral- os fillos sexan menores, enténdese coma vontade súa a de seu representante legal.
c) Os que non sendo originariamente galegos, gañen vicinanza en calquera lugar da Galiza.
Art. 7.º Os que non sexan galegos ficarán xojitos pol-os seus raíces e dereitos civís que dentro da Galiza lles corresponden as disposicións vixentes no Estado galego. Respeito os seus pobres rixe a lei persoal do país.
As leis e disposicións do Estado galego rexirán a forma dos actos xurídicos realizados dentro do territorio galego que sexan autorizados por autoridades ou funcionarios do Estado galego.
Art. 8.º Os dereitos fundamentais dos galegos serán os que se determinen pra todos os españois na Constitución do Estado federal español.

TIDU II.
Do poderes do Estado Galego

Artigo 9.º Os poderes do Estado galego corresponden ó pobo da Galiza.
Estes poderes son exercidos pol-o Corpo electoral, a Asamblea e o Consello da Galiza.
Art. 10. Compoñen o corpo electoral todos os galegos, homes e mulleres, que teñan máis de 21 anos, coas excepcións que as leis asíñalen.
Art. 11. O corpo electoral exerce o seu poder:
a) pol-as eleccións
b) pol-o referendun e a iniciativa popular.
Art. 12. O sufraxio será igual, directo, segredo e segundo un sistema de representación proporcional.
Art. 13. A Asamblea do Estado galego estará formada pol-os eleitores galegos, na proporción que determine a lei orgánica, atendendo ó número de votantes electivos.
Art. 14. Son elegibles pra a Asamblea, como pra as demais corporacións públicas da Galiza, os galegos, homes e mulleres, maiores de 23 anos que reúnan as condicións d'isto artigo, salvo as excepcións que as leis asíñalen.

Art. 15. A renovación dos membros da Asamblea terá lugar cada catro anos.
Art. 16. A Asamblea funcionará con continuidade, nos días que determine a lei orgánica e coas vacacións que esta mesma asíñale.
Art. 17. A Asamblea compete legislar sobre das materias atribuídas por iste Estatuto ó Poder galego.
Art. 18. Os Deputados da Asamblea gozarán de inviolabilidade parlamentaria, e non poderán estar, namentras dure o seu mandato, en cargos públicos retribuídos que os de membros do Consello.
Art. 19. Toda lei votada pol-a Asamblea será sometida a referendun al, dentro dos trinta días seguintes á súa votación, pídese asíl cinco mil electores.
Un proxecto de lei articulado, presentado á Asamblea coa firma de 10.000 electores obriga a esta a deliberar sob'el no prazo d'un ano. O acordo tomaráse a referendun.
Art. 20. O Consello da Galiza estará formado pol-os conselleiros nomeados entre os seus membros pol-a Asamblea, no número que determine a correspondente lei orgánica. Cada conselleiro será jefe d'un departamento da Administración galega.
Art. 21. O Consello designará entre os seus membros e presidentes, coas funcións, como tal, durante un ano.
O presidente do Consello terá a suprema representación do Poder galego e presidirá as sesións do Consello, dirixido os debates e tendo voto decalificador en caso de empate.
Art. 22. Actuará o Consello dende a súa elección deica a primeira sesión da legislatura seguinte a aquela en que foi elixido.
O Consello casará nas súas funcións automaticamente por un voto de desconfianza aprobado pol-a maioría absoluta dos membros da Asamblea.
Art. 23. O cargo de conselleiro será retribuído e voluntario.
Art. 24. Compete ó Consello as seguintes atribucións:
a) Expediar as leis votadas na Asamblea.
b) Dirixir a gestión dos servizos públicos do Estado galego.
c) Convocar a Asamblea e disolvila cando fins o prazo da súa duración con arreglo ás leis.
d) Actuar nas relacións cò Poder federal, coma representante do Poder galego.
Art. 25. A responsabilidade criminal dos conselleiros por delitos contra os cometidos namentras estas ocupados os seus cargos, ora sexa no exercicio das súas funcións ou fora d'elas, furáse electiva, previa ap-

Seminario de Estudios Gallegos

TRABAJOS DE LOS SOCIOS

El Seminario continua su magnífica labor de estudios de asuntos de Galicia. Ahora ha publicado el tomo V de su archivo, que contiene trabajos de García-Blanco-Parga Pondal, Iglesias Iglesias, Zenitram; Cuevillas, Fraguas y Lorenzana; Filgueira, Valverde y Ogea; Carro García; Lorenzo Fernández y Manuel Amor; Bustamante, Fr. Aureliano Pardo, Cabeza de León y Carballo Calero.

El volumen resulta interesantísimo y honra una vez más a la intelectualidad gallega.

SOBRE LA NOTA DE BARRANTES

El Seminario se ha creído en el caso de publicar la siguiente nota, que leemos en varios periódicos:

«En la nota que figura al final del manifiesto fechado en el Pazo de Barrantes el 25 de los corrientes, se indica que «para expresar adhesiones e iniciativas y para cuanto se relacione con la labor política gallega que acaba de ponerse en marcha», deben dirigirse quienes lo hagan a don Armando Cotarelo Valledor «Seminario de Estudios Gallegos», Santiago de Compostela».

Los elementos directivos del Seminario han tenido y tienen siempre exquisito cuidado en apartar a dicho Centro, puramente cultural, de toda intervención en actos que revistan el más leve carácter de política militante. En el Seminario, como repetidamente se ha dicho y como lo comprueba, sobre todo, del modo más terminante su historia, actúan personas de las más diversas ideologías.

Por eso precisa declarar para salir al paso de posibles suspicacias, que el Seminario, que no ha tenido intervención ninguna en el acto realizado en Barrantes, no puede constituirse en receptor de adhesiones e iniciativas relacionadas con ese acto.

Vida Gallega, 10 de outubro de 1930

-A actividade de Ricardo é incesante no Seminario. Nunha carta a Fernández del Riego do 26 de outubro de 1932, escribe:

«Dille ô Sebastián que non me é posíble asistir á xuntanza do Consello do Seminario, e que vexa se pode vir dar a conferencia o domingo 6 ou o luns 7. Tamén podes dicirlle ao Durá que cando queira vir avise, e que ten que ser un sábado, e que veña disposto á eventualidade de un mitin plural o domingo. Se o Sebastián accedera, tamén o levaríamos a intervir n-algún mitin pol-o agro. Sorprendeume que Sebastián sexa presidente accidental do Seminario. ¿que é de don Salvador?»

O Sebastián ao que se refire na carta é o citado Sebastián González García-Paz.

-Na *Historia da literatura galega contemporánea* Carvalho dedícalle ao Seminario o derradeiro capítulo: «Os tempos do Seminario».

Estas son algunhas das súas verbas sobre o seminario na *Historia da literatura galega contemporánea*:

«Así como a Academia Galega, as Irmandades da Fala e a revista Nós son o foco de de concentración e de dispersión cultural que caracterizan etapas da literatura galega, o Seminario de Estudos Galegos, polo entusiasmo e prestixio dos seus dirixentes, domina ou preside o labor dos escritores de preguerra. Podemos por iso falar dos tempos do Seminario.»

«A fundación do Seminario de Estudos Galegos, capital, como dixemos, para o desenvolvemento da cultura en Galicia, realizouse o 12 de outubro de 1923, na Casa do Castro de Ortoño, onde Rosalía viviu os seus primeiros anos. O Seminario tivo a súa sede en Compostela...»

«O Seminario tiña por oxeto principal a formación de investigadores, e o estudo científico de Galicia en todos os seus aspectos. Mais organizou actos de divulgación cultural, como esposicións, ciclos de conferencias e sesións públicas...»



11ª Xuntanza Xeral do Seminario de Estudos Galegos. Foto que inclúe Carvalho na *Historia da literatura galega contemporánea*
Conferencia ao redor do idioma no Seminario de Estudos Galegos, 1926
El Correo Gallego, 17 de maio de 2006

Pode verse tamén en Galipedia: Entrada dos poetas no seminario en 1926.
Exposición 'Xosé Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia', Museo de Pontevedra, abril-maio de 2015



Membros do SEG en 1928, nas ruínas de San Domingos de Pontevedra. De esquerda a dereita, na fila de atrás: Ramón Otero Pedrayo, Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Carvalho Calero, Xosé Filgueira Valverde, Sebastián González García Paz, Luís Pintos Fonseca, Antón Fraguas, Bibiano Fernández Osorio-Tafall. **Sentados:** Isidro Parga Pondal, Abelardo Moralejo Laso, Xesús Carro García, Salvador Cabeza de León, Joaquín Arias Sanjurjo, Xerardo Álvarez Limeses e Juan Novás Guillán. Véxase: Seminario de Estudos Galegos en Pontevedra. (Arquivo MPG-AFF). Fundación Otero Pedrayo



Campaña do Seminario de Estudos Galegos para o estudo das Terras de Deza. Foto tomada diante da casa de Ramón María Aller, Lalín, xuño de 1934

Diante: Otero Pedrayo, Iglesias Vilarelle, Parga Pondal, Ferreiro Panadeiro, Pedro Brañas Cancelo, Fernández Osorio, Fernández Cochón, Vicente Risco, Sebastián González García-Paz, Antón Taboada Roca, Paulino Pedret, Xesús Carro. **Detrás:** Antón Fraguas, Jaime Vidal, Enrique Longa Vázquez, Xohán Ledo, Isla Couto, Ferreirós Espinosa, López Cuevillas, Vicente Hermida e Ramos Colemán.

<https://historiadeza.wordpress.com/2018/01/23/los-trabajos-del-seminario-de-estudios-gallegos-en-la-tierra-de-deza/>

Del Riego e Calero, de paseo pola Alameda. Retratos no verán de 1932 cando estudaban na cidade. Quique Alvarellos, 23/09/2018

Xa temos falado en varias das nosas Fotohistorias dese ano dourado na vida de Compostela como foi o de 1932. Uns tempos nos que Santiago fervía cultural, social e politicamente. Intres tan intensos coma efémeros. Por iso, ver agora de paseo pola Alameda a Francisco Fernández del Riego e a Ricardo Carballo Calero, en xullo de 1932, case que é un capítulo gráfico máis, totalmente normal, naqueles días áureos.

Quizais, moi preto, no mercado de Santa Susana andaba Arturo Cuadrado, maquinando baixo os carballos a súa Barraca Resol onde espallar letras e arte entre o pobo campesiño, ou arranzando convites do Comité de Cooperación Intelectual. E un pouco máis arriba imaxinamos a Carlos Maside (acabado de retornar á cidade), no seu encontro con Federico García Lorca, a quen retrataría a lapis no Bar Viño de Mazarelos; mentres que abaixo, no Vilar, Ánxel Casal daba forma á primeira editora moderna da nosa historia...

Regresemos á fotografía. Recollémola do libro de Antón Mascato Paco del Riego. Unha historia da restauración política e cultural (Edicións do Cumio, 2002). Naqueles días de 1932, un elegante Paco del Riego, de tan só 19 anos, pasea ataviado con paxariña e pano que sobresaia da americana; estuda Dereito na USC e realiza xa un intensísimo labor cultural, centrada na galeguización da nosa sociedade. El simboliza, dende aqueles intres ata o final da súa vida (faleceu en 2010 con 97 anos), o traballo constante, útil, verdadeiro, a prol da nosa cultura.

Ao seu carón, Ricardo Carballo Calero. Estudante ferrolán de 21 anos que se trasladara a Compostela para cursar Dereito e Filosofía e Letras, e cumprir o servizo militar, e así o vemos aquí vestido, co traxe castrense. Xa licenciado en Dereito, agora estudaba Letras e iniciaba unha fonda militancia política no movemento nacionalista. O ano anterior participara na creación do Partido Galeguista e poucos meses despois da nosa fotografía volverá a Ferrol, onde gaña a praza de administrativo no Concello. Pero o seu futuro profesional, en modo algún se desenvolverá aquí. En 1931 iniciaba a súa aventura na escrita en galego co libro de poemas Vieiros e as nosas Letras serán o seu cerne, nunha abraiante carreira docente e literaria...

Xa como Ricardo Carvalho Calero, falece en Compostela en 1990 e, na actualidade, un imponente busto en bronce, obra de José Molares, ollá cara esa Alameda na que hoxe os vemos retratados.

O camiño andado por estes dous homes dende aquel verán de 1932 é ben duro e coñecido. En Vieiros escribía Calero, como unha premonición, que «as nosas vidas cairán no serán». En modo algún caeron, pero si estiveron a piques, trala guerra.

Ou dous ollan agora á cámara dun fotógrafo anónimo, e ollan tamén para nós, pois, dalgún xeito, están a interpelarnos no tempo...

CARVALHO, SOLDADO DE CUOTA

Álvaro Cunqueiro na primeira parte de *El pasajero en Galicia*, cando conta a historia das tabernas galegas en primeira persoa e, en concreto, na do Padre Benito na que tiña a taza número 22 e o escultor Eiroa a número 23, describenos esta tasca da Raiña e confesa que as primeiras veces que entrou nela lle parecía que facía algo pecaminoso e di:

«el poeta Carballo Calero andaba de soldado de cuota, con un sombrero de ala ancha, semicolonial, que era entonces tocado de reglamento militar.»

Alí Cunqueiro que coincidía co mencionado Eiroa, Villafínez, Castroviejo e Rey Alvíte revela que prefería a do Padre Benito desta maneira:

«las últimas horas, salir por la Raiña a Fonseca, subir las Platerías y adentrarme en la inmensa, solitaria y silenciosa Quintana, y ya en ella, al pié del muro de San Paio –solo otro hay en el mundo tan alto, duro, misericorde y lejano, y está en Siena la fría–, charlar, decir los versos que uno tenía aquellos días en el corazón, soñar, callar. No olvidaré nunca las horas allí pasadas.»



SANTIAGO.—Cuartel de Artillería.




Data: Ao redor de 1905
Gran Enciclopedia Gallega
Tarjetas postais de Santiago
de Compostela
Colección Uxío de la Riva Pol
Museo do Pobo Galego

SAGITÁRIO

Agora estamos facendo o servizo militar. Fazemo-lo em artillaria montada, que é a única Arma representada actualmente na guarniçom de Santiago. Fomos primeiramente a aprender a instruçom com um antigo oficial, que nos deu os correspondentes certificados. Agora temos que fazer guardas no quartel e realizar prácticas de tiro, ainda que simuladas. Fazemos todos os movimentos necessários para carregar e disparar os canhons; mas nom os carregamos nem disparamos. Tampouco montamos a cavalo, ainda que temos a obriga de calçar as esporas. Como somos soldados de quota, pouco mais temos que fazer, se bem devemos abster-nos de toda actividade política.

Scórpio (2019). A través Editora. P. 78



Vista panorámica de Santiago. Antigo cuartel de Artillería

SAGITÁRIO

Reina umha grande agitaçom político e social. Com motivo de umha folga de obreiros tivemos que saír do quartel para constituir um piquete no edificio do Concelho, e outro día montamos umha guarda no antigo quartel de Infanteria de Santa Isabel hoje baleiro e meio arruinado. Mentres estava de posto entre as dúas e as quatro da madrugada, entretívem-me fazendo um poema. Nele aludía à minha funçom de sentinela, e dizia que a minha noiva estava sentada na lúa. Mas, a quem via eu realmente sentada na lua mentres fazia a guarda?

...

Mas era ela a que estava sentada na lúa, enquanto eu fazia guarda nocturna em Santa Isabel? A que estava sentada na lua, nom tinha uns olhos mais ingénuos, umha boca mais fina, umhas celhas mais subtís, umha pele mais clara, umha luz mais triste?

Scórpio (2019). Através Editora. Pp. 80-81



Ejercicio militar en Santiago de Compostela

Manobras militares no antigo cuartel de Santa Isabel. *El almanaque Gallego*, 1909

Henrique Rabuñal recrea este episodio na vida do autor de *Scórpio en Anxo da terra*.

UNHA ALUMNA DE FILOLOXÍA

Ricardo camiña outra vez polo Toural. Para nós e don Ricardo. Desde a Alameda reviviu os mellores momentos da súa mocidade e aquela fotografía vestido de militar na compañía do seu amigo del Riego.

H. Rabuñal (2020): *Ricardo Carvalho Calero. O Anxo da terra*. Galaxia. P. 83

Ao rematar o servizo militar, finaliza a súa residencia en Santiago. Carvalho volve á súa casa de Ferrol:

«Naqueles tempos, o estudante medio, ao rematar os seus estudos, non permanecía en Santiago, como moitos fan agora, pensionado polo seu señor pai para preparar a súa graduación ou unhas oposicións libres ou restrinxidas. Os señores pais opinaban por vía de regra que os señores fillos podían considerarse satisfeitos por ter sido sostidos na súa pousada polo diñeiro paterno durante os anos de cursantes, mesmo no caso dos que, coma min, axudábamnos, con algunha pasantía posta, o propio sostimento. E como a autoridade paterna era daquela real, e baixo o nivel xeral de vida, nengún estudante ousaba esixir –palabra entón malsoante ou impía– unha prórroga de pensión, que, na maior parte dos casos, o pai non estaba tampouco en condicións de conceder. Así eu regreséi á miña casa á beira da mar, non ben rematei a carreira de Dereito.»

Lembranzas de Luis Seoane (1979), en *Libros e autores galegos II* (1983). P. 283; en Montero Santalha, J. M. (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. P. 52



Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carballo Calero, 1932
Alameda de Santiago de Compostela

O TEMPO TRANSCORRIDO ATA VOLVER A COMPOSTELA

A voda en 1933, a excedencia como funcionario e a docencia nun colexio privado de Ferrol

HELENA

E agora findamos o curso, findamos a carreira, e eu tenho poucas probabilidades de volver a ver o Arcanjo. Ele, segundo me dixo, comezará a traballar num colégio de Ferrol, e fará as primeiras oposicións que se convoquen. Eu casarei con Alfredo. O arcanjo, nom terá umha noiva na sua terra?... Mas o meu Arcanjo nom se contentará com ser catedrático de Intituto. Dentro de uns anos será doutor e catedrático da Universidade...

P. 117

CASADO

Os seis alumnos que terminamos a carreira este curso, reunimo-nos a jantar para celebrá-lo e despedir-nos, pois nom sabemos quando nos volveremos ver, se volvemos a ver-nos. Há dous dias tiveramos o jantar oficial com os quatro profesores que nos deram aulas nesse derradeiro curso. Este Jantar de hoxe quería ser mais alegre e desembaraçado, sem a presenza dos mestres... Rafael tomava às quatro da tarde o autocarro que o levaría a Zamora.

Pp. 118-119

FRANCISCO

Estou disposto a dar todo clase de facilidades a Rafael para que se case quanto antes. Como era de esperar colocouse no Colégio de Frades nom bem terminou a segunda carreira. Premio extraordinário de Licenciatura, nom há en Ferrol moço com mais prestígio intelectual que ele.

P. 120

MANOLO

Só Rafael, entre os varóns da casa, escolheu um caminho divergente. É o máis inteligente de todos nós. Com as súas dúas carreiras universitária, com os seus dous libros de poemas em galego, é mais conhecido que nós fora dos círculos militares. Mas plo d agora nom é mais ca um profesor de um Colégio, com um soldo inferior ao meu, e, alem disso, eventual. Agora prepara oposicións a cátedra...

P. 122

MERCEDES

Estou-no vendo e nom podo crê-lo. Sempre suspirando por isto, e isto está a suceder. Estou aqui, perante o altar acarom de Chéli... Aqui estou acarom de Chéli que está preciosa com o seu traje branco, o seu véu, a súa cauda, que levam umha neta minha e umha neta de dom Francisco. E aí está Rafael, afinal, vestido de etiqueta, elegantísimo...

P. 123



Profesorado do Centro de Ensinanza Xeral. 1936. Centro do profesorado fundado por don Manuel Masdías, en Ferrol. Carvalho e María Ignacia diante á dereita. Tras eles, Pérez Parallé. Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia



Xuntanza no Seminario de Estudos Galegos o 30 de maio de 1936 na que se elixe presidente a Otero Pedrayo. **Sentados de esquerda a dereita:** Ramón Sobrino, Díaz Rozas, Iglesias Vilarelle, López Cuevillas, Portela Pazos, Otero Pedrayo, Luis Iglesias, Xesús Carro, Sebastián González, cordero Carrete, Filgueira Valverde, Vicente Risco, Pedret Casado e Parga Pondal. **De pé:** Francisco Ogando, Vidal Rey, Xoán López Durá, Alfonso Vázquez e Pérez Côleman.

Fotografía facilitada por Pablo Costa Buján. Aparece en *Compostela. Memoria fotográfica*

Madrid, as oposicións e a «monstruosidade» da Guerra.

O espazo de proxección vital convértese en espazo de sentimentos contraditorios, de horror, de conflito, de ausencias, de reafirmación e de incerteza.

Ricardo foi a Madrid en 1936 como compromisario na elección do presidente da República cando saíu elixido Azaña e a opositar.

SAGITARIO

O presidente da República, que dissolveu as Cortes Constituintes porque lle parecía que pandeavam excesivamente para a esquerda, quer agora dissolver as Cortes actuais porque lle parece que pandeiam para a dereita. Fracassou ao seu juízo a política esquerdista de Azaña...

P. 128

MERCEDES

As oposicións vam celebrar-se dentro de um mês, e Rafael terá que estar ausente quando nasça o neno de Chéli.

P. 136

JESUS

Ao meu juízo, están-se preparando dous movementos contrários. Um é o movemento militar, que trata de evitar que avance o outro movemento, o que podemos chamar movemento comunista.

P. 139

CASADO

Rafael e mais eu somos os únicos hóspedes neste sexto andar do número 7 da rua do Pez... **Estamos animados.** Temos um bom tribunal. O Presidente, legado do Governo, parece preocupar-se somente dos aspectos administrativos, assi que devemos procura obter sufrágio de Alarcos, Montesinos, Valbuena ou Gili Gaya. Quarteto mui luzido. Nom o é menos, *mutatis mutandis*, o corpo de aspirantes, no qual figuram nomes mui conhecidos: Laura de los Ríos, filha de dom Fernando; Isabel García Lorca, irmá de Federico; Gonzalo Menéndez Pidal, filho de dom Ramon; José Maria Quiroga Plá, genro de Unamuno. Os exercicios som elinatórios...

P. 145

CASADO

A pesar de andarmos mui absorvidos polo noso traballo do curso, nom deixamos de manter algunha atençom aos sucessos que se desenvolvem no noso entorno.

P. 149

BARREIRO

Com um profundo sentimento de horror, inteiro-me pola imprensa e por notícias mais ou menos confienciais que circulam por Madrid dos pormenores dos terríveis acontecimentos que se sucederom na noite do domingo e na madrugada do luns... Pistoleiros de um e outro lado tiroteiam-se en Madrid, e as execuçons de inimigos políticos parecen justificadas aos exaltados de qualquer signo.

P. 153

Segundo leio nos xornáis, onte realizárom-se os enterros de Castillo e Calvo Sotelo.

P. 154

CASADO

Hoje recebeu Rafael um telegrama que lhe anunciava o nascimento de umha nena dada a luz pola sua mulher.

P. 161

Temos, em fim, os exercicios suspendidos. O Governo anunciou por rádio os acontecimentos que se iniciçarom en África.

P. 162

Desde a açoteia da nossa casa ouve-se perfeitamente o fragor do combate que se desenvolve entre as forças leais ao Governo, apoiadas por numerosos civis aos quais se proporcionaram armas, e os militares encerrados no Quartel de Montanha. Bandada de passaros assustados passam chiando e fugindo sobre as nossas cabeças, quando as descargas se sucedem com mais estrondo e reiteraçom.

P. 164



Zona republicana de Madrid. 30 de xullo de 1937. Axencia Efe. Biblioteca Nacional de España



Casas bombardeadas en Madrid. 1936-1939. Biblioteca Nacional de España

CASADO

Temos a impressom de que os rebeldes encerrados no quartel da Montanha, aburados durante toda a madrugada por fogo de canhon e fusilaria, están a punto de de render-se ou perecer. Forças de milícias obreiras e soldados regulares disponhense, ao que parece, assaltar o quartel. (P. 165)

Estamos en guerra, e nom sabemos quando esta guerra acabará. (P. 169)

Temos que fazer algo mais que esperar a que os milicianos nos abran o caminho de regresso às nossas casas. Quase todo o mundo veste macaco, fato de trabalho, o “mono azul”, se nom qualquer farda militar. Três homes coma nós temos que incorporar-nos às hostes dos defensores de Madrid, a nom ser que queiramos passar por fascistas, por muitos amigos deputados que tenhamos. Imos acudir a esse chamamento. (P. 171)

Os espazos da acción van cambiando segundo os feitos
Madrid, Valencia... e Compostela volve ser espazo afectivo, de nostalxia, coas **lembranzas da vida en Santiago**

CASADO

Hoxe o barrio de Usera pareceu querer voltar a ser o teatro de furiosos combates. De súbito, vim que Rafael deixava de disparar e levava ao maos aos ollos...Estou ferido, dixo, sem alçar a voz mais do indispensável para ser ouvido. «Nom vejo», acrescentou.

Pp. 202-203

BARREIRO

Resistir é vencer, este é o santo e senha que parece resumir melhor a política militar da Junta de Defensa que preside o goberno de Madrid. O Goberno e Largo Caballero está en Valência, o Presidente da República en Barcelona...Franco já chefe de goberno e generalíssimo dos exércitos na zona dominada polos rebeldes, convenceu-se de que nom podía entrar na praça mediante um ataque frontal, e suspendeu os intentos de avanço, substituindo-os por bombardeos de avións alemáns e de artilharía empraçada no cerro Garabitas...Desde a morte de Casado Rafael parece ter perdido o gosto por falar. **Já pertencem à historia aquelas conversas em que os três lembrávamos os nossos anos de estudantes en Santiago.** (P. 206)

Nunca estivera eu en Valência, nem tampouco Rafael. Mentres nos preparamos a cursar en Paterna os estudos necessários para transformar-nos en Tenentes en Campanha, nós os dous e outros compañeiros do batallón, achamos alojamento numha pensom da rua Ruzafa... (P. 207)

Valência luze alegremente baixo o sol... Em valencia nom há ruido de combate... (P. 208)

Todos os dias imos e vimos, num comboio de Valencia a Paterna...

O exército regular da República, sucessor das milícias populares dos primeiros momentos, necessita oficiais, e formará como tais as pessoas cultas que lhe mereçam confianza por terem acreditado a sua lealdade lutando coma voluntários contra os facciosos.

Pp. 210-211

Aínda que Rafael Martínez fijo o serviço militar en Artilharía montada nunca estivera a lombos dum cavalo, segundo ele mesmo me informa. **Soldado de quota no quartel do Horreo, de Santiago de Compostela...** A cavalo non montou até chegar á Escola de Paterna

Pp. 214-215

A nossa vida en Paterna decorría rotineiramente. Tinhamos aulas teóricas e prácticas. Nom deixou de interessar-me a aula de Hipologia, que me permitiu aprender a distinguir polos seus nomes precisos as capas ou cores dos cavalo.

P. 219

Carvalho Calero converteuse en tenente en Campaña, ingresou na Escola Popular de Guerra de Infantería, Cabalería e Intendencia, avalado polo Partido Galeguista. As Escolas Populares de Guerra –antes chamadas Escolas de Oficiais – creáronse o 25 de novembro de 1936. O 28 de decembro segundo a base 5.a da orde circular (D. O. núm. 275), convocáronse 400 prazas que se publican o día 26 de xaneiro no Diario Oficial do Ministerio de Guerra. Na relación da páxina 267 aparece Ricardo.

CARBALLO
 CALERO
 Teniente Intendencia en Campaña-

CARBALLO
 CALERO
 Ingresó en la Escuela Popular de Guerra de Infantería, Caballería e Intendencia,avalado por el Partido Galeguista.

Fichas dos expedientes de Ricardo Carballo Calero como teniente de Intendencia e de Ingreso na Escola Popular de Guerra de Infantería, Cabalería e Intendencia. Biblioteca Nacional de España.



DIARIO OFICIAL

DEL
 MINISTERIO DE LA GUERRA

Número 22 Volumen 26 de enero de 1937

11 DE ENERO DE 1937

RELACION DE LOS ADMITIDOS

José Alonso Méndez Carlos Pérez Planella Luis López Lora Juan Delgado Bermúdez Esteban Galán José Iglesias Rafael Robles Rodríguez Francisco Martínez Fernández José González Albo Joaquín Maldonado Muñoz Daniel García Sotelo José Barrera Casamagor José Luis Huertas José González Boucha Manuel Ferrer Morera Francisco Arribas Fernández José Dolores Escamadas José El Merit Flores Roberto Ayuda Real Fernando Pérez García Manuel Cobo Barban Manuel López Calabaz Francisco Serrano Galland Francisco Manuel Martín José María del Aza Francisco Bujá Torra José Francisco Ramos Galland Manuel de Román, Escam José María Barredas José Ricardo Guasip Víctor Quinteiro Guerra Manuel Fdez Sureda Francisco Díaz de Roca Elías Chaves Carranza José Rubiños Domínguez José María González José Manuel Olmos Ferrer Francisco Rodríguez María	Víctor Sanz López Carlos Pascual Guzmán Francisco Gil Álvarez Rafael Sobr. Pardo José José Romero Manuel Millán Valdepeña Daniel García Sotelo Héctor Delgado Valdepeña Rafael Martín Martín Santos López Vázquez José Martínez Martínez Manuel José López José Antonio Casal Antonio de Andrés Rodríguez Eusebio Álvarez Blasco Tomás Gil Castilla Encarnación Martínez Sta. Cruz Francisco Albino Millán Francisco Sánchez Navarro Miguel de los Santos Octavio R. de Pina Tomás Ángel López Luis Alvarado Pardo Juan Meléndez López Rafael Barroja Barroja Domingo Blázquez Escam Antonio Andreu Gómez Francisco del Puente Andujar Francisco Nieto López Antonio Martínez Arce Manuel Barja Ferrnández Pedro Ayres Moreno Eusebio Herrera Quinteiro Vique Dolores Larrea Martínez Manuel Molino Galán Manuel Vianhuel Gil Eusebio Sánchez López	Cecilio Silveira Hernández Domingo Caba Vianco Francisco S. Jacinto Engdino José Domínguez Carreira Dolores González Pardo José Eduardo Robles Francisco Gilgado Román Luis Rodríguez Arce César Fdez López Miguel Romero Cortés Rafael Romero Durrutín Kocue de la Rocha Escam José Manuel Lema García Luis Sánchez Rodríguez Vicente Fdez Pérez José López Díaz Antonio Melchior Aguilar Manuel Ferrer Navarro Eduardo Larrea Navarro Alfredo Pardo Martínez Manuel Robles Vique Ángel José López Alberto López Martínez José López López Francisco Barroja José Antonio Barroja Manuel de los Santos José Calero Escam Rafael Sánchez Guerra Federico Acuña Escam Encarnación Barroja Navarro Andrés Lázaro Martín José María Martínez Juan María Rivilla López Manuel Romero Navarro Esteban Barroja
---	---	---

Imaxes: alumnos da Escola Popular de Guerra de a caballo e Relación de admitidos na escola: bibliotecavirtualdefensa.es. Biblioteca Virtual de Defensa Hemeroteca. Biblioteca Nacional de España



Imaxes: Paterna, Academia Militar de Infantería. Biblioteca Nacional de España



Concha Castroviejo
(Santiago 1915-
Madrid 1995).
Escritora, crítica
literaria e
xornalista. En *La
Noche* utilizaba o
pseudónimo Asela.

[Exiliadas, feministas, políticas, sinsombrero y... escritoras](#)
[Centro de Información Documental de Archivos \(CIDA\)](#)

Segundo Aurora Marco (*Foula e Ronsel*. P. 162), «En Valencia Carvalho reencontrouse con Castelao e estableceu contacto con outras persoas galegas que residían alí circunstancialmente como Cabanillas, o socialista ferrolán Marcial Martínez ou a escritora compostelá Concha Castroviejo que fora reunirse co seu mozo Joaquín Seijo, compañeiro de estudos de Calero e ferrolán coma el e que se xuntaban no Café Acuarium».

CLEO

–Rafael Martínez Pinheiro, capitán de cavalaria incorporado à Plana Maior...Talvez tardaria em reconhecê-lo se Flores nom tivesse o seu nome completo. Só lhe faltou acrescentar «Scórpio» para retrotair-me aos anos dos meus estudos em **Compostela**, interrompidos precisamente por causa daquele moço... Agora, aquele anjo de dezasseis anos era um home de vinte e sete. O rapaz delgado que compunha versos, convertera-se num fornido guerreiro que fora ascendido polo valor demostrado face o inimigo em Pozoblanco e Santa Maria de la Cabeza, como eu logo havia saber. A pesar da capacidade de Scórpio para manter a compostura e o sossego en qualquer situaçom – umha das suas qualidades mais admiradas por mim naquele ano em que fum a sua noiva, ou crim sê-lo, em **Santiago**-. Esta vez vim-no palidecer até ficar branco como um morto. Estava, naturalmente, longe de pensar que ia tropeçar-me em Úbeda, que ia ser a mulher do Chefe de Estado Maior do Corpo de Exército a cuja Plana Maior acaba de incorporarse.

Sáimos da cidade ao passo... Regressamos à noitinha. Luis nom apareceu durante o passeio. Achei-no no despacho da casa, inclinado sobre uns mapas. Nom levantou a olhada quando eu entrei. Biquei-no na tempa esquerda e pugem-me tras ele para dizer-lhe:

–Sabes? O capitam Martínez resultou ser um antigo compañeiro meu de estudos em **Santiago de Compostela**.

Quando eramos o que eramos em **Santiago**...

Agora vejo claro que este processo começou o mesmo dia em que tornei a vê-lo, depois de onze anos daquela ominosa tarde de **Santiago**, o mesmo dia que o vim de novo nesta pequena cidade andaluza, na praçinha que há diante do portal principal do palácio em que vivo. (*Scórpio*, pp. 222-228).



En 1937, tras o inicio da confrontación civil e a evacuación do Goberno de Madrid, Azaña trasladou a residencia do presidente da República a Pedralbes, onde presidía os consellos de ministros, daba audiencias e recibía embaixadores doutros países. Pedralbes foi tamén a residencia do presidente do Consello de Ministros Juan Negrín, quen lanzou varias ofensivas (Brunete, Belchite, Teruel e Ebro) e Indalecio Prieto foi designado ministro de Defensa. Salgueiro introdúcenos neste escenario e relata como foran os sucesos daquel marzo de 1938. A imaxe corresponde ao 5 de marzo, día da recepción ao embaixador de México, publicada polo foro de historia militar elgrancapitán.org, nunha reportaxe sobre a escolta presidencial republicana. Tras os ataques aéreos, entre os entullos do hotel onde vivía Scórpio foron atopados os corpos de Scórpio e Cleo e, nese momento, rexorde Santiago de Compostela.

SALGUEIRO

Scórpio tomou já possessom do seu destino no Batalhom Presidencial. Há um mês longo que o temos aquí. Ascendido por méritos de guerra na frente de Andaluzia, nom lhe foi difícil obter o traslado, para o qual eu ajudei todo o que pudem...Em Valência contara-me Castela, desde Barcelona lhe mandara recomendaçom para que lhe dessem um destino no Ministério ou algum posto em que pudesse ser aproveitada a sua preparaçom intelectual...

Mas Scórpio quijo mudar de destino e suponho que lhe interessava Barcelona porque aquí estava eu e podia o velho amigo confiar em que desde A Secretaría da Presidencia da República eu estava em condiçoms de interresar-me pola resoluçom de seu expediente.

P. 246

Vejo-o com frequência, como que ambos formamos parte do quadro de pessoal da Presidência da República e ás vezes jantamos juntos. Há dous dís figemo-lo convidados polo professor Maluquer, que está agregado à embaixada de Paris e de quando em quando vem a Barcelona com missons para o Ministério... o Presidente rogou-me que avisasse Rafael de que ele e a sua mulher Amalia estavam na cidade e gostavam de volver a vê-lo...Amália está formosissima. Durante a ceia tratou com muita cordialidade Scórpio, com quem em **Santiago** estivo ligada, ao juízo de algumas pessoas, com um vínculo de simpatia raiano com o namoraento por parte dela...Amalia chocava nos meios femininos santiagoueses polo seu jeito de vestir, tam elegante como pouco convencional dentro dos usos das donas dos catedráticos, asi como pola sua desenvoltura no trato com os alunos do seu marido. As nossas compaheiras, as estudantes de Filosofia, que compartilhavam com os alunos de Direito os claustros do edificio central da Universidade, muito a admiravam e algumas sospeitavam que Scórpio e ela sustinham relaçoms secretas.

Pp. 247-248

SALGUEIRO

Em **Santiago**, quando eu a tratava, era apenas umha adolescente. Agora, a pesar do impacto que a morte deixara no seu aspecto revelava-se como umha mulher na plenitude da idade, de estatura mias bem pequena, mais de indizível harmonia corporal, peito enchido, elegante linha de quadrís e finas pernas...Cleo, flor tronchada, beleza mortal, pequena chama extinta, acarom daquele por quem tanto susperara e sofrera nos tempos já alongados em que era umha rapariga admirada por todos e vivia com a sua irmã Eugénia, que a havia de traíçoar, num andar alugado da **Carreira do Conde**...

Nom quixem revelar a personalidade da formosa crioula. Convencido de que se achava com Scórpio no momento em que a morte lhes sobrevéu, pensei que nom sería de utilidade para ninguém que eu tomasse a iniciativa de revelar a identidade de Cleo... Lembrei quando um día mui alongado no tempo, Scórpio me apresentou em **Santiago**, na praça das Pratarías, aquela rapariga de aspecto tam doce e e tranquilo que ao tempo de ele morrer era a sua dona, e da qual levava muitos meses sem ter noticia algumha. Essa mulher dera a Rafael polos días en que começou a guerra, umha filha que o seu pai nunca vira...

Aquela mulher morta cabo de um home casado a quem conhecera de moça, conservava-se solteira ou era tamém casada? Desde quando reatará a sua relação com Scórpio? Por que o buscara no hotel aquele día? Chegara de viagem ou vivia em Barcelona? Que vida levava desque desaparecera de Santiago onze ou doze anos atrás?

...

Scórpio, querido amigo, amigo querido e alongado, tam amado das donas...Scórpio, querido amigo, jazes agora esquecido de todo, esquecido de quase todos, dormindo sen sonhos, sem sofrer o assédio das mulheres, sem participar já nesta tolémia bélica...A tua mulher embalará a tua filha sonhando desperta com que a guerra termina e vovedes a vos reunir e ti podes conhecer a tua pequena criança. Talvez Rosa se quadra casada na sua aldeia com um lavrador, ou em **Compostela** com um artesao que está na frente lutando sob a bandeira vermelha e amarela, lembre algumas noites no seu leito de casada sem marido aquele estudante que falava com ele através da sua reixa, tam sereno, tam comedido, como se fosse un anjo que non estivesse sujeito ao fogo que queima os filhos de Eva, servos do pecado original

Scórpio. Pp. 254-257



Imaxes: Vista de Santiago (Ksado.1936) e Electores dun colexio de Santiago de Compostela en ringleira agardando para votar no referendo do Estatuto (memoriasdecompostela.blogspot.com)

Ricardo, miliciano, na fronte de Madrid, en Valencia, en Andalucía, o consello de guerra e a prisión
Palabras soltas, expresións empregadas en *Scórpio* e na súa poesía

«Non coñecemos como viviron a guerra os homes que viviron o espírito de febreiro de 1936, ano do éxito electoral do Partido Galeguista por militar nas filas da Fronte Popular...que lectura fixeron da Guerra e da República homes como Del Riego, Isla ou Piñeiro?, como viviron a guerra certos homes: como viviron aquela guerra contra a España da Fronte Popular unha causa na que estaban e militaban Castelao, Rafael Dieste, Ramón Suárez Picallo, Florencio Delgado Guarriarán, Lorenzo Varela, Otero Espasandín, Arturo Cuadrado, Rubia Barcia, Ramón de Valenzuela, Serafín Ferro, Borobó, Luís Tobio e Ricardo Carballo Calero. Pero deste, si, temos unhas páxinas de extraordinaria valía. Refírome á novela *Scórpio*... Nesta novela da que o miolo, creo que é, a Guerra Civil Española.... Carballo Calero, un intelectual que, nos últimos anos da súa vida decidiu contar unha experiencia tantas veces silenciada por outros...Sobre a guerra, tal como a viviu tense pronunciado Carballo Calero noutras páxinas, das que unha, un poema é moi significativo.»

Jesús Alonso Montero(2000): *Carballo Calero e algúns do seus camaradas na Guerra Civil: vida e literatura Estudos dedicados a Carvalho Calero*. Tomo I: A obra de Ricardo Carballo Calero. Lingüística. Pp. 85-96

Aquela barbarie da guerra contouna con detalle Ricardo en *Scórpio*. Os seus sentimentos quedan expresados neste relato e mais na súa poesía.

O “estrondo dos canhões”, os “zumbidos dos obuses”, “um avião voando mui baixo, passou sobre nós”, “os feros combates”, “umha confusa algaravía de tiros de fusil, metralhadora e fusil metralhador”, “o assobio das balas *dum-dum* que pasavam roçando-nos”, “fogo incessante, de morteiro e metralhadora”...

“vivim aqueles momentos coa soterrada ledice de comprobar que non era um cobarde”, “Aprendera a morrer”. “Resistir e vencer”, “Ninguém sabe o que se agita no seu interior”. “Aquela guerra era unha monstruosidade do punto de vista puramente humano”.

Non sei
se matei.
Estiven na trincheira.
Non vin
o meu nemigo.
Disparei.
Non sei
se matei.
Fun ferido.
Mais
non
sei
se
matei.
Toupa cega,
non teño outro ollo
que o ollo
do meu fusil.


¿Se cadra o ten visto
o meu
nemigo?
Fun ferido.
Olladas de fogo
Cruzan-se entre
Os dous:
Eu
E o meu
Nemigo
Fun ferido
Eu
non
sei
se
Matei.

Futuro Condicional



As bocas das metralhetas
apontando-nos. A censura
postal –fatídico agoireiro–
lendo as nossas entranhas.
Os sacristaos pasando lista
às portas das igrejas. Nos cafés,
os contetúlios anotando
as nossas reacções perante
as notícias do rádio.
Clitemnestra na cama.
Na escola, os nossos fillos aprendendo
a condenar-nos, a
desprezar-nos, a
denunciar-nos, a falarem na lingua
com que insultados fomos e julgados
réprobos, e na qual foi estendida
a acta que nos levou
ao paredom, ao cárcere, ao desterro;
a lingua com que nos indultarom
para nos reinserir arrependidos
no mundo que quigéramos
substituir. Muitos morrerom, mas
nom falo agora desses mortos; falo
dos que tiverom que viver morrendo
entre os seus matadores, lendo a imprensa
que de lama os enchera, saudando
as insígnias contra as quais militaram.
Como pudemos
viver? E mais vivémom.
(...)

Reticências

Carvalho compuxo en prisión os sonetos en castelán de «Teoría de Eva» que editou Claudio Rodríguez Fer en 1993, no libro *Poesía perdida*. Tamén impartiu leccións de lingua galega a varios compañeiros do cárcere ás que lle deu forma de libro Ramón Guisasaola co título: *Apuntes de lengua gallega galega. Literatura moderna*. Ricardo escribelle varias cartas a Fernández del Riego desde a prisión, a primeira en decembro de 1939 e as outras ao longo de 1940. O 14 de xuño de 1941 xa lle escribe desde Ferrol.



Carta de Ricardo a Fernández del Riego, 29/12/1939. *Epistolario a Fernández del Riego*. Galaxia. 2006



Nesta carta comúncalle que abandona Xaén tras ser indultado. *Epistolario a Fdez del Riego*. Galaxia. 2006

1941-1950 de novo en Galicia, de novo en Ferrol

Vive na Rúa Carlos III, 6º...

«El comezou a traballar nas academias onde estaba María Ignacia, sen figurar oficialmente no cadro de persoal, nen asinar actas, senón como axudante. Mas a súa situación en liberdade condicional estaría marcada por algún sobresalto: rexistros policiais, presentacións na Comisaría de Ferrol unha vez por mes...».

Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel*. Laiovento. P. 184

«A Santiago non volvín até catorce depois de telo visitado por última vez antes de estalar a Guerra Civil.»

Montero Santalha, J. M. (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Laiovento. P. 78



Carvalho en Ferrol coa súa filla Margarida. 1945. Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia

A década de 1950 tras os anos da fame, a represión, a militarización, a posguerra

A década anterior foi complicada en Compostela. En 1940 as autoridades franquistas proceden á incautación do Seminario de Estudos galegos. Xa marcado e setenciado desde o ano 36 co golpe de Estado militar do 18 de xullo e a represión á que foron sometidos os seus membros, asasinados moitos, exiliados ou condenados e denunciados por un caedrático de Farmacia solicitando o seu desaloxo de Fonseca. Os datos precisos dáos Alfonso Mato no artigo «A desfeita do Seminario de Estudos Galegos», publicado no número 163 de *Grial*, en 2004, quen tamén fala da proposta que Sebastián González lle fixo a Castelao en 1939 de organizar en América o Seminario porque en Galicia «estaba morto ou intervido». De feito, esa intervención materialízase o 9 de abril de 1940, cando o reitor Ruíz del Castillo lles comunica aos membros do Seminario que están fóra da lei por incumpriren o seu Regulamento, propóndolles incorporarse á Universidade:

«Os representantes do Seminario aceptan confiados a proposta do reitor, aínda que á saída da xuntanza un escéptico Otero Pedrayo sentenciase: “poden botarlle un responso”. Non lle faltaba razón: o 19 de xuño de 1940, o bibliotecario da Universidade comunícalle a Carro unha resolución do director xeral de Ensino Medio e Superior do 25 de maio, pola cal a Biblioteca e os demais fondos do Seminario deben pasar a formar parte da Biblioteca Universitaria. Nos meses seguintes, Carro intenta salvar a institución, mais o 18 de xuño de 1941, o Reitor comunícalle que, disolto o Seminario, todos os seus bens deben pasar á Universidade, tal e como dispón o artigo 27 do seu Regulamento. A entrega das chaves tivo lugar no outono. O 31 de decembro trasladáronse os libros ao local da Biblioteca América, en cabaces e nun carricoche tirado por un cabalo A finais de 1942 ou principios de 1943, co gallo da celebración dun Congreso da Falanxe feminina no Salón Artesoadado de Fonseca, os fondos das coleccións etnográfica e arqueolóxica do SEG que alí estaban instalados, foron arrecunchados nun cuarto trasteiro do edificio. Parte destes fondos, así como da Biblioteca, serían incorporados máis tarde ao Instituto Padre Sarmiento, versión franquista e descafeinada do Seminario creada en 1943 e no que participarían con máis ou menos entusiasmo algúns destacados socios da vella institución.»

Opus cit. Alfonso Mato (2004): «A desfeita do Seminario de Estudos Galegos». *Grial*, 163. Pp. 34-37



➤ Cartilla de racionamento e cupóns para os produtos e os alimentos básicos do ano 1952

A reorganización galeguista iniciada en Vigo no ano 40, na dura posguerra, veu da man de Ramón Piñeiro, dirixente das Mocidades Galeguistas de Lugo, nomeado secretario do PG en 1943. En Santiago constituíuse a Xunta Galega de Alianza Democrática formada polo PG, CNT, PSOE, UGT e a Federación Agraria. Filgueira Valverde convence as autoridades para crear o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento no seo do CSIC, que se constitúe o 15 de febreiro de 1944 que dirixirá Sánchez Cantón e logo o propio Filgueira”. Entre os sucesos destacados en Santiago, “no ano 1947 a policía tentou “desmantelar” a Unión de Intelectuais Libres nunha redada na que detiveron entre outras persoas a Ramón Baltar e a Ulpiano Villanueva, logo liberados e condenados a saíren da cidade cada vez que a visitase o Caudillo”. En 1948 designan a Quiroga Palacios arcebispo, e Pío XII, en 1952, noméao cardeal.

Xusto Beramendi. *La posguerra*, en PortelaSilva (2003): *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*. Pp. 582-583


Carvalho, activo e centrado en solucionar a súa vida persoal e económica, dános conta de todo o que fai a través das cartas que mantén, principalmente con del Riego. A década iníciase coa fundación de Galaxia e a morte de Castelao. Publica *Anxo da Terra* e *A xente de Barreira*, en 1951, *Poemas pendurados de un cabelo* e *As pitas baixo a choiva*, en 1952. Alterna a docencia coa investigación das obras e dos autores máis importantes da literatura galega, o que se evidencia na súa tese *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* coa que se doutora en Madrid, en 1954. En 1955 Galaxia edita *Sete poetas galegos*. Nestes anos desenvolve a *Historia da literatura galega contemporánea*. A obra máis importante de Ricardo, a maior contribución á historiografía da literatura en lingua galega, base fundamental para os estudos posteriores da nosa literatura e trascendental para a dignificación das nosas letras e da nosa lingua, que el xa prevé e comenta con Piñeiro en 1951 nunha carta como «libro de crítica dereita e persoal sobre as grandes figuras da literatura galega contemporánea», que non se resiste a desenvolver malia traballar 11 horas no colexio (carta a Piñeiro 04/11/1951). Piñeiro, o día 06-11-1951 contéstalle que «a laboura crítica cómpre facela con máis calma e parcialmente. Urxe n-embargantes acometela. E aínda che vou dicir máis: urxe que a acometas tí. Estou convencido de que hoxe en día é Carballo Calero o único que pode facer unha valoración da nosa literatura, pol-o menos da contemporánea, de acordo co-as aituales eisixencias críticas». No 1957 publica en *Vida Gallega* o conto *A cigoña*. En 1959 morre Cabanillas a quen dera a última aperta o ano anterior cando o visitou en Cambados «unha tarde de verán, a do 1 de xullo de 1958, á hora da sesta», con quen fumou e falou «dos libros, dos amigos e das arelas comúns». O 17 de maio leu o seu discurso de ingreso na RAG: *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*.



HGLC, 3ª edición. 1981



Imaxe: Agustín Portela Paz. Cedida polo seu fillo César Portela
 Capa do libro: Bibliófilos Gallegos/Biblioteca de Galicia III/A xente da Barreira/ Ilustracións de A. Portela Paz/Santiago de Compostela/MCMLI



1ª edición. Discurso de ingreso na RAG. 1959



Cabanillas. Escultura en bronce. Cambados



As rúas que percorre decote Carvalho Calero para ir dar clase á universidade. 1965-1980

ENTRE O INSTITUTO E A FACULDADE



Ilustración de Mónica Fernández López, Tertes Estudio



Don Ricardo, xa como profesor, na súa segunda etapa en Compostela, desde 1965 ata 1980, percorría habitualmente estas rúas da que foi a súa cidade definitiva. Aínda que entre 1980 e 1990, ao xubilarse, comparte a residencia con Lugo, onde residía unha das súas fillas.

1 (Compostela, 1º de Novembro de 1962)

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
FINGOY

Querido Ricardo:

Duas liñas pra ter informar dunha boa noticia que quizais xa conozas, ben polos xornás ben por Chan. Acaba de se crear na nosa Facultade de Filosofía a Seición de Filoloxía Románica. Dentro dela, no 5º curso, figura a cátedra de Língua e Literatura Galega. Ademais, no Instituto de Idiomas comenzará axiña a funcionar tamén o insino do galego. A seición de Románicas comenzará xa neste curso. Veñen dous profesores de fora, o Diego Catalán Menéndez-Pidal¹³⁰ e máis o

2 (Fingoy, 17 setembro 1965)

Querido Ramón: Non sei se a istas alturas estarás enteirado ou non de que Moralejo¹⁴³ me ofrecéu o encárrago da cátedra de Lengua e Literatura Galegas. Celestino díxome que estiveras eiquí recentemente, e que entón nada sabías do asunto. A noticia é tan recente que hoxe aínda debe ter chegado a Santiago a miña resposta. Moralejo escúsase por non poder dispor de remuneración axeitada. Dime que podería adicar dous ou tres días seguidos á cátedra e continuar en Lugo o resto da semana, e que si acepto se esforzaría en percurar os medios de paliar as molestias, e quebranto económico que isto tería que me producir. Efeitivamente, iste sería moi grande; pero zómo podería eu pensar en refusar? Así que contestei afirmativamente. Se paso con éxito o concurso pra adxuntos de Instituto, que se celebrará en outono, me situarei nunha posición modesta, pero que me permitiría respirar e vivir tranquilo. Pra min sería dabondo. Pero ista aproximación á cátedra supón demasiadas posibilidades dun labor gozoso e útil pra que retroceda ante o que tantas veces temos maxinado. É un forte risco, e un cambio económico desfavorable de moita gravidade; pero a esperanza de que así se reforcen as miñas posibilidades de gañar a cátedra obrígame a xogar isa carta. Só interesa moito que poda conservar como reserva a futura adxuntía, pois en caso de necesidade sería xa o meu único retiro. A iso sí que non podo renunciar. Espero que poida ser agregado, se alguén se interesa por elo, á Universidade ou a algún Instituto de Santiago, ou Lugo. Supoño que haberá fórmulas pra istes casos; ou, polo menos, que

3 compricada tea de esperanzas e incertidumes, de ledicias e preocupacións de toda indole. Puxen ao corrente a Moralejo de todo isto, e veremos cómo actúa. Parez desexoso de dar facilidades. Tería que organizar a miña media residencia en Santiago, sobre o cal, naturalmente, non tiven aínda tempo de pensar nada. Moralejo fala de subvencionar os desprazamentos. Eu irei por ahí calquer día a conversar con el, se como agardo me escribe confirmando o acordo; e, por suposto, falaréi contigo longamente e requeriréi o teu consello pra unha serie de decisións relativas á posta en práctica de tantas novidades.



Antes de residir na Carreira do Conde, Carvalho alóxase na casa na que viviu Ramón Piñeiro, na rúa Xelmírez, número 15. O edificio era propiedade de García Sabell. 1. En 1962, Ramón Piñeiro comúncalle a Ricardo a creación da Cátedra de Lingua e Literatura Galega na sección de Filoloxía Románica da Facultade de Filosofía e Letras. 2. En 1965 Ricardo coméntalle a Piñeiro que Moralejo lle encarga a Cátedra de Lingua e Literatura Galega e que contestou afirmativamente e que, se pasa con éxito o concurso para adxuntos de instituto ese outono, podería respirar e vivir tranquilo. 3 No final desta carta do 17 de setembro de 1965 considera que tería que organizar a súa residencia en Santiago.



Curso para estranxeiros, Ourense, 1962? Descoñecido. Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia

Esta fotografía na que aparece don Ricardo é do mesmo ano en que Piñeiro lle comunica a creación da Cátedra de Lingua e Literatura Galega en Santiago de Compostela e antes de vir a Compostela, para exercer a docencia de profesor de Lingua Española e Literatura no Instituto Rosalía de Castro e como profesor de Lingua e Literatura Galega na universidade.



Carvalho realiza un grande esforzo investigador e filolóxico. É membro da Comisión de Gramática da RAG e en 1963 publica unha edición de *Cantares gallegos*, con motivo do seu centenario. Sobre todo, salienta o seu labor no eido da literatura. Este ano editábase unha parte da *Historia da literatura galega contemporánea*, cos seus primeiros oito capítulos.

En 1965, Moralejo ofrécelle a cadeira de Lingua e Literatura Galegas e en 1966 publica a 1ª edición da *Gramática elemental de gallego común*, «cun éxito notorio» como se expresa na sétima e última edición de Galaxia, en 1979: «a única obra que na actualidade ofrece unha visión solvente e ao día para o bo coñecemento do idioma galego».

- Carvalho, M.ª Ignacia, Celso Emilio Ferreiro, Fernández del Riego, Antón Fraguas e as súas donas, nun xantar durante o Congreso de Santo Tirso, Portugal, 1963. Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia



«Un pueblo que posee lengua propia, ilustrada por una brillante literatura, siente el natural deseo de que la enseñanza de su idioma se efectúe en condiciones normales. La enseñanza del gallego en los diversos graos escolares requiere la existencia de una gramática del gallego común».

Ricardo Carballo Calero (1966): *Gramática elemental del Común*. 1ª edición. P.11



- Ricardo Carballo Calero (sentado, terceiro pola esquerda) posa na biblioteca xunto aos demais membros da RAG o día do ingreso na institución de Xosé María Álvarez Blázquez. 1964. Fonte: RAG



**Carvalho Calero preside os Xogos Florais do Colexio Minerva. Fotos Novoa. 18 de marzo de 1965.
Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia**



En 1965 exerce a docencia como profesor agregado no Rosalía e comeza a impartir galego na Facultade. A cabeceira dalgunhas das súas cartas a Del Riego, a partir no ano 66, son do Instituto Rosalía de Castro. Nunha escrita o 2 de maio do 67, indícalle que está cun pé en Lugo e outro en Santiago.

INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA
PROFESORADO
"ROSALÍA DE CASTRO"
SANTIAGO DE COMPOSTELA

02/05/1967

Sr. Don Francisco del Riego:
Vigo

Meu querido amigo:

Mándoche unahas liñas que tiña escritas por se fan falla algunha vez para encher un oco no *Grial*.

Non recibín aínda os documentos de Ferro. Agardo que mos envíe axiña.

Cun pe en Lugo e outro en Santiago, non fago máis que ir da Ceca para a Meca. Veremos como remata esto.

Apertas de

Ricardo

O 20 de agosto de 1968, noutra carta, dille a Del Riego que xa se está instalando en Compostela:

Meu querido amigo:

Onte recibín a túa carta do 17. Ese mesmo día deixei a casa que habitaba en Lugo, e hoxe estamos encetando a instalación en Santiago. Chan habitará a casa de Villalba, e recollerá o paquete de libros cuio envío me anuncias. Pero no sucesivo debes considerar como o meu endrezo en Santiago o seguinte: **Carrera del Conde 4-1º**.

- Don Ricardo en Padrón, cando recibiu o Pedrón de Ouro. 21 de maio de 1967, na porta da casa de Rosalía de Castro. Foto Santiso, Santiago. Camilo Agrasar Vidal. Biblioteca Parlamento de Galicia



A Carreira do Conde será a rúa onde Ricardo residirá desde 1968. A esta rúa pode accederse pola Senra. Queda significativamente máis baixa con respecto a rúa Martínez Anido. O seu desnivel provocou que en diferentes fases se dispuxese un muro de contención do noiro que logo se substituíu por un muro que soportase o ribazo natural con dúas escaleiras que pretendían dar acceso fronte a elas a Matacáns (actual Xeneral Pardiñas) e a unha pretendida rúa denominada Rajoy.

Véxase o proceso en Pablo Costa Buján (2016): *Periferias e (des)bordes*. Teófilo Comunicación. Consorcio de Santiago. Pp. 144 e ss.

A rúa na que viviu Carvalho Calero tiña estoutro aspecto 5 anos antes.

Á dereita, o edificio que adquiriron en 1922 Ángel Baltar Cortés e Manuel Varela Radio, construído por Juan Bouzón Figueroa -quen fora presidente da Exposición Rexional de 1909-, para casa residencial.

Matacáns converteuse nunha calella que lindaba ao leste cos terreos dos irmáns García Mouríño. Ao se ampliar o espazo urbano, pasou a denominarse rúa do Xeneral Pardiñas.



Matacáns. Lado leste do Sanatorio Baltar. Ksado 1945



Matacáns contra Montero Ríos

Matacáns e o Sanatorio Baltar

O sanatorio foi a referencia na entrada da Carreira do Conde desde 1922 ata 1963



Edificio de Ángel Baltar Fotografías facilitadas por Pablo Costa Buján

Rosalía no destino de Carvalho Calero A Carreira do Conde, Ramírez, o Camiño Novo e o instituto



Na Carreira do Conde, espazo situado no que era O Campo da Feira e o Cruceiro de Ramírez (rodeado cun círculo) volveu Carvalho Calero «atoparse» con Rosalía de Castro, que naceu no Camiño Novo, a moi pouca distancia da súa vivenda. Consagrouse a ela na súas investigacións. Dedicoulle un traballo crítico e rigoroso en *7 ensayos sobre Rosalía* (1952), en *Sete poetas galegos* (1955) e en *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (1955), froito da súa tese de doutoramento, o discurso pronunciado no seu ingreso na RAG: *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía* e un capítulo, o IV, na *Historia da literatura galega contemporánea*, por ser «a figura central da nosa literatura». Ademais, a escritora nomea o instituto no que deu clase, que está mesmo fronte á súa casa e a rúa que era O Camiño Real a Pontevedra. A Rosalía dos versos nos que o cruceiro e os agros que están por detrás da casa natal reviven en *Follas Novas*.

Tal e como se observa no plano de 1796, de Juan López Freyre, a carón do barrio da Senra e do Campo da Feira (número 10 no plano), todo eran agros ata o cruceiro de Ramírez, que se erixe, como se grava na súa pedra, no ano 1719 en memoria de quen finou nese lugar no fondo dos Agros de Carreira. Este feito revélaos Pérez Costanti nas súas *Notas vellas galicianas*.



Vida Gallega. Novembro de 1917

A casa na que naceu Rosalía



Santiago.—Casa del Camino Nuevo donde nació Rosalía Castro, lejos del pazo de Iria Flavia, solar de sus abuelos.—D. Leandro Pita, tan joven como cultísimo y brillante escritor, verdadera gloria de la clase escolar compostelana, que acaba de dar una notabilísima conferencia sobre Rosalía Castro, en Ortigueira, y estos días dará otra, sobre Regionalismo, en Barcelona *Fs. VIDA GALLEGA*

«Su casa que hace esquina con la carretera de Conjo, aun hoy se designa con el nombre de la casa del Camino Nuevo. Es una antigua vivienda entre el sendero y el riacho, toda cubierta de viña virgen y enredaderas, con un extenso pomar al fondo y encinas en rededor.»

Centro Gallego: órgano de la colectividad gallega en el Uruguay. Número 103. Julio de 1925. Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia

«Hoy hace 49 años que en su modesta casita llamada “La Matanza” de Iria Flavia (Padrón) enmudeció su brillante lira: entró en el Reino de la Inmortalidad la inspiradísima y tierna cantora de Galicia. Naciera en Santiago el 21 de febrero de 1835, en una casa del Camino Nuevo en una esquina a la acarretera de Conjo, en donde se supone también nació el eminente hombre público d. Antonio romero Ortíz por ser propiedad de los abuelos deste.»

Vida Gallega. 20 de xullo de 1934

«Que no pase bajo los porches del silencio una fecha como es aquella en la que hace cien años nació en Santiago de Compostela.- riñón de galleguidad-Rosalía de Castro y en una casa del Camino Nuevo -frontera ya dela ciudad con la aldea-la mujer más admirable de cuantas mujeres admirables parió Galicia.»

Cultura gallega: literatura, arte, geografía, gráfica, informativa. Ano II Número 21-22 - 1937 febreiro . A Habana. Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia

El recuerdo de Rosalía Castro evocado por las piedras de Compostela



Casa del Camiño Novo en la que nació la insigne poeta y abogada asturca «Ella Novas». — El portón y mancha do Sol, proximo das casas de os rreiros, que inspiró moitos dos seus versos e poemas de Rosalía Castro. — Fachada del Hospicio y de Santo Domingo, donde reposan las cenizas de la poeta. — Monumento donde se erige el árbol patrio que guarda la memoria Rosalía. — Estatua de Rosalía Castro, que se levanta en el paseo de la Hermandad. — Fotos G. G. G. G.

«Nació Rosalía en la casa del Camino Nuevo que hace esquina con la carretera de Conjo, casa que siendo propiedad de los abuelos del señor Romero Ortíz, es posible que hubiese nacido en ella también aquel hombre público...Canto á identificación da casa, a única que fai esquina ao Camiño Novo e á estrada de Conxo, é hoxe 1958, a que leva o número 1 da rúa de Felipe Romero Donallo. Pero a tradición en Compostela sinala como casa de nacemento de Rosalía, outra situada a continuación- por detrás da que leva o número 1 da Avinda de Villagarcía de Arousa- estrada de Conxo-. Esta derradeira casa fai esquina a dita estrada e a unha rúa ou calexón que é continuación e comenzo do que oficialmente se chama “Calle Nueva” . Niste anaco de rúa ou calexón, a casa onde naceu Rosalía é a segunda da dereita vindo do Camiño Novo, é dicir, avanzando cara o centro de Santiago; porque a primeira é a citada que fai o número 1 da Avinda de Villagarcía. A que nos interesa non ten número. Hai un portón por onde se pode entrar ao patio. Hoxe está ista finca convertida en dependencia do dono da taberna “La Parra”, establecida na que fai esquina á Avinda de Villagarcía. Frente á casa Rosaliá non hai fachadas, fora da entrada dun taller de ferrador; porque a unha banda e outra dan partes laterás das poucas casas que a dereita i esquerda se aliñan... A habitación onde nacéu a filla de doña Tereixa, está na parte outa, e ten unha fiestra que dá a un patio*...»

*No patio alto ao que dá a fiestra da habitación, onde se di que naceu Rosalía, medra hoxe un fremoso carballo...O que ela chamou “árbol patrio” fai garda a carón do esquecido berce.

Carvalho Calero, Ricardo (1981): *Historia da Literatura galega contemporánea*. Galaxia. Pp. 146-148

Ricardo, na cita 6, da páxina 148 da HLCG, na que describe a casa de nacemento de Rosalía, indica que a visitou o día 6 de agosto de 1958 «na compañía do Dr. Bouza Brey, que me informou dos fundamentos en que basea a súa convicción de que nela, e non noutra, nacéu Rosalía».

➤ *Vida gallega*, 30 de marzo 1933

A casa da Carreira do Conde. Unha casa para dúas décadas



Instantánea con efectos artísticos da Carreira do Conde. Google Earth

Don Ricardo presenciou desde a súa época de estudante a transformación urbana de Compostela tanto intramuros como a ampliación que se foi materializando no Ensanche e, en particular, a evolución da rúa da Carreira do Conde na que viviu, sendo testemuña do resultado dos diferentes plans de desenvolvemento urbano sobre os predios que se estendían pola que é a zona nova. Entre eses proxectos está o coñecido como o «ENSANCHE DA REPÚBLICA», chamado porque a súa aprobación e publicación se realiza en 1931, instaurada a República e que probablemente parte do informe do arquitecto municipal Constantino Candeira en 1926 de acometer as actuacións en dúas partes: “a primeira e a máis urxente centrada nas propostas de Laforet, Canovas e de la Gándara... que permitirían un desenvolvemento inmediato. A segunda solaparíase con aquela do acabado de anexionar municipio de Conxo”.

«desde ben entrado o século XIX, iníciase timidamente os traballos do primeiro ensanchamento residencial planificado fóra de muros nos terreos do sur, denominados agros de Carreira entre a zona que hoxe coñecemos como Rapa da Folla, rúa Montero Ríos e A Praza de Galicia.»

Pablo Costa Buján (2016): *Periferias e (des)bordes. Evolución urbana e cambios morfolóxicos. Santiago de Compostela 1778-1950*



Esta rúa é unha das rúas protagonistas no espazo narrativo de *Scórpio*. Non podía ser doutro xeito na *Compostela de Scórpio*. O espazo ten un valor simbólico para o autor e na obra que axuda a entendela.

Na imaxe a rúa da Carreira do Conde na actualidade. Street View. Google Maps

Ricardo Carballo Calero vive nesta casa desde 1968.

No curso 66-67 xa é profesor no Rosalía de Castro. Tamén ensina galego no Instituto de idiomas...

H. Rabuñal (2020):*Ricardo Carvalho Calero. O Anxo da terra. Galaxia*. P. 86



Ricardo viviu no 1º andar desta vivenda

NONA

O doutor Meilám deixou-na a iso das oito ao pé da súa casa, a de Julia, na Carreira do Conde. Como Eugénia lle dixera que durante a súa auséncia asistiría ás conferencias que a esa hora se celebravam no Social sobre o descubrimento de América, e sabía que Marinha a criada tería permiso até o día seguinte, abriu con a súa chave, como soia fazer nesses casos, sem chamar à porta. A casa estaba em silêncio, e Julia avanzou polo corredor até o dormitorio. Empurrou a porta e ao ver o que viu, deitou um terrível berro e caiu fulminada.

Scórpio (2019). Através Editora. P. 34



A avenida Juan Carlos I que queda por riba da Carreira do Conde onde residía Ricardo Carvalho Calero era a rúa que cruzaba para ir dar clase ao Instituto Rosalía de Castro. Daquela chamábase Avenida de Martínez Anido, na «honra» do militar ferrolán, exgobernador civil de Barcelona e ministro de Gobernación e de Defensa e mesmo vicepresidente, na Ditadura de Primo de Rivera (1923-1929). Este militar foi o que aplicara a «lei de fugas» e sufocara a folga xeral de 1919. O goberno da Segunda República expulsouno do exército. En 1938 Franco nomeouno ministro de Orde Pública e volveu ser un represor sanguinario. Outro exemplo de nome de rúa asociado á ditadura franquista desprazando topónimos antigos como sucedía en toda España e tamén na súa cidade orixinaria, denominada El Ferrol del Caudillo.

Martínez Anido aparece em *Scórpio* cando se describe o golpe militar de Barcelona e se dan os nomes dos compoñentes do directorio militar que se ía constituir.

Poderei algum dia regressar à minha terra?

Que vai ser de mim?

**PRANTO
POLAS
AMIZADES
MORTAS**

FRANCISCO FRANCO BAHAMONDE

Ao tomar o mando em Tetuám deste glorioso e patriótico Exército, envío às guarniçons leais para com a súa Patria a mais entusiasta das saudaçons. Espanha salvou-se. Podedes orgulhar-vos de ser espanhóis, pois já nom caberám no nosso eido os traidores

P.163

Fim da República. E a Galiza? Bóveda inmolado; Castelao, em Nova Iorque, Scórpio morto cabo de Cleo polas bombas da aviön fascista, nom sei se invejar a tua sorte. Se sobrevivo, e tenho sossego, talvez retome aquele projecto que outrora alimentei de escrever a túa história.. De inventá-la, pois foste sempe um misterio para mim. Mas quem pensa em escrever a história de um home agora que agoniza o mundo?

P.268

cedo, o jornal de Terro, *El Correo Gallego*. Lia-o mentres dexejava, e o meu pai, a essa hora, ainda nom saíra do seu quarto. Eu lia-o ao pé da janela, bebendo o meu café com leite, olhando a praça de Amboage, desde o meu alto andar, na rua Real, no palacio de Scórpio, a quem veria pouco depois no Colégio, para chegar ao seguinte a aquele onde se erguia a casa que habitava Scórpio. Scórpio, a quem veria pouco depois no Colégio, para chegar ao seguinte a aquele onde se erguia a casa que habitava Scórpio. qual, três casas abaixo da minha, nom sabia que empregara mais de uns poucos minutos. Eu lia o jornal, e o meu pai entrou naquele momento. O dia anterior soubéramos do golpe de estado, ou golpe militar de Barcelona, como o General viajara a Madrid e o Rei o encarregara de formar governo. Agora, o jornal dava nomes prováveis dos componentes do Directório militar que a constituir-se. Eu ia dizer-lhos ao meu pai, mas a este que lhe interessava artes que nada, era saber quem se encarregaria do Ministério de Governaçom. Eu dixem-lhe que se falava de Martínez Anido ou de outro senhor cujo nome esquecim. E o meu pai, como se estivesse na sua maõ escolher entre os dous, disse com seguro e perentório:

—Martínez Anido, Martínez Anido. Pois é-che a Governaçom de Espanha.

Agora já nom cre no Salvador, mas só na integridade o manifestador mor dos almirantes. Há gentes de muitas que som republicanas. Nom se lhe vê à Ditadura outra coisa que a República. Pocos sabem que o Rei pode sustentar a Constituição de Cánovas.

Continuamos indo ao Seminário, mas a natureza política de Scórpio, nom. Damo-lo por republicano e

Algo desfigurada, mais em certo modo mais formosa, jazia Cleo, flor tronchada, beleza mortal, pequena chama extinta, acarom daquele por quem tanto suspirara e sofrera nos tempos já alongados em que era umha rapariga admirada por todos e vivía com a sua irmá Eugénia, que a havia de atraiçoar, nun andar alugado da Carreira do Conde. P. 254

Hitler quer ser o dono do universo

SOM UM DESERTOR?

Todos os días é bombardeada Barcelona. Na presidência da República domina um ar fatídico de heroico derrotismo


P.260

A ESPE
RANZA TRON
ZADA

Scórpio: A crónica dun tempo de desastres e de derrota.

Reside fronte e a un paso do Rosalía





Hoxe, amais da placa na súa casa e unha rúa que leva o seu nome, Carvalho queda inmortalizado para sempre en Compostela nunha escultura fronte á súa casa, erixida o día 30 do mes de outubro de 2010, con motivo do seu centenario.

Esta escultura é unha peza con base granítica realizada polo escultor José Molares.



Como se apuntaba anteriormente, ser docente nun instituto que se chama Rosalía de Castro e volver ao edificio ao que xa ía cando albergaba o Seminario de Estudos Galegos é unha realidade á que semella que estaba predestinado. Entrará o 24 de novembro de 1965 como profesor e nel exercerá a docencia ata o 15 de marzo de 1972, cando gaña a Cátedra Universitaria de Lingüística e Literatura Galega. A partir deste momento, Compostela será de novo o seu espazo vital definitivo ata o seu pasamento en 1990. (Véxase a biografía de Carvalho Calero na RAG ou en Carvalho2020.gal).

«Houbo de pasar moito tempo até que eu puidese facer uso do meu título de licenciado, e máis aínda até que puidese facer de novo oposicións... quedamos un grupo que, por ter antecedentes penais, non podía reanudar a súa vida no sector oficial, e ..., cando xa non constituímos ningún perigo, autorizóusenos a rematar aqueles exercicios de maneira que, no ano 1965, eu puiden volver a Madrid e reanudar, en certo modo, aqueles exercicios. Como nesta etapa fun o número un da miña lista, pedín o Instituto Rosalía de Castro.»

Carme Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Galaxia. P. 46

A súa dona María Ignacia Ramos Díez tamén foi profesora no Rosalía. Ela incorpórase o 20 de novembro de 1968 e xubilárase neste instituto en 1980.



Portada do Programa do Festival do curso 1972/73 no que se representou *A farsa das zocas*, interpretado por un grupo de alumnas. Facilitado por Marta García-Brabo Beiras




Ilustración: Carvalho Calero explicando nunha aula. Real Academia Galega. Primavera das Letras: <https://primaveradasletras.gal/category/fichas-didacticas/>

Carvalho, neste período prepara e elabora as *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega*, publicadas en 1971, ano no que foi fundado o Instituto da Lingua Galega.

«No plano educativo, Ricardo Carvalho era tamén un especialista. Alén de sentar as bases teóricas dum sistema de ensino revolucionario con planificación alternativa à assimilista no Colégio Fingoi, durante un período de 15 anos testou a súa validez desde a dobre condición de director do centro e de profesor de materias da área das Humanidades. Deste xeito, en contacto directo con as equipas docentes, o alumnado, as familias e a administración, adquiriu coñecementos fundamentais para sentar as bases dum sistema xeral de ensino e para introducir nel as materias específicas de Lingua e Literatura. Da súa responsabilidade foi tamén a planificación da docencia dos estudos Filología Galega no ensino superior e o texto das normas ortográficas aprobadas pola Academia Galega en 1972.»

Bernardo Penabade. *O planificador lingüístico. À descuberta de Carvalho Calero*
https://carvalho2020.gal/wp-content/uploads/2020/03/A%CC%80-descuberta-de-Carvalho_BACH.pdf

No Rosalía, don Ricardo desenvolve unha docencia reflexiva e creativa na que utiliza canles de participación do alumnado na súa propia aprendizaxe (debates, recitais, representacións teatrais...), que son ademais excelentes oportunidades para o uso da lingua galega.

Carvalho xa exercera como profesor noutros centros privados. Tras o período en prisión, consagra a súa vida ao estudo e proxectaba reiniciar as súas actividades docentes segundo lle conta a Del Riego nunha carta en xullo de 1941. Noutra, de marzo de 1944, dille que profesionalmente a súa vida é endemoñada nas aborrecidas condicións ambientais que caracterizan os colexios privados. En Lugo, no Colexio Fingoi mesmo foi o director e dedicoulle moitas horas a este labor.

«E si, traballei moito en colexios privados, entre eles o Colexio Fingoi, claro está... e durante quince anos fun director. O cargo oficialmente titulábase conselleiro delegado do Padroado do Colexio Fingoi, que era un colexio experimental e que, aínda que non se regulamentaron, como nas leis se admitían, nós podíamos funcionar como colexio experimental. O feito de ter alumnos de distinto sexo era moi excepcional, ese carácter experimental permitiúnolo, como nos permitiu outra serie de innovacións. Dirixín ese colexio durante quince anos, vivindo alí interno e frecuentando o trato de persoas que entón representaban o máis brillante da vida intelectual da capital.»

Carme Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Galaxia. Pp. 47-48

Nos centros de ensino activou unha das súas paixóns: o teatro

O inicio do teatro moderno vén da man do primeiro drama galego, *A fonte do xuramento* de Francisco María de la Iglesia, no ano 1882. A época das Irmandades e de Nós deulle un pulo importante ao teatro. En 1919 a Irmandade da Coruña crea, coa colaboración de Antón Villar Ponte, en xaneiro, o Conservatorio Nazional de Arte Galega. En Maio estreará *Donosiña* de Xaime Quintanilla, quen o ano seguinte, en 1921, publicará *Alén*. E Cabanillas debutará no Conservatorio con *A man da santiña*.

A partir de 1922, o Conservatorio pasa a denominarse Escola Dramática Galega, que dirixirá Leandro Carré Alvarellos. Cotarelo Valledor publica *Hostia*. E van xurdindo novas obras, entre as que salientan *O Mariscal* de Cabanillas publicado en 1926. En 1927 aparecerá *A fiestra baldeira* de Rafael Dieste, teatro vangardista. Risco en 1928 publica *O bufón d'el rei*, incluída na colección de Teatro Galego da editorial Nós. Otero Pedrayo presenta a súa traxedia *A lagarada* etc. Anos máis tarde aparecerá *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, unha obra con moita historia na propia Compostela (léase o artigo de Laura Tato (2019): «Os vellos non deben de namorarse, de Castelao: xestación e recepción1». *Madrygal Revista de Estudios Gallegos*. Volume 22) e unha das máis populares do teatro galego, escrita en Nova York e estreada en Bos Aires en 1941.

O teatro foi un recurso das Irmandades da Fala para normalizar o uso do galego nas cidades. Ricardo convive con esta eclosión teatral e el mesmo vai ser un dramaturgo concienciado: foi lector e coñecedor do teatro clásico español e de autores doutras literaturas, como Shakespeare ou Ibsen. Escribe un bo número de pezas teatrais como *O fillo* e *Isabel*, *A sombra de Orfeu*, *Farsa das zocas*, *A árbore*, *O redondel* (*Li Hsing-Tao*) –teatro infantil–, *Auto do prisioneiro* e *Os xefes*.

A súa obra de 1982, *Teatro completo*, compila a súa obra dramática escrita entre os anos 1935 e 1980.



Foto: Compostela na memoria fotográfica

Carvalho lembraba que Castelao na praza do Tournal lle conta o argumento do que serían *Os vellos non deben de namorarse*.

Ricardo usou o teatro como recurso escolar. Nas conversas con Carme Blanco, a propósito do teatro no Colexio Fingoi, expresa o seguinte:

«ao principio pensouse en facer un teatro de tipo espontáneo que formase parte do sistema educativo, no que os propios nenos fosen urdindo a trama de certas obras e preferentemente improvisándoas e iso fíxose moitas veces... de maneira que conseguín que fixésemos representacións de obras xa escritas, aínda que moitas veces modificándoas para axeitala á capacidade dos pequenos actores, ás circunstancias da escena... e como eu tiña un grande entusiasmo e os nenos se prestaban admirabelmente ao labor, fixemos moito máis do que podíamos pensar nos primeiros momentos que era facedeiro. Presentamos moitas pezas...»

Carme Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Galaxia. Pp. 280-281



Na imaxe, Rodolfo López Veiga, no centro, axeonllado, rodeado de actores que interviron na obra a finais dos anos 40, na representación de *El médico a palos* de Moliere no salón de actos da Escola da Inmaculada.

Cando Carmen Blanco entrevista a Ricardo, en relación co teatro, o autor de *Scórpio* non pode esquecer nomear o compostelán **Rodolfo López Veiga**, cando fala da representación de *Os Vellos non deben de namorarse* no Colexio Fingoi, porque este actor e logo director teatral, que estrea en 1958, unha versión en galego de *Antígona*, de Anhouil, e que obtén un grande éxito de público e crítica, dedicouse, grazas talvez a este primeiro éxito, con moito entusiasmo ao teatro galego. E, en 1960, tras crear o grupo de teatro de Cantigas e Agarimos, que será durante máis de dez anos a única agrupación que fai teatro exclusivamente en galego, estrea, perante sete mil persoas, na praza da Quintana, a obra de Castelao (considerado no seu momento como un acto de clara reivindicación galeguista), á que lle seguiron outras moitas representacións.

Rodolfo levou á escena outras obras de Carvalho como *A farsa das zocas* ou *O auto do prisioneiro*. En 1970, por exemplo, o Día das Letras Galegas puxo en escena *A arbre*.

En 1970 crea o grupo de teatro Rosalía de Castro. En 1979 dirixe o Seminario de Teatro das Aulas da Terceira Idade, do Ministerio de Cultura. É autor de obras como *Canto para un poeta malencónico*, sobre textos de Rosalía, e de *Un home chamado Castelao*, que el mesmo monta e dirixe en 1980.

Traduciu ao galego obras de Alejandro Casona, Valle Inclán e do irlandés Signe. Pertenceu ao Instituto Internacional de Teatro da UNESCO. Foi secretario do Padroado Rosalía de Castro, presidente de Cantigas e Agarimos e da Unión Protectora de Artesáns. (Véxase a *Enciclopedia Galega*).

Rodolfo merece un recoñecemento que esta cidade e a cultura galega aínda lle está a deber.



A SENRA

Praza de Galicia





A Senra, nova porta da cidade:

«O novo barrio da cidade que se vai formalizando durante o século XIX, apóiase nunha nova rúa, importante pola súa escala, cun trazado paralelo ao antigo recinto amurallado entre a Porta Faxeira e a Porta da Mámoa. Esta rúa convértese nun nó de atracción no que conflúen os accesos máis importantes da cidade, de Vigo e da estrada de Ourense. Polo seu posicionamento estratéxico convértese na nova porta da cidade, punto de encontro de viaxeiros, fondas, hoteis, cafés...»

José Luis Pereiro Alonso (1996). *Rincones de Compostela*. P. 219



Unha cidade de pedra nas vellas fotografías. Foto facilitada por Pablo Costa Buján

Vista xeral do Campo da Estrela e o comezo da rúa da Senra á dereita en 1919. A fonte que se ve na imaxe, moi concorrida, foi trasladada fronte ao Colexio San Clemente. Hoxe está no recinto da Alameda en fronte do Instituto Rosalía de Castro.



A rúa da Senra cara á Fonte de Santo Antonio acolleu edificios modernistas e emblemáticos. Un deses edificios emblemáticos é o que albergou o Gran Hotel La Argentina cuxa terraza asoma á esquerda da imaxe. Esta rúa abría o seu espazo ao chegar ao infelizmente desaparecido Edificio Castromil. Pero ao fondo o protagonismo visual e referencial, ao comezar a andar esta ampla rúa, teno o edificio do Hotel Compostela desde que foi construído en 1927 no antigo predio do edificio da Inquisición, derrubado en 1913.




Fotos Santiso. Santiago. Camilo Agrasar Vidal. Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia

Imaxe do banquete no que se lle outorgaba a Ricardo Carvalho Calero o Pedrón de Ouro, en maio de 1967, no Hotel Compostela. Ricardo, no centro, con Otero Pedrayo e Pires de Lima á súa esquerda e Octavio San Martín e Avelino Abuín de Tembra á súa dereita. Poden verse tres bandeiras sobre a mesa, a española, a galega e a portuguesa. Ao fondo, unha pintura mural costumista galega.



Foto XRLB



Fronte ao Hotel Compostela, na Mámoa, con entrada pola rúa das Orfas e fachada na propia rúa da Fonte de Santo Antonio está o café Derby, que Carvalho lembra no seguinte texto:

«Os anos en que Seoane e mais eu (evoca o final do reinado de Afonso XIII) tripábamnos as lousas das rúas de Santiago. Uns e outros paseantes polo Vilar ou tertuliáns no Derby. Aínda que os dous estudamos Dereito e éramos da mesma idade, nunca coincidimos nos cursos. El ía retrasado con relación a min. Endebén sempre nos relacionamos amistosamente. Seoane fixo a miña caricatura, e mesmo concertamos que ilustraría un meu libro de versos que non chegou a publicarse. Lembro que daquela aparecera *Mar ao norde*, e Seoane se mostróu de acordo comigo en que a mellor das súas ilustracións era a do poema “Illa”.»

«Lembranzas de Luís Seoane», *Grial*, 65, 1979, pp. 274-280 e incorporado a *Libros e autores galegos. Século XX*, 1982, pp. 262-269 (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza)

A FONTE DE SANTO ANTONIO



A Fonte de Santo Antonio era unha rúa de paso para don Ricardo cara á travesía do Instituto. Esta rúa iníciase precisamente á altura do Derby e ten unha fonte de granito cun pío cadrado e un cano de bronce. Nunha inscrición no piar central que sostén un «florón» ou unha «cineraria» pon a data na que se instalou: 1840.

Fonte da Fonte de Santo Antonio




Foto XRLB

O TRÁNSITO DOS GRAMÁTICOS



Don Ricardo residiu na travesa do Instituto, rúa hoxe denominada Tránsito dos Gramáticos. Foi a rúa da súa segunda pensión como estudante. A rúa ten moi poucas casas. As do leste teñen acceso pola rúa de Mazarelos, polo lado do Patio de Madres. No número 1 viviu Heraclio Pérez Placer, médico ourensán, colaborador en distintas publicacións como a *Gaceta de Galicia*. Fundador da colección «Verde e rosa» que incluíu as súas *Narraciones compostelanas* (1904). (Véxase a *Enciclopedia Galega*. A imaxe sobreimpresa, que é un gravado de Mayer, aparece en *Veira do lar*. 1901).



Está rúa e a contorna, preto do instituto e da universidade (Facultade de Filosofía e Letras e Dereito e logo Filoloxía) é outro lugar premonitorio, a antecámara da universidade, do seu futuro profesional, na antiga escola de Gramática para el, autor da *Gramática elemental del gallego común*, publicada por Galaxia en 1966, e como profesor de instituto e de universidade. Esta rúa tamén vai formar parte do seu itinerario habitual na súa segunda etapa en Compostela (1965-1990):

«Em Santiago de Compostela, desde a Carreira do Conde á Praça de Maçarelos o trajecto é curto...Todos os días, entre oito e nove da manhá, pola Senra, A Fonte de San António e o Tránsito dos Gramáticos accede ao Mercado velho para entrar, sob o imponente escudo de armas que brasona a fachada, in eremum, quer dizer na sua Faculdade de Filología».

Louvança do vinho do Ribeiro (1980), en *Letras galegas*, p. 127, en José-Martinho Montero Santalha (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. P. 95. Cita 11



Quique Alvarellos. «Unha carruaxe para Hemingway». La voz de Galicia. Santiago. 29/05/2016



Facendo ángulo coa rúa Cardenal Payá está o edificio que albergou o Hotel Suízo, protagonista do ambiente intelectual da cidade, no que, como estudante universitario, Carvalho xa se estaba integrando e convertendo nunha figura sobranceira.

Naqueles anos hospedáronse neste hotel que fundou Antonio Mengotti: Hemingway, Ruth, Matilda Andersen –que revelaba os negativos nun laboratorio improvisado no propio cuarto do hotel– ou Edith Wharton, a autora de *A idade da inocencia*.

➤ Foto:<http://tm.santiagodecompostela.gal/es/mapa/ruth-matilda-anderson-en-el-hotel-suizo>.

A UNIVERSIDADE. A PRAZA DO INSTITUTO. A PRAZA DE MAZARELOS



As rúas a travesía do Instituto e a praza do Instituto evidencian a existencia do primeiro instituto de segunda ensinanza en Compostela, vencellado á universidade, creado ao abeiro dun Real decreto de 1845 promovido polo Plan Pidal. Os dous primeiros anos (1845-1847), o instituto estivo no pazo de San Xerome. Logo estableceuse neste edificio co nome de Instituto Xeral e Técnico. Durante o reinado de Afonso XIII e a Segunda República foi un centro de estudos mixto. Tras a Guerra Civil pasou a ser un centro masculino. Coa segregación creouse o instituto feminino, o «Rosalía de Castro», situado no edificio do antigo Colexio Maior San Clemente onde Carvalho Calero exerceu como profesor de Lingua e Literatura Española e no edificio do antigo instituto como profesor da universidade, primeiro como titular de Lingua e Literatura Galega da sección de Filoloxía Románica da Facultade de Filosofía e, Letras e a partir de 1972, como primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galegas.

UNHA LEMBRANZA NESTA PRAZA: O BAR VIÑO



A casa do Bar Viño, a carón do arco de Mazarelos.
Compostela na memoria fotográfica. Facilitada por Pablo Costa Buján

Constantino Candeira


Arquitecto municipal de Santiago de Compostela entre 1924 e 1930.

Foi membro do SEG, ocupándose da Sección de Catalogación Iconográfica de Galicia.

Pronunciou diversos relatorios sobre a arquitectura renacentista e barroca galega.

Entre as súas actuacións na cidade salientan a restauración da capela do Hospital Real, as obras na traída de augas e na rede de sumidoiros, o Proxecto urbanístico do Agro de Mendo, a residencia de estudantes e o campo de deportes que, finalmente, desenvolveu Jenaro de la Fuente.

Salientan tamén as actuacións na Casa da Parra e na praza da Quintana dos Mortos «con esa limpeza arquitectónica coa que a restaurou que non é posible ver ou falar deste recinto de tan fondo significado, sen recordar ó arquitecto Constantino».



Portada do libro de Begoña Soneira Beloso *O arquitecto Constantino Candeira*. Edicións do Castro. 2016. XRLB

Fernández Armesto lembrando a etapa de estudante e a súa relación con Carvalho revela que acudían ao Bar Viño a cear e xuntarse pola noite.

«Con relación a Ricardo eu xa o coñecía e trataba moito, por esa familiaridade que tiñamos os universitarios entón, porque os de Historia, Dereito e Químicas estabamos no mesmo edificio e paseabamos, entre clase e clase, continuamente polos claustros. Víaio todos os días e falabamos todos os días e lémbrome del moito porque tiñamos de vez en cando unhas ceas no Bar Viño, que estaba na praza do Instituto ao pé do arco de Mazarelos. Alí tiñamos unhas reunións polas noites ás que ía tamén Moralejo, Filgueira, García Sabell, Martínez López e tamén Ricardo. Viña ás veces Constantino Candeira, arquitecto municipal, que era moi amigo de Ricardo, moito máis vello ca nós.»

Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel...* Laiovento. Pp. 46-47



Intantánea actual desta praza. Googlemaps



**A PRIMERA PROMOCIÓN
DE
FILOXÍA ROMÁNICA
1961-1966**

No cadro do profesorado de arriba a abaixo e de esquerda a dereita:

Lucas Álvarez, reitor
Manuel Rabanal
Abelardo Moralejo
Moreno Baez
Hilario Saenz
Ricardo Carballo Calero
Benito Varela Jácome
Abuín Soto
(?)
María Luisa (Marisa) Rufas
Río Barja
Madame Jourdan (Gippini)
Ángel Rodríguez Villasante
Xosé Luis Manteiga

Don Ricardo ingresa como profesor adxunto provisional da Facultade de Filosofía e Letras á Cátedra de Filoloxía Románica nomeado por Orde ministerial de 30 de novembro de 1965 e toma posesión o 12 de xaneiro de 1966. Así consta no arquivo da Universidade.

Segundo testemuño ofrecido por Antón Santamarina, alumno desta promoción: «No ano 1963 instaurouse Filoloxía Románica en Santiago. Carballo veu para Santiago no curso 1965-1966. O derradeiro desta primeira promoción. Daba clase de Lingua e literatura Galegas en 5º (as dúas materias eran unha única asignatura). Ese mesmo ano ou ao seguinte comezou a dar tamén clases na Escola de Idiomas, pero eran voluntarias, eran cursos de extensión universitaria, aos que asistían xentes variadas, estudantes de calquera facultade e mesmo veciños de Santiago; non sei cantos anos deu nesa escola. Non tivemos profesores universitarios. Os tres únicos catedráticos foron Moreno (Literatura), Moralejo (Latin Vulgar) e Lucas (Paleografía). O resto foron catedráticos de instituto (Varela Jácome, Hilario Sainz, Abuín Soto, Carballo).»



Foto XRLB

Orla de Filoloxía Románica exposta na Facultade de Filoloxía

Ricardo, catedrático de Lingua e Literatura Galegas



Foto XRLB

Tras aprobar as oposicións á cátedra, Ricardo recibe as felicitacións por ser o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas. Un feito que el mesmo reconece porque Galicia reclamaba esta cátedra desde hai tempo. Así o expresa nunha carta escrita a Seoane agradecéndolle os parabéns.

9 marzo 1972

Sr. D. Luis Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta de felicitación con motivo das oposicións derradeirairamente celebradas para cubrir en propiedade a Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago. O amigo Piñeiro, coa súa admirable dilixencia, fixo chegar a nova aos catro puntos cardinaís, segundo resulta das mensaxes que me veñen todos os días.

Realmente, a noticia é importante, pero non polo feito episódico de ter sido eu o protagonista cáseque involuntario dos feitos, senón porque Galicia necesitaba e reclamaba desde hai tempo que se proveera esa cátedra. Eu pouco máis poderéi facer do que xa viña facendo. Intentaréi, como traballo inmediato, completar a miña Historia da Literatura Galega Contemporánea. Polo de agora, nin xiquera toméi posesión do cárrago, pendente de trámites administrativos.

A miña dona agradez moito os teus saúdos. De nós dous recibídeos moi cariñosas a túa dona e ti. E máis unha aperta moi forte do teu vello amigo.

➤ Unha das orlas na que don Ricardo aparece no cadro de profesores



Ricardo noutra das orlas do corredor do decanato.
Neste caso, a da promoción 1966-1971

O ano anterior, como xa se comentou, creouse o Instituto da Lingua Galega tras conseguir os apoios necesarios, da Academia e doutras institucións como a propia universidade.

A orixe deste instituto está no Seminario de Lingüística Románica que dinamizaba o catedrático desta disciplina Constantino García e que motivou o desenvolvemento de estudos e traballos moi importantes para a nosa lingua, tras un baleiro só cuberto polas obras de Carvalho (a *Historia da literatura galega contemporánea* ou a *Gramática elemental do galego común*) ou polo *Dicionario galego-castelán* de Franco Grande, de 1968.

A acta fundacional foi asinada o 26 de xullo de 1971. O seu primeiro director foi Constantino García. O vicedirector Manuel Díaz y Díaz e o secretario Ricardo Carvalho Calero.

Véxase o artigo de Serafín Alonso Pintos: «Investigar, elaborar, divulgar. O Instituto da Lingua da Universidade de Santiago de Compostela», na publicación *Lingüística galega. A contribución do Instituto da Lingua Galega*. Laborhistórico. Volume 3. Núm. 1. Pp. 49-62. Xuño de 2017.

Foto XRLB

Alumnos da primeira promoción de Filoloxía Románica
aparecen xa no cadro do profesorado na orla da promoción
anterior . Este é da promoción 1967-1972



Fila superior: Otero Tüñez / Constantino García / Moreno Báez / ?/ Carvalho / Díaz

Fila do medio: M. Lucas Álvarez / M. Rabanal / ?/ Madame Baltar / Couceiro/ Folgar

Fila inferior: Luís Iglesias / Ramón Lorenzo / ?/ Xose L. Rodríguez / Antón Santamarina / Viña Liste

Foto XRLB



No tribunal das oposicións en Madrid están moitos amigos de Ricardo. Presídeo Filgueira e constituíueno, Zamora Vicente, Alarcos, Abelardo Moralejo e Moreno Báez.

Carvalho obtén a cátedra con 61 anos.

A década de 1970-1980 foi moi intensa en Compostela, compaxina a docencia coa investigación e a divulgación. Foi o tempo da transición democrática. Publica traballos sobre os autores homenaxeados nas Letras Galegas. Algúns, moi amigos seus, como Cabanillas, en 1976, o ano no que falece Pedrayo.

Créase a subsección de Galego-Portugués e no 1979, ano do pasamento de Seoane e de Blanco Amor e foi nomeado presidente da Comisión Lingüística da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia para elaborar as *Normas Ortográficas do Idioma Galego*.



Imaxe da esquerda: Toma de posesión da Cátedra de Lingua Galega e Literatura Galega. 1972. Carvalho asina a posesión da cátedra

Na outra imaxe: Ricardo no despacho da facultade


Fonte: Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia



Ricardo con Tareixa Roca Sánchez, no despacho de profesor coa orla da primeira promoción de galego-portugués detrás deles.

Tareixa foi alumna desa 1ª promoción xunto a Anxo González, Manolo Castelao, Luís Cambeiro Cives, Vitoria Ogando, Manuel Ferreiro, María dos Anxos González Refoxo, Ramona Giráldez, María Xosé Queizán, María do Carme García Pereiro, Luís Gayoso Baqueiro, Carme Vázquez Castro, Manuel Figueiras Fernández, Francisco Salinas Portugal e César Morán.

Imaxe: Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia



Imaxe: Ricardo Carvalho Calero riseiro nun primeiro plano. Cedida por *El Correo Gallego*. Arriba, á esquerda, capa do libro *Problemas da lingua galega*, á dereita, a capa de *Da fala e da escrita*

Ricardo xubilábase da cátedra en 1980. O ano seguinte publica o libro *Problemas da lingua galega* co que a Editora Sá da Costa inicia a colección Noroeste, codirixida por Carvalho e Rodrigues Lapa. En 1983 editábase *Da fala e da escrita*, libro de estudos e de artigos. En 1984, *Letras galegas* (A Coruña: AGAL). En 1986, saen á rúa as *Conversas en Compostela con Carvalho Calero*, de Miguel Anxo Fernán Vello e Francisco Pillado (Sotelo Blanco). En 1989, *Escritos sobre Castelao*, editado tamén por Sotelo Blanco, e *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989), Ediciós do Castro.



No comezo desta década dos 80 publica o artigo «Novos testemuños gráficos do galego decer `dizer´», en *Verba, Anuario de Filoloxía*. Comeza a escribir en mínimos reintegracionistas. Fundou e foi nomeado membro de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Academia das Ciéncias de Lisboa, en 1981. Noméano membro de honra da AGAL. Xa este ano asina as súas obras como Ricardo Carvalho Calero. Segue atendendo unha gran demanda de actividades: xornadas, congresos, charlas, colaboracións en prensa, prólogos ou reedicións das súas obras.

Imaxe: Carvalho Calero fala nun acto da Academia o 17 de maio de 1980, en presenza de Marino Dónega, Domingo García-Sabell e Francisco Vales Villamarín (de esquerda a dereita). **Fonte:** RAG



Recibindo a medalla Castelao das mans do presidente da Xunta Xerardo Fernández Albor en 1985 no Hostal dos Reis católicos. Sentado, aplaudindo, o alcalde de Santiago Xerardo Estévez e Xosé Luis Barreiro Rivas, conselleiro da Presidencia.

Imaxe facilitada por *El Correo Gallego*



Imaxe: Carvalho ofrecendo unha charla nunha residencia de estudantes.
Con el, de esquerda a dereita, Carlos Casares, Araceli Herrero, Aurora Marco e Jose Luis Rodriguez.
Facilitada por *El Correo Gallego*



Imaxe facilitada por *El Correo Gallego*

Carvalho Calero facendo uso da palabra acompañado por José María Suárez Núñez, reitor da universidade; Antonio Rosón, presidente do Parlamento de Galicia; José Antonio Souto Paz, alcalde da cidade e Domingo García Sabell



No programa *A dúas bandas* da Televisión de Galicia, en maio de 1987, presentado por Manuel Fernández Areal, Carvalho considera que o galego persistirá ou non se o aparello político-administrativo facilita a persistencia, se está manexado por mans hábiles e orientadas nestas cuestións. Expón que non podemos considerar a nosa lingua como a lingua dun ámbito rexional, reducido, porque dese xeito o porvir será «sombrizo». O galego avanzou cara ao sur, colonizou a parte lusitana e, dalgunha forma, o portugués que, como o castelán, ten unha proxección non só peninsular, senón extrapeninsular. Que o galego debe ser unha lingua nacional e só pode resistir se se mantén en forma para ser internacional. O porvir do galego está en non desvincularse das outras formas do antigo galego-portugués que se manifestan como lingua extracontinental e que poden reforzar o galego depauperado en catro séculos de colonización lingüística castelá e poderlle facer fronte dentro da propia Galiza ao castelán... Ricardo defende, nestes anos, unha codificación da lingua que favoreza a súa expansión social.



Ricardo Carvalho Calero inaugura o Simposio de Literatura Galega estradense dedicado especialmente aos irmáns Valladares, Cabada Vázquez e García Barros.
Sentado: Pablo Porta Martínez, presidente da Asociación Cultural A Estrada.
Data: 17/09/1987.

Este ano publica *Scórpio*, que recibirá o Premio da Crítica de Narrativa.

Imaxe facilitada por *EL Correo Gallego*



O escritor e filólogo.
Detrás ,o alcalde
José Antonio Souto Paz.

Imaxe facilitada por *El Correo Gallego*



Ricardo, Fillo Ilustre de Galicia (1996), seguirá sempre vivo nesta acrópole da cultura.

A base deste traballo é o libro ***Scórpio (2019) de Através Editora***.

Esta novela, editada con motivo da Letras Galegas 2020 dedicadas a don Ricardo Carvalho Calero, serve como referencia actual e accesible para o uso didáctico e escolar e como guía do desenvolvemento de posibles rutas pola cidade dos itinerarios que conforman a estrutura secuenciada.

As fontes principais do traballo son:

-José-Martinho Santalha (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Edicións Laiovento.

-Carmen Blanco (2020): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Editorial Galaxia.

-Henrique Rabuñal (2020): *Ricardo Carvalho Calero. O anxo da terra*. Editorial Galaxia.

-Aurora Marco (2020): *Foula e Ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Carvalho Calero (1910-1941)*.

Consultáronse, practicamente, todas as obras publicadas este ano 2020 con motivo das Letras Galegas. Tamén se tiveron en conta outras moitas de anos anteriores e as propias obras de don Ricardo. Consultáronse arquivos e fontes documentais. Seleccionáronse cartas do seu epistolario, da correspondencia intercambiada coa familia e coas súas amizades. Ofrecense amais noticias de prensa, poemas, fragmentos da súa *Historia da literatura galega contemporánea*. O traballo é en si mesmo unha crestomatía, unha escolma que pretende mostrar, con detalle, quen é Ricardo no século que lle tocou vivir e como é a Compostela na que viviu, a que nos relata en *Scórpio* e na que deu o mellor del para e por Galiza.

O outro testemuño importante é o gráfico. As imaxes dan visibilidade, proxectan o espazo vivido, habitado, o espazo compartido, o espazo afectivo do autor. Permiten reconstruír a súa vida no marco da acción da súa novela, da súa vida.

No traballo, están indicadas as fontes de todas as citas e referencias bibliográficas utilizadas, das noticias de prensa e das imaxes empregadas.

COLABORAN

